

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17**

### **SESION ORDINARIA DO 26 DE XULLO DE 2010**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Abelairas Rodríguez, Isaura  
Caballero Alvarez, Abel Ramón  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Díaz Vázquez, Raquel  
Lago Rey, María Jesús  
López Atrio, Laura  
López Font, Carlos  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
López Carreira, Xesús  
Méndez Piñeiro, María  
Velo Ríos, Iolanda

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Beiro Diz, Pablo José  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Conde Gil, Jorge  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José Manuel  
García Míguez, María Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Larriba Leira, Elvira  
López-Chaves Castro, Ignacio  
Martiño Gómez, Antonio  
Muñoz Posse, Carlota  
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vinteseis de xullo do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Velo Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os

membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (151).- ACTAS ANTERIORES. (S. ORDINARIA. 22.03 E EXTRAORD. 09.04.2010).

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas do Pleno da Corporación das sesións ordinaria do día 22 de marzo e extraordinaria do 9 de abril de 2010.

2.- (152).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de xuño e 26 de xullo de 2010.

3.- (153).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de xuño e 26 de xullo de 2010.

4.- (154).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE Ó PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2010.

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido polo interventor xeral deste Concello en data 13 de xullo de 2010:

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Regra 105 da orden EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local, a base 3ª das de execución orzamentaria para o ano 2010, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral municipal ou o órgano que teña atribuída a función de contabilidade, remitiralle ó Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro semestre, téndose remito por conduto da Presidencia segundo informe desta Intervención Xeral do 9 de marzo, os estados de execución do primeiro trimestre, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables ata o 31 de marzo de 2010.

A información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflexa a situación inicial, cobros e pagos así como a situación final.

En canto os estados dos organismos autónomos administrativos, a información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. As institucións son: organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios. En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final.

Achégase igualmente un estado relativo á recadación e pagos tanto de presuposto corrente como de pechados”

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Una vez máis presentamos ante este Pleno os datos da xestión deste goberno, xestión que demostramos que é transparente e eficaz. Transparente porque cada trimestre este goberno presenta as súas contas ante este

Pleno e ante a cidade, algo que por suposto non facía o Partido Popular cando gobernaba; e é eficaz tal e como o demostran os datos.

Xa se recadou o 43,23% dos ingresos en seis meses, o 50% do gasto xa está comprometido, hai 100 millóns de euros en obras e servizos xa realizados na cidade, hai un 95,61% de pagamentos realizados, o 60% do investimento xa está contratado, hai 50 millóns de euros en investimentos, en obras que xa se están executando e todo isto con 73 millóns de euros na Tesourería deste Concello.

Pero o máis importante é que detrás destas cifras están os feitos: humanizacións masivas por toda a cidade, como López Mora, Pi i Margall, Eugenio Kraft, Vilagarcía de Arousa, Paulino Freire, Sagunto...; parques infantís para o seu uso polos máis pequenos da nosa cidade como o de Zamáns, A Florida, Mestre Montes, Samil, Párroco José Otero, Ernesto Lecuona, Navia...; pistas deportivas para os mozos, bio-saudables para os maiores; bolsas de inglés ós nosos estudantes para que poidan acceder o día de mañá a un traballo digno en igualdade de condicións; asistencia domiciliaria ós nosos dependentes; a recuperación do Casco Vello; a recuperación e mellora das nosas praias, entre elas a de Teis, as da ETEA (porque Teis tamén pertence a Vigo) ou a de Samil que é símbolo indiscutible da nosa cidade; bancos para o descanso dos nosos maiores; apoio ó pequeno e mediano comercio nun momento coma o actual; promoción do turismo na nosa cidade que no Ano Xacobeo está esquecida por parte da Xunta; garderías. Estes son só algúns dos exemplos dos feitos que están detrás dos datos orzamentarios: investimento, educación, benestar social. Estes son sen dúbida os eixes e os piares sobre os que se asentan os datos de execución deste orzamento cunha meta clara e irrenunciable: a xeración de emprego.

Dado que a Xunta e a Deputación non invisten en Vigo o Sr. Alcalde, D. Abel Caballero, ponse á cabeza da loita por combater o desemprego desta cidade con 8.268 empregos xerados no ano 2009, e seguimos nesa loita porque o obxectivo fundamental nun momento como o actual é a xeración de emprego. Por iso onde outras institucións non están, onde a Xunta ou a Deputación non están, aí está o alcalde investindo, transformando a cidade e facendo políticas activas de emprego porque só se pode xerar emprego nunha cidade se se inviste e se defende esa cidade.

Ese foi o obxectivo que se presentou este goberno con este orzamento e con este obxectivo estamos executando este orzamento e seguiremos executándoo, Máis

emprego, educación, benestar..., iso é o que nos move cada día, que os vigueses teñan un traballo digno, que os nosos nenos e mozos teñan unha educación igualitaria e con espazos de lecer e que os nosos maiores dispoñan de espazos de descanso e esparexemento.

Os datos poden ser fríos pero reflicten realidades: 8.268 empregos creados, 8.000 familias cun traballo digno; esa é a realidade que hai detrás dos orzamentos. Seguiremos traballando e executando os orzamentos para crear aínda máis emprego, para que máis familias viguesas teñan traballo. Como dicía antes, o emprego é e será o obxectivo irrenunciábel que aparece nos orzamentos e polo que seguiremos traballando.

SR. CONDE GIL: Sra. Díaz, vostede repítese moito. Teño aquí a acta do segundo trimestre do 2008 e son as mesmas palabras, é vostede pouco orixinal, ven sempre dicir o mesmo. Non falou nada da liquidación do orzamento, falou de humanizacións, de bancos, turismo, garderías e dunha grande falsidade como nos teñen acostumados, dixo que se xerou emprego. Vostedes non xeraron emprego, o que xeraron nesta cidade é desemprego, 12.000 parados máis dende que goberna o Sr. Caballero. Sei que non lles gusta que llo diga.

Eu non estou aquí para defender outras administracións pero si que ás veces é necesario desvelar algunha pequena ou grande mentira que están dicindo vostedes, porque a Xunta de Galicia investiu 9 millóns de euros para a xeración de emprego nesta cidade. Xa non vou sacar o recorte de prensa que teño un pouco gastado pero quero lembrar que aquí quen prometeu o pleno emprego e quen ía colgar o cartel do pleno emprego foi o Sr. Alcalde e no mitin que nos deu o pasado venres nun acto institucional volveu insistir no mesmo, nunha grande falsidade, nunha gran mentira. Onde están os 8.268 empregos? Vostedes mesmos se contradín, dánlles diñeiro ós sindicatos para que lles controlen as obras, o que por outra banda lles corresponde ás empresas e eses mesmos sindicatos atácanlles, estanlles dicindo que non se está xerando ese emprego e é o alcalde quen o día seguinte sae na prensa dicindo, esixíndolles ás empresas que contraten a xente de Vigo. En que quedamos? Estase recorrendo ós parados de Vigo ou non? O propio alcalde cae na trampa, por unha banda di que si e pola outra esíxelles ás empresas que o fagan co que está recoñecendo que non, que está mentindo.

Como a mentiras deste goberno estamos máis que acostumados, a verdade é que

agora no estado de execución do orzamento ata é curioso porque en moitas das páxinas nas que viñan os tantos por cento no pasado exercicio, este ano desapareceron porque o que están intentando vostedes é unha falta total e absoluta de transparencia na xestión municipal, porque saben perfectamente que ocupamos os últimos lugares en transparencia na xestión municipal e iso só se lles pode achacar a vostedes, a un goberno ó que non lle preocupa para nada a cidadanía, que o único que lle preocupa é a foto.

Non sei como fala vostede de 8.268 empregos, podería dicir 16.000 ou 50.000, pero o único dato obxectivo é o que dan as listas do INEM: case 12.000 parados máis na cidade dende xuño de 2007. Ese dato, Sra. Díaz e Sr. Caballero, non o poden manipular vostedes porque é oficial. Non falemos xa da EPA, aí dá igual que poñan vostedes tantos por centos ou que non, o caso é que non sei por que pero vostedes non os puxeron.

Falou dunha cifra de ingresos pero esta é de pouco máis dun 10% de impostos directos. En taxas, prezos públicos e multas, iso si, vai un pouco mellor, o dobre, un 22%. Nalgún outro aspecto xa é insignificante, un 2,6% e en gastos exactamente igual.

Sra. Díaz, falou de moitas cousas, falou de garderías pero, onde están esas garderías? Onde está toda aquela ringleira que era o seu anuncio electoral que aínda me lembro da foto cun grande sorriso do alcalde? Con ese grande sorriso vaille pasar o mesmo que ó presidente do Goberno, que se vai transformar nunha grande decepción porque teño aquí o acordo marco de goberno e isto é papel mollado, non fan nin no que se inviste, nin no que fai falla diñeiro. Tiveron vostedes un regalo, tocoulles a lotería e son como aquel que lle toca a lotería e non a sabe investir e ós dous anos non ten nada. Iso mesmo fixeron vostedes co Plan E. Tiveron unha oportunidade extraordinaria que converteron nun gran fracaso para cambiar lousas. Dixo que se xeraron 8.268 empregos e os propios sindicatos din que non e que por riba non son empregados de Vigo. Claro que cada vez que se lembra que non son empregados de Vigo o alcalde chámanos xenófobos. Quero lembrar que o Plan E era para contratar xente desempregada da cidade de Vigo, vigueses e viguesas porque hai máis de 8.000 familias que teñen a todos os seus membros en paro, Sra. Díaz, e cada vez hai máis xente que ten que ir ós centros de beneficencia para poder comer, vestirse, darlles un xoguete ós seus fillos e púidose ver nunha ampla reportaxe que viña esta fin de semana nun medio de comunicación. Iso é o que nos tiña que

preocupar a todos, pero a vostede e a este goberno ó que só lles interesa é a fotografía e a maquillaxe, mentir dicindo que se xeraron 8.268 empregos pero iso non o cre ninguén. Mesmo os que vostedes lles dan 30.000 euros para vixiaren as obras estanlles metendo o dedo no ollo, estanlles dicindo que é mentira, din que son vostedes uns mentireiros. Vostede bota balóns fóra, dedícase coma sempre a falar doutras administracións. Maxino que na súa seguinte intervención falará de Madrid que é o que nos ten acostumbrados.

Esta liquidación do orzamento o único que demostra é que vostedes xestionan moi mal, teñen un suspenso e así ocupan nas estatísticas os lugares que ocupan. Claro que como non lles guste o que di a estatística ou un determinado organismo ó único que se dedican é a criticalo, deostalo e dicir que está comprado ou que pediron diñeiro para non sei que.

A realidade está aí e non é só o que diga o Partido Popular porque o sindicato nacionalista CIG a semana pasada púxoos a “pan pedir”. Vostedes dixeron que son uns xenófobos e por outra banda estaba o alcalde dicíndolles ás empresas que teñen que contratar xente de Vigo.

Hai que ter cara dura política, ser mentireiro para por unha banda dicir que se xeraron 8.268 empregos na cidade e por outra dicirlles ás empresas que teñen que contratar xente de Vigo. Por que o fai? Porque menten constantemente.

Invítoa e píddolle que para a próxima vez sexan un pouco máis transparentes na información que facilitan. Non me importa facer tantos por cento pero se perde bastante tempo. A liquidación do ano pasado era moito máis clara cos tantos porcentuais ó carón das cifras, este ano eliminárono e iso foi por escurantismo, porque non lles interesa facilitar estes datos, porque saben que son non malos, senón moi malos e denotan a súa falla de xestión, que é un goberno que non soubo manexar ese premio que foi o Plan E, que non soubo manexar un orzamento.

A vostedes só lles preocupan as grandes cifras: 100 millóns, 90 millóns, 80 millóns..., pero á hora da realidade o que hai son 12.000 parados máis e, iso si, moitas lousas na cidade e algunhas mal colocadas.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Está claro que a única palabra que sabe utilizar o Partido Popular é mentira, de todas as que dixo o que máis repetiu foi “mente” pero non achegou en ningún momento ningún dato real ou fiable.

Comezou dicindo que repito, que son pouco orixinal. Claro que somos pouco orixinais

e repetimos porque tamén o que fixemos o ano pasado foi transformar a cidade con humanizacións, tamén foi xerar emprego, facer parques infantís e colocar bancos. Levamos traballando nisto tres anos, Sr. Conde, algo que vostedes non fixeron. Claro que vostedes non teñen ese discurso porque non fixeron nada e por iso non poden falar de que fixeron cen rúas, cen parques infantís, de que recuperaron as praias; non ten ese discurso porque os seus orzamentos non dicían iso porque non fixeron nada pola cidade.

Con respecto ós datos de desemprego: foron exactamente 8.268 os empregos xerados por este goberno, contados programa por programa, contratación por contratación. Xa sei que non lle gusta e entón di que están inventados pero se lles deu toda a información, todo o mundo ten toda a información de como se foron xerando os distintos empregos en todos os contratos, sumados os contratados, máis os desempregados, máis as ampliacións; exactamente contados un a un e por iso dan 8.268.

É certo que hai 12.000 parados máis nesta cidade, sempre o recoñecemos, pero a gran pregunta que tamén facemos é, que está facendo o Sr. Núñez Feijóo por eses 12.000 parados? Porque teño aquí a hemeroteca: “Contrato de Feijóo cos cidadáns: Punto 1. Combater o paro como máxima prioridade do goberno e recuperar a senda de creación de emprego garantindo a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres”. Esta si que é a gran mentira porque o Sr. Núñez Feijóo non está a facer absolutamente nada por esta cidade. Voulle dar un dato porque o que teño si son datos da política de emprego da Xunta con respecto a Vigo e con respecto a outros concellos que son do Partido Popular. En Vigo, en total con 27.000 parados, a Xunta inviste este ano 22,5 euros por parado e no Porriño, onde houbo unha moción de censura e agora está o Partido Popular, inviste por parado 117 euros, catro veces máis inviste no Porriño que en Vigo. Así é como a Xunta está defendendo Vigo e iso é o que a vostedes non lle gusta, ter que recoñecer que o seu propio partido non está a facer nada por esta cidade.

O peor é que vostedes, que son concelleiros de Vigo, defenden á Xunta que non fai nada por Vigo e non defenden ós vigueses. Nós estamos aquí, fomos elixidos para defender ós vigueses e é o que estamos a facer.

Logo dixó que desaparecen datos, que desaparecen as porcentaxes. Houbo un cambio informático, Sr. Conde, se vostede me preguntara eu diríallo e se a vostede lle dá tanto traballo calcular as porcentaxes llos calcularía eu porque acabo de ver



que ata os calculou mal, porque esas porcentaxes do 10% son falsos, son o 40% de ingresos, son o 90% de pagamentos, son 100 millóns de euros gastados xa, 60 millóns de euros comprometidos.

Despois, cando de novo volve utilizar a palabra mentira e a palabra alcalde con respecto ás contratacións, ten que saber que as empresas teñen unhas obrigas que cumprir e entre elas, neses contratos asinados figura o persoal mínimo, o incremento de persoal e os desempregados de longa duración que están obrigados a contratar. Isto é o que lles esiximos en contratación. O que o alcalde dixo foi unha advertencia: “Ou cumpren cos seus contratos ou se lles acaba o contrato” así de sinxelo porque senón, vostede que entende de leis sabe que é incumprimento de contrato e motivo para a súa rescisión. Iso é o que se dixo. Se realmente iso é certo, porque a nós en ningún momento nos chegou esa denuncia, rescíndeselles o contrato ás empresas e obrígaselles a cumprir co que teñen obriga. Iso é o que estamos facendo e por iso se contratou a unha comisión de sindicatos onde están todos, para que vixíen.

*Do anterior a Alcaldía-presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

#### 5.- (155).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA INVESTIMENTOS NA ÁREA DE EDUCACIÓN. EXPTE. 395/440.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido polo interventor xeral en data 21 de xullo de 2010:

“Con data 14 dos correntes, o Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación, incoa expediente de modificación de créditos (crédito extraordinario) para dotar de crédito adecuado para investimentos na Área de Educación, especificándose a partida que financiará o crédito extraordinario.

O referido expediente recíbese nesta Intervención Xeral para a evacuación do preceptivo informe en data 20/07/2010.

A devandita modificación implica, conforme ao estipulado polo artigo 177 do Real Decreto 2/2004, de data 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a aprobación de un expediente de concesión de crédito extraordinario, ao non existir no presuposto vixente crédito presupostario co que atender o mencionado gasto e non poder demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo do interese xeral, tal e como se acredita no informe-memoria que se achega.

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

O financiamento para afrontar a devandita modificación farase, con cargo á minoración da partida que figura reflectida no informe asinado polo xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo seu concelleiro delegado, así como pola concelleira de Educación, área xestora á que van adicados os créditos.

Este financiamento proposto cumpre co requisito do artigo 50 do RD 500/90 onde se establece que “pode darse de baixa por anulación calquera crédito do orzamento de gastos ata a contía correspondente ao saldo de crédito, sempre que a devandita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo”, comprobándose que os créditos que se propoñen para anulación non están comprometidos, facéndose neste momento procedemental a correspondente retención de crédito para a súa imputación á presente modificación.

Este expediente someterase, segundo o preceptuado polo citado artigo 177 do RD 2/2004, a aprobación plenaria, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán así mesmo de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade dos presupostos a que se refire o artigo 169 do citado Real Decreto.

| <u>PARTIDA</u> | <u>CONCEPTO</u>                                      | <u>APLICACIÓN</u> | <u>IMPORTE</u> |
|----------------|--|-------------------|----------------|
| 3210,6310006   | Mellora urbanización zonas xogos CEIPs               |                   | 100.033,14     |
| 3210,6320001   | Ampliación comedor CEIP Canicouva                    |                   | 50.001,14      |
| 3210,6310001   | Recollida pluviais El A Guía                         |                   | 9.491,88       |
| 3210,6310002   | Acondicionamento zona exterior CEIP Canicouva        |                   | 13.000,00      |
| 3210,6310003   | Acondicionamento zona exterior CEIP P. Laxeiro       |                   | 26.500,00      |
| 3210,6310004   | Acondicionamento zona exterior CEIP Cabral           |                   | 12.500,00      |
| 3210,6310005   | Acondicionamento zona exterior e mellora CEIP Igrexa |                   | 32.200,01      |

| <u>PARTIDA</u> | <u>CONCEPTO</u>                      | <u>ORIXE</u> | <u>IMPORTE</u> |
|----------------|--------------------------------------|--------------|----------------|
| 9220,6320004   | Sistema seguridade edificio Concello |              | 243.726,17”    |

Visto o anterior, con data 21 de xullo a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de xullo, ditamina favorablemente a devandita proposta.

INTERVENCIÓN DA SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Un dos obxectivos deste goberno é a educación. Este goberno está facendo unha aposta moi forte pola educación. Falábamnos de que neste momento estabamos construíndo tres garderías que foron aprobadas no Plan E pero á parte diso, xa que a Xunta non está investindo en educación no Concello de Vigo, xa que levamos insistíndolle á Xunta que ten que

investir no Concello de Vigo, presentamos unha modificación orzamentaria por un total de 244.000 euros que ten coma obxectivo investir en educación, investir nos colexios públicos. Queremos mellorar as zonas de xogo para os nosos nenos, pero tamén queremos mellorar os comedores.

Nestes momentos dobráronse as solicitudes de bolsas de comedor nos colexios da nosa cidade e a mágoa é que non existe infraestrutura axeitada nos colexios para lles dar de comer a todos os nenos vigueses que o están solicitando. Falamos coa Xunta de Galicia para lle pedir que incrementaran os comedores para lles poder dar de comer a todos os nenos vigueses que nos están a pedir bolsas de comedor e a Xunta díxonos que non. Xa que a Xunta non inviste en Vigo, imos investir nós. Por iso presentamos unha modificación orzamentaria que ten como obxectivo incrementar os investimentos en educación nos colexios da nosa cidade por un importe de 244.000 euros, co obxectivo de mellorar comedores, recollida e evacuación de pluviais, as zonas para acceso dos propios colexios e en total vaise actuar en máis de dez colexios desta cidade xa que a Xunta non inviste en Vigo. Quero deixar claro que non é obriga deste Concello pero o queremos facer porque si temos obriga moral de investir nos colexios dos nosos nenos e nenas vigueses.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 78/2010 por un importe de 243.726,17 euros, có desglose e aplicacións que figuran no presente expediente e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria por un importe de 243.726,17 euros, ten a súa orixe en baixa doutra partida.

| Partida/proxecto | Concepto                                   | Créd.a minorar |
|------------------|--|----------------|
| 9220.6320004     | 2ª anualidade seguridade edificio Concello | 243.726,17     |

|  |            |
|--|------------|
| Total orixes para financiamento do C. Extraordinario | 243.726,17 |
|--|------------|

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, as partidas que é obxecto das aplicacións de recursos son as seguintes:

| Partida/proxecto  | Concepto                                  | Créd. habilitar |
|---|---|-----------------|
| 3210,6310006/10321001                                   | Mellora urbanización patios CEIPs         | 100.033,14      |
| 3210,6320001/10321002                                   | Mellora comedor CEIP Canicouva            | 50.001,14       |
| 3210,6310001/10321003                                   | Recollida e evacuación pluviais El A Guía | 9.491,88        |
| 3210,6310002/10321004                                   | Mellora zona exterior CEIP Canicouva      | 13.000,00       |
| 3210,6310003/10321005                                   | Mellora zona exteriores CEIP P.Laxeiro    | 26.500,00       |
| 3210,6310004/10321006                                   | Mellora accesos CEIP Cabral               | 12.500,00       |
| 3210,6310005/10321007                                   | Mellora accesos CEIP Igrexa               | 32.000,01       |
| Total aplicacións de fondos para crédito extraordinario |   | 243.726,17      |

Segundo.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria (MC 78/10) polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Terceiro.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Cuarto.- De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

6.- (156).- SOLICITUDE Á UNICEF DE RECOÑECIMENTO DE VIGO COMO “CIDADE AMIGA DA INFANCIA”. EXPTE. 11881/332.

ANTECEDENTES.- A concelleira delegada de Educación, Sra. López Atrio, presenta memoria titulada “Vigo, cidade para a infancia”, para a súa remisión á presidenta de UNICEF España, e informa do que segue:

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

“A cidade de Vigo ten demostrado dende hai anos un especial interese no desenvolvemento e organización de actividades adicadas á Infancia. Dito interese xa se puxo de manifesto coa aprobación no ano 1992 da “carta dos dereitos dos nenos e nenas de Vigo”, creando no ano 1999 o Consello Asesor da Infancia e promovendo a participación infantil no Pleno que se celebra anualmente no Salón de Plenos do Consistorio.

Considerando estas e outras actuacións que se detallan na memoria que se achega no expediente, elaborada polo Servizo de Educación deste Concello, é vontade desta Concellería solicitar á UNICEF o recoñecemento de Vigo como “Cidade amiga da infancia”, conforme aos requisitos recollidos no “Protocolo de recoñecemento de cidades amigas de la infancia” que se achega co expediente.”

Polo exposto a delegada de Educación emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 19 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

INTERVENCIÓN DA SRA. LÓPEZ ATRIO: É a segunda vez que esta cidade solicita pertencer coma organismo a “Cidades amigas da infancia”. Na primeira ocasión non se obtivo resposta e non hai moito que se volveu solicitar. Nesta segunda ocasión confiamos en que si nolo consideren porque a información que se enviou do que fai este Concello pola atención á infancia é moi considerable.

Hai dous apartados moi importantes que temos que ter en conta para poderen ser de “Cidades amigas da infancia”, de teren ese título tan importante e ás veces tan difícil de conseguir. Un dos apartados é a participación infantil nas decisións da cidade, polo menos a maneira de organizar que poida opinar a infancia de 0 a 18 anos, un lugar no que polo menos poida pedir, solicitar, opinar e proporcionarlle a este Pleno as súas inquietudes, preocupacións e necesidades.

Para iso temos tres elementos no Concello de Vigo: o Pleno municipal infantil que se realiza cada ano e onde, a través da correspondente organización, se presenta un tema esencial por ano para traballar non só nas escolas, senón tamén entre os nenos e nenas e expoñelo no Pleno. Unha segunda organización que temos actualmente é a oportunidade de participación no Consello Escolar Municipal de Vigo. Afortunadamente conseguimos unha gran participación do alumnado que forma parte dese Consello Escolar Municipal. Agardamos que este organismo dea moita información e proporcione moita demanda por parte do alumnado, rapaces e rapazas menores de 18 anos. Un terceiro elemento é o Consello Asesor da Infancia, algo que

temos que desenvolver e que ten que funcionar mellor pero que esperamos que a partir de agora sexa posible.

Un segundo apartado moi importante é ter un plan da infancia cun marco legal, con bases reguladoras de programas de axudas municipais para libros e comedores, para convocatorias específicas de subvencións, para regulamento orgánico e funcionamento dos consellos. Ten ademais unha estratexia de dereitos da infancia onde se realizan accións por parte de todas as concellerías de xeito que poidamos atender ás necesidades destas idades. Ademais temos tamén que formular unha análise e avaliación das políticas da infancia que entre outras cousas xorden polas persoas xestoras de cada unha das concellerías e tamén pola demanda que fan os usuarios destas concellerías. Temos que ter en conta os orzamentos que cada concellería ten para nos dedicar a atender ás súas necesidades e difundir todas as propostas que nos fai a propia infancia.

Este documento que presentamos para solicitar que sexamos parte de “Cidades amigas da infancia” ten 150 páxinas informativas de todo o que se traballa en Vigo con relación a estas idades de 0 a 3 anos. Nel aparece información da Concellería de Educación, de Xuventude e Igualdade, Cultura, Benestar Social, Deportes, Economía e Facenda, Limpeza e Parques, Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Patrimonio Histórico, Participación Cidadá, Mobilidade, Transporte e Seguridade, de entidades privadas e públicas colaboradoras e enlaces da web de interese sobre a infancia. É un documento que leva ademais unha serie de protocolos dun total dunhas 30 páxinas que informan claramente dos contidos da cidade de Vigo.

Coido que nesta ocasión a información é suficientemente clara e ampla para que a cidade pase a ser “Amiga da infancia” por todas as actividades que nela realizamos.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Adherirse ao proceso de recoñecemento de Vigo como “Cidade amiga da infancia” do programa do mesmo nome da UNICEF.

7.- (157).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PERI IV-01 SAN ROQUE A-APR A-4-07. EXPTE. 11804/411.

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

ANTECEDENTES.- Con data 31 de maio de 2010 o arquitecto municipal, o técnico de administración xeral e mailo arquitecto director da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa conformidade da xerente, emiten o seguinte informe:

#### “I. FEITOS/ANTECEDENTES

1.- O «PERI IV-01 S. ROQUE - A» é un Plan Especial de Reforma Interior (PERI) en solo urbano previsto no PXOM-1993 que se redactou e tramitou polos servizos técnicos municipais, previa aprobación definitiva o 29.07.2002 da modificación puntual núm. 23 do PXOU-93 (BOP núm. 184, do 25.09.2002 e DOG núm. 192, do 04.10.2002). Foi precedido dun documento de *Avance* e aprobouse de maneira definitiva por acordo plenario de data 28.06.2004, publicándose a súa normativa e ordenanzas no BOP de Pontevedra núm. 164, do 25.08.2004. No momento actual atópanse en execución os polígonos núms. 3 e 4.

2.- No PXOM vixente, o ámbito do «PERI IV-01 S. ROQUE - A» aparece clasificado en parte como solo urbano consolidado SUC-API-68 (constituído polo SUC xa considerado no propio PERI e, ademais, polo Polígono núm. 4, que conta con proxecto de equidistribución e de urbanización aprobados definitivamente) e, na outra parte, como SUNC (APR A-4-07), formado polos ámbitos dos tres polígonos pendentes de desenvolver.

3.- O novo PXOM incorpora o PERI respectando a súa ordenación detallada e as súas condicións. Non obstante, inclúe a ficha correspondente á APR A-4-07, establecendo un 100% de uso residencial e a reserva do 20% de vivenda protexida, o que determinou a necesidade de redactar unha modificación do mesmo. Por outra banda, o PERI establecía un número máximo de vivendas debido á limitación que no momento da súa aprobación impoñía á lexislación daquela aplicable, sendo necesario modificar esta limitación para poder ampliar ata o 100% o uso residencial.

Por outra banda, constatouse de oficio polos arquitectos municipais da oficina de Obras e Proxectos da XMU a existencia dun erro nos datos da ficha do PERI, concretamente nas condicións referidas á subzona numerada como EQ-2, xa que a superficie consignada foi de 105 m<sup>2</sup>, sensiblemente inferior á superficie real da mesma, que é de 258,57 m<sup>2</sup>, polo que se solicitou da oficina de Planeamento-Xestión a revisión do Plan Especial para corrixilo neste concreto extremo, a fin de poder materializar a edificabilidade correspondente ó equipamento público.

4.- Unha vez aprobado definitivamente de xeito parcial o actual PXOM, en sesión do 16.10.2008 o Consello da XMU tomou coñecemento da comunicación da xerente e o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 13.10.2008 sobre o inicio dos traballos de planeamento e xestión de iniciativa municipal, entre os que se atopaba a modificación deste PERI IV-01.

5.- Así, mediante resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do 31.03.2009, adoptouse o seguinte acordo:

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

*“PRIMEIRO: Incoar expediente para a tramitación da MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR (PERI) IV-01 DE SAN ROQUE A, para a incorporación da reserva de protección esixida pola Ficha do Plan Xeral, localizando as zonas de vivenda de protección nos polígonos pendentes de desenvolvemento, e para, no seu caso, reaxustar as proporcións de usos residenciais e terciarios e o número de vivendas limitado no PEPRÍ pola lexislación urbanística anterior. SEGUNDO: Encargar á oficina de Planeamento e Xestión a realización das actuacións procedentes para a tramitación do expediente de referencia”.*

6.- En cumprimento do disposto no capítulo II da L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, remitiuse o 01.04.2009 á CMATI, Dirección xeral de Desenvolvemento sostible da Xunta de Galicia, copia da anterior resolución e un exemplar do documento de inicio da AAE da modificación puntual, redactado nos termos e condicións do art. 18 da L.9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a fin de instar a tramitación da consulta previa prevista no seu art. 4, por tratarse dun suposto de modificación menor dos contemplados no art. 3.3.b) da L.9/2006, que podería exceptuarse do procedemento de AAE, como en efecto así se dispuxo mediante decisión de data 07.07.2009 da Secretaría xeral de Calidade e avaliación ambiental que tivo entrada no Rexistro xeral da XMU o 29.07.2009 (Doc. nº 90112572), publicada no DOG nº 169, do 28.08.2009.

7.- En sesión do 16.11.2009, o Consello de Xerencia da XMU adoptou, entre outros, o acordo de aprobar inicialmente a modificación puntual do «PERI IV-01 S. ROQUE-A» e proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo dun (1) mes mediante anuncios publicados no DOG (DOG nº 22, do 03.02.2010) e en dous xornais dos de maior difusión da provincia («Faro de Vigo» e «La Voz de Galicia», do 31.12.2009), con notificación individualizada a todos os propietarios dos terreos afectados.

8.- Durante o prazo concedido para o efecto e segundo certificación expedida polo secretario da XMU o 19.04.2010, presentáronse un total de vintedúas (22) alegacións que serán respondidas neste informe-proposta.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).



- RHU (RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística).
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (AD Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: AD Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; AD Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; AD parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

### III.- DEREITO/VALORACIÓN TÉCNICA E XURÍDICA

1.- O documento da modificación puntual do «PERI IV-01 S. ROQUE-A» que agora se tramita formúlase, de oficio, pola Xerencia Municipal de Urbanismo, órgano competente na orde urbanística, e foi redactado por facultativos da oficina de Planeamento-Xestión con titulación universitaria axeitada e suficiente (arts. 83.1 e 84.1 LOUGA).

2.- Tal modificación ten as seguintes finalidades esenciais:

- Incorporar a reserva de vivenda protexida que esixe a ficha do PXOM (20% da edificabilidade residencial), localizando as zonas de vivenda de protección nos polígonos pendentes de desenvolvemento.
- Readaptar o número de vivendas, limitado no PERI pola lexislación urbanística anterior e as proporcións de usos residenciais e terciarios.
- Reformular a delimitación da ordenación detallada do PERI aprobado sobre a última cartografía do Concello de Vigo, axustándose estritamente á delimitación que figura no PERI e corrixindo as lixeiras diferencias que figuran na cartografía do PXOM en canto ó límite Norte do Polígono 2.
- Corrixir o erro material apreciado na superficie da parcela e edificabilidade da zona de equipamento sociocultural EQ-2.

3.- As alegacións presentadas ó acordo de aprobación inicial durante o trámite de información pública do expediente foron as seguintes:

| ALEGAC. Nº | Nº DOC.   | DATA REXTº | ALEGANTE  |
|------------|-----------|------------|---|
| 1          | 100015918 | 04/02/2010 | «Congregación de Relixiosas de Mª Inmaculada para el Servizo Doméstico»           |
| 2          | 100037154 | 16/03/2010 | Xunta de Compensación do Polígono 2 da Área de Reparto 1 do PERI IV-01 S. Roque A |
| 3          | 100037156 | 16/03/2010 | Raminosa, S.L.  |
| 4 (Tipo)   | 100022875 | 15/02/2010 | Dª. Aurelia Rodríguez Lima  |
| "          | 100022873 | 15/02/2010 | Dª. Clara Guerra Dieguéz  |
| "          | 100022879 | 15/02/2010 | Dª. Consuelo Rodríguez Alvarez  |
| "          | 100022883 | 15/02/2010 | D. José Manuel Fernández Rodríguez  |
| "          | 100022885 | 15/02/2010 | D. Jorge e D. Manuel Rodríguez Lima   |

|   |           |            |  |
|---|-----------|------------|--|
| “ | 100022887 | 15/02/2010 | D <sup>a</sup> . Dolores Vázquez Rodríguez               |
| “ | 100022888 | 15/02/2010 | D. Ángel Rolo Figueroa                                   |
| “ | 100022890 | 15/02/2010 | D <sup>a</sup> . Amelia Varela Vázquez                   |
| “ | 100022891 | 15/02/2010 | D <sup>a</sup> . María Casal Matos                       |
| “ | 100022893 | 15/02/2010 | D <sup>a</sup> . María del Carmen Vázquez Miguélez       |
| “ | 100022894 | 15/02/2010 | D. Jorge Enrique García Loureiro                         |
| “ | 100022896 | 15/02/2010 | D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> . Antonia Caseiro Guerra |
| “ | 100022901 | 15/02/2010 | D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> . Flora Varela Montero   |
| “ | 100022898 | 15/02/2010 | D. Amando Mosquera Meiriño                               |
| “ | 100022899 | 15/02/2010 | D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> . Lourdes Mato Lorenzo   |
| “ | 100022905 | 15/02/2010 | Herdeiros de D. Ricardo Argibay Garrido                  |
| “ | 100022869 | 15/02/2010 | D <sup>a</sup> . Concepción Estévez Alejos               |
| “ | 100022870 | 15/02/2010 | D. Jorge Serafín Rodríguez Lima                          |
| “ | 100022871 | 15/02/2010 | D <sup>a</sup> . Aurora Comesaña Rodríguez               |

4.- Informe das alegacións:

**ALEGACIÓN Nº 1:**

Nº DOC.: 100015918. Data RE: 04.02.2010.

ALEGANTE: D<sup>a</sup>. Adoración de Corta Moral, en representación da *“Congregación de relixiosas de María Inmaculada para el servizo doméstico”*.

CONTIDO: Indícase a existencia de terreos sinalados como vial de acceso ó centro escolar que comunican o Centro coa rúa S. Honorato e solicita a adopción de medidas oportunas para que no proxecto de urbanización se garanta un acceso rodado para vehículos ata o edificio escolar cun largo mínimo de 6 m. en todo o seu percorrido.

INFORME: Non procede neste momento procedemental (fase de planeamento) analizar o contido da alegación presentada pola representante da *Congregación*, referida á fase posterior de execución do plan; en concreto, ás determinacións propias dos proxectos de urbanización. Con todo, informáselle á alegante que ese acceso viario rodado está xa previsto. En efecto, identifícase como vial nº 9 do «PERI IV-01 S. ROQUE-A», continuación da rúa Ribadavia (planos PR-6 e PR-7), cunha sección de 13 m e un largo de calzada de 7 m. Este vial obterase unha vez se desenvolva e execute a ordenación.

PROPOSTA: Desestimar a alegación presentada, informándolle á alegante das previsións do planeamento en execución a respecto do viario que afecta á súa propiedade.

**ALEGACIÓN Nº 2:**

Nº DOC.: 100037154. Data RE: 16.03.2010.

ALEGANTE: D. Arturo Ramírez González, en representación da Xunta de Compensación do Polígono 2 da Área de Reparto 1 do «PERI IV-01 S. ROQUE-A».

CONTIDO: Solicítase que se deixe sen efecto, anule ou revogue o acordo de aprobación inicial do expediente, *«incorporando simplemente por prevalencia jerárquica, las previsiones para ámbitos afectados del vigente PXOM: 20% de la edificabilidad residencial vinculada a régimen de Vivienda Protegida y posibilidad de destinar a uso residencial hasta el 100% del aprovechamiento lucrativo»*. Subsidiariamente, solicítase que se recollan as súas alegacións en canto a ponderación de usos, cálculo do 10% de cesión, superficie real do ámbito e situación das vivendas protexidas.

INFORME: En primeiro lugar, o alegante dubida de que se estean a enviar as notificacións ás persoas que aparecen como titulares de dereitos e propietarios nos documentos de tramitación do PERI orixinario. Pois ben, de acordo co art. 86 da LOUGA a notificación individual do acordo de aprobación inicial realizarase a todas as persoas propietarias dos terreos afectados, resultando unicamente obrigatoria a respecto das persoas titulares que figuren no catastro, debendo constar a relación na documentación do plan.

Así, a XMU notificou ós titulares catastrais deste ámbito de xestión, constando a listaxe das parcelas e os seus titulares á data de elaboración do expediente de planeamento, que serviu de base para a práctica das notificacións. A maiores, notificouse tamén á propia Xunta de Compensación do polígono 2. Non cabe alegar, por tanto, ningún vicio de nulidade por esta cuestión.

Sobre os demais extremos expostos neste escrito de alegacións, cómpre informar o seguinte:

Afírmase que *«...en su globalidad unitaria dicho PERI, en su concepto de ámbito equilibrado, ya no existe»*. Pois ben, o «PERI IV-01 S. ROQUE-A» corresponde a un planeamento especial de reforma interior en solo urbano, previsto no PXOU-1993. No PXOM vixente, o seu ámbito está expresamente incorporado do seguinte xeito:

1. Na parte clasificada como SUC, como Área de Planeamento Incorporado-«API 68» cunha ficha que fai referencia ó PERI aprobado.
2. Na parte de SUNC xa considerada no PERI (tanto nos tres polígonos pendentes de desenvolver como no Polígono 4, que xa conta con proxecto de equidistribución e de urbanización aprobados definitivamente), incluído no ámbito de planeamento remitido (APR A-4-07), cunha ficha de características que tamén remite expresamente ó PERI.

Na memoria xustificativa do expediente que se informa sinálase expresamente o ámbito que abrangue esta modificación puntual: *«A modificación que se pretende realizar abrangue a zona de solo urbano non consolidado, e a zona de solo urbano consolidado unicamente na parcela de equipamento EQ-2»*; sen esquecer que o PXOM establece na ficha detallada da APR A-4-07 que *«O Plan Xeral asume a ordenación do PERI IV-1 San Roque A [...]»*.

Tocante á cobertura normativa deste expediente de modificación puntual, queda dabondo xustificada no expediente, incardinada dentro da potestade de planeamento municipal. A cita do art. 98 do Texto refundido da Lei do Solo estatal de

1992 (anulado, entre outros, pola STC 61/1997, do 20 de marzo), facíase a título de mero precedente normativo, tal e como se manifesta textualmente: «Nese senso, cómpre subliñar, como antecedente do exposto, que xa a propia Lei do Solo-Texto Refundido de 1992 (RDL 1/92) dicía expresamente, ao respecto, no seu artigo 98.3 que...».

O art. 94 da LOUGA dispón que calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas e, neste sentido, o contido da memoria xustificativa sinala e reflicte, ó igual que o propio PXOM, a necesidade de adaptar ás novas determinacións ao PERI anteriormente aprobado.

Por outra banda, a alegada «*confusión conceptual entre la aplicación del elemento definitorio de 'calificación urbanística' en cuanto a uso predominante con el régimen jurídico dentro de las posibilidades de esa única calificación respecto al régimen jurídico*» non é tal. En efecto, o réxime xurídico do solo deriva da clasificación e categorización do mesmo polo Plan Xeral, o que non se cuestiona neste expediente, no que se respecta escrupulosamente a clasificación e categorización do solo urbano (SUC/SUNC) outorgada polo PXOM.

Canto á cualificación do solo, a LOUGA (Art. 54.b]) conceptúa a “*Cualificación dos terreos*” como a «*asignación detallada de usos pormenorizados, tipoloxías edificatorias e condicións de edificación correspondentes a cada zona*». Esa pormenorización de usos debe levarse a cabo no instrumento de planeamento que conteña a ordenación detallada, neste caso, o PERI.

Segundo o PXOM de Vigo: «*Os usos globais son aqueles que o plan asigna -por agregación ou combinación de usos pormenorizados- a cada unha das áreas ou ámbitos de solo urbano non consolidado e sectores de solo urbanizable delimitado previstos polo Plan Xeral, de xeito que, esa asignación se efectúa con carácter excluínte, correspondendo aos plans especiais, nun caso, e aos plan parciais, no outro, a determinación dos usos pormenorizados que se deban establecer, escolmados entre os que constitúen o uso(s) global(ais) asignado(s)*» (Apdo. 3.2.7 da Memoria xustificativa).

Pois ben, tendo en conta que o uso global residencial determinado no PXOM debe pormenorizarse diferenciando o uso pormenorizado “*vivenda libre*” do de “*vivenda protexida*” esixido polo novo PXOM, localizándoo na ordenación detallada, resulta indubidable que o instrumento acado é o PERI (neste caso, a modificación do PERI aprobado no seu día), toda vez que os Plans Especiais están legalmente habilitados para modificar a ordenación detallada establecida no PXOM (Art. 62.1 LOUGA).

Este foi tamén o criterio do propio PXOM, que nos ámbitos coa ordenación detallada directamente (AODs en SUNC e SODs en solo urbanizable), nas súas respectivas Memorias xustificativas pormenorizou, subponderou e localizou na ordenación a reserva de vivenda de protección establecida na ficha do Plan Xeral.

Pode comprobarse igualmente no cálculo dos valores de repercusión e coeficientes de ponderación para usos globais en ámbitos de desenvolvemento que efectúa o PXOM (anexo ó apdo. 3.6.5), como os valores e os coeficientes de ponderación do uso global residencial fanse por agregación dos distintos usos pormenorizados, que

posteriormente deben desagregarse no planeamento que contén a ordenación detallada.

Con relación ó indicado na alegación sobre a corrección do erro detectado na edificabilidade da parcela de equipamento EQ-2, debemos sinalar que a súa incorporación a esta modificación puntual do PERI está plenamente xustificada na súa Memoria xustificativa e non constitúe modificación ningunha do Plan Xeral. Trátase simplemente dun erro constatado pola Oficina de Obras e Proxectos da XMU e comunicado á Oficina de Planeamento-Xestión, como así queda reflectido no apartado 4.8. da memoria xustificativa. En calquera caso, para evitar posibles confusións, incorporase agora como capítulo 5 dese documento.

No que atinxe ó hipotético atraso que para a execución do planeamento en marcha podería implicar a tramitación e aprobación desta modificación puntual, resulta obvio que, aínda que tal hipótese resultase certa, non constituiría argumento suficiente para impedir unha modificación que resulta totalmente necesaria conforme ó PXOM.

Ademais, debe terse en conta que entre a aprobación do«PERI IV-01 S. ROQUE-A» (2004) e a constitución da Xunta de Compensación (2007) transcorreron practicamente tres anos e desde entón e ata a aprobación inicial desta modificación puntual do PERI (16.11.2009) outros dous anos e medio máis; tempo dabondo para que os interesados executasen o PERI sen necesidade de adaptalo ás novas modificacións legislativas, ás disposicións sobre reserva de vivendas de protección ou ó novo PXOM.

O Plan Xeral optou, nos ámbitos con ordenación detallada (AOD), por formular a localización da vivenda sometida a algún réxime de protección pública e esta modificación puntual é congruente cos criterios do PXOM, de xeito que se sinala a situación da vivenda libre e protexida nos planos da ordenación detallada.

Na memoria xustificativa do Plan Xeral expónse a obtención do valor de repercusión do uso global residencial para cada ámbito ou sector pola integración dos valores de repercusión desagregados do residencial colectivo libre, residencial unifamiliar libre e residencial de VPA. En contra do pretendido polo alegante, o proxecto de equidistribución (compensación) non é o instrumento axeitado para levar a cabo a ordenación detallada e a pormenorización de usos.

Segundo o art. 112 da LOUGA, a delimitación das áreas de reparto realizarase tendo en conta o equilibrio de beneficios e cargas entre as distintas áreas así como a proporcionalidade entre a edificabilidade resultante e as cargas e dotacións previstas. Indica tamén que, dentro de cada área de reparto, deberán delimitarse polígonos que permitan o cumprimento conxunto dos deberes de cesión, equidistribución de beneficios e cargas e de urbanización.

A área de reparto AR1, comprende tres polígonos de actuación, ámbitos territoriais de xestión nos que se executará integramente o planeamento. Así, o polígono 3, ó quedar excluído da incorporación da vivenda protexida, non debe establecer coeficientes de subponderación que aseguren o equilibrio de beneficios e cargas do polígono, polo que o seu coeficiente de ponderación é un (1), de acordo co disposto no Art. 9.17.12.2 das NN.UU. do PXOM: *«Sempre corresponderá ó uso global característico, transformado en uso pormenorizado o coeficiente 1».*

Na fórmula da páxina 12 da Memoria xustificativa pode comprobarse como toda a edificabilidade residencial da área de reparto polo coeficiente de uso global residencial (1) é igual á suma de cada edificabilidade en uso residencial libre polo coeficiente de subponderación libre máis a edificabilidade en vivenda protexida polo coeficiente de subponderación protexida, en aqueles polígonos nos que se leva a cabo a pormenorización de usos (polígonos 1 e 2), sen que isto afecte en nada ás edificabilidades nin ós aproveitamentos destes polígonos. Utilizando a nomenclatura da alegación a fórmula correcta sería:

$$AT = \frac{(M2cRL (P1+P2) \times C_L + m2cRP (P1+P2) \times C_p) + M2cR P3 \times C_R}{Sc (P1+P2+P3)}$$

Sendo  $C_L$  e  $C_p$  os coeficientes de subponderación do residencial libre e protexido e  $C_R$  o coeficiente de ponderación do uso global residencial.

Sobre as cesións correspondentes ó Concello de Vigo lémbrese que, de acordo cos arts. 18 e 20 da LOUGA, estas concréntanse no solo correspondente ó 10% do aproveitamento tipo da área de reparto correspondente. Tal e como aparece no documento de modificación puntual do PERI e na ficha da APR do Plan Xeral, a superficie total edificable está prevista na ficha da APR-4-07 cun valor de 68.289 m<sup>2</sup>c e o uso característico é o residencial ó 100%.

En aplicación do art. 113 da LOUGA, o aproveitamento tipo de cada área de reparto obtérase dividindo o aproveitamento lucrativo total, incluído o dotacional privado correspondente a ela, expresado sempre en metros cadrados edificables do uso e tipoloxía edificatoria característicos, pola súa superficie total, excluídos os terreos afectos a dotacións públicas, de carácter xeral ou local, xa existentes no momento da aprobación do Plan Xeral que se manteñan. O resultado reflectirá sempre, unitariamente, a superficie edificable do uso e tipoloxía característicos por cada metro cadrado de solo da área respectiva. En consecuencia, a cesión de solo correspondente ó 10% do aproveitamento tipo da AR<sub>1</sub> é de 6.830 m<sup>2</sup>, expresado en uso global.

Con todo, nesta modificación corríxese o erro existente nas fichas dos Polígonos 1 e 2 do Apartado 4.4. da Memoria xustificativa (pax.13), sinalando correctamente o aproveitamento correspondente para cada polígono.

Así, onde di:

#### POLÍGONO 1

| Superficie (m <sup>2</sup> ) | Superficie Edificable (m <sup>2</sup> c) | Superficie Viv.protexida 20% (m <sup>2</sup> c) | Coef. Pond. Resid. Protex. C <sub>v</sub> | Superficie Viv.libre (m <sup>2</sup> c) | Coef. Pond. Resid. Libre C <sub>L</sub> | Unidades de aproveitamento | Cesión ao concello 10% |
|------------------------------|--|---|---|---|---|----------------------------|------------------------|
| 27.315,53                    | 39.465                                   | 7.893,00  | 0,3283                                    | 31.572,00                               | 1,1681                                  | 42.093,23 u.a              | 4.209,3 u.a.           |

#### POLÍGONO 2

| Superficie (m <sup>2</sup> ) | Superficie Edificable (m <sup>2</sup> c) | Superficie Viv.proteixida 20% (m <sup>2</sup> c) | Coef. Pond. Resid. Protex. Cv | Superficie Viv.libre (m <sup>2</sup> c) | Coef. Pond. Resid. Libre Cl | Unidades de aproveitamento | Cesión ao concello 10% |
|------------------------------|--|--|-------------------------------|---|-----------------------------|----------------------------|------------------------|
| 13.026,80                    | 18.821                                   | 3.764,20   | 0,3283                        | 15.057,00                               | 1,1681                      | 20.074,29 u.a              | 2.007,40 u.a.          |

Debe dicir:

### POLÍGONO 1

| Superficie (m <sup>2</sup> ) | Superficie Edificable (m <sup>2</sup> c) | Superficie Viv.proteixida 20% (m <sup>2</sup> c) | Coef. Pond. Resid. Protex. Cv | Superficie Viv.libre (m <sup>2</sup> c) | Coef. Pond. Resid. Libre Cl | Unidades de aproveitamento u.a |        | Cesión ao concello 10% |
|------------------------------|--|--|-------------------------------|---|-----------------------------|--------------------------------|--------|------------------------|
|                              |  |  |                               |   |                             | Vp                             | VI     |                        |
| 27.315,53                    | 39.465                                   | 7.893,00   | 0,3283                        | 31.572,00                               | 1,1681                      | 2.591                          | 36.874 | 3.946,50 u.a.          |

### POLÍGONO 2

| Superficie (m <sup>2</sup> ) | Superficie Edificable (m <sup>2</sup> c) | Superficie Viv.proteixida 20% (m <sup>2</sup> c) | Coef. Pond. Resid. Protex. Cv | Superficie Viv.libre (m <sup>2</sup> c) | Coef. Pond. Resid. Libre Cl | Unidades de aproveitamento |        | Cesión ao concello 10% |
|------------------------------|--|--|-------------------------------|---|-----------------------------|----------------------------|--------|------------------------|
|                              |  |  |                               |   |                             | Vp                         | VI     |                        |
| 13.026,80                    | 18.821                                   | 3.764,00   | 0,3283                        | 15.057,00                               | 1,1681                      | 1.235                      | 17.586 | 1.882,10 u.a.          |

Por outra parte, as fichas sinalan o aproveitamento tipo da área de reparto e a edificabilidade máxima prevista, pero propónse reflectir as edificabilidades máximas previstas por polígono en relación ós seus coeficientes de subponderación. Así:

Polígono 1. Onde di:

|   |  |
|---|--|
| AREA DE REPARTO AR.1<br>SISTEMA: COMPENSACIÓN | PERI IV-01 SAN ROQUE A<br>POLÍGONO P-1   |
| SITUACIÓN:                                    | N: Barrio de Ribadavia,<br>S. Couto de San Honorato<br>L: Rúa Ribadavia,<br>O:Vázquez Varela (segundo plano) |

|   |  |
|---|--|
| <b>SUPERFICIES E APROVEITAMENTO:</b><br><b>SUPERFICIE TOTAL:</b> 27.315,53 m <sup>2</sup> s<br><b>APROVEITAMENTO LUCRATIVO:</b><br><b>EDIFICABILIDADE RESIDENCIAL:</b><br>- 39.465 m <sup>2</sup> cR (C <sub>p</sub> =1)<br><b>APROVEITAMENTO TIPO:</b><br>- 1,541 m <sup>2</sup> c.utc /m <sup>2</sup> s | <b>CESIÓNS:</b><br><b>VIARIO:</b> 7.068 m <sup>2</sup> s<br><b>ESPAZOS LIBRES:</b> 1.898 m <sup>2</sup> s<br><b>ZONAS VERDES:</b> 5.312 m <sup>2</sup> s<br><b>EQUIPAMENTO:</b> 3.960 m <sup>2</sup> s<br><b>APROVEITAMENTO:</b> 10% |
|---|--|

Debe dicir:

|  |  |  |
|--|--|--|
| <b>AREA DE REPARTO AR.1</b><br><b>SISTEMA: COMPENSACIÓN</b>  |  | <b>PERI IV-01 SAN ROQUE A</b><br><b>POLÍGONO P-1</b> |
| <b>SITUACIÓN:</b>  | <b>N:</b> Barrio de Ribadavia,<br><b>S:</b> Couto de San Honorato<br><b>L:</b> Rúa Ribadavia,<br><b>O:</b> Vázquez Varela (segundo plano)  |  |
| <b>SUPERFICIES E APROVEITAMENTO:</b><br><b>SUPERFICIE TOTAL:</b> 27.315,53 m <sup>2</sup> s<br><b>APROVEITAMENTO LUCRATIVO:</b><br><b>EDIFICABILIDADE RESIDENCIAL:</b><br>- 7.893,00 m <sup>2</sup> cR (C <sub>p</sub> =0,3283)<br>- 31.572,00 m <sup>2</sup> cR (C <sub>L</sub> =1,1681)<br><br>39.465 m <sup>2</sup> cR (C <sub>p</sub> =1)<br><b>APROVEITAMENTO TIPO:</b><br>- 1,541 m <sup>2</sup> c.utc /m <sup>2</sup> s | <b>CESIÓNS:</b><br><b>VIARIO:</b> 7.068 m <sup>2</sup> s<br><b>ESPAZOS LIBRES:</b> 1.898 m <sup>2</sup> s<br><b>ZONAS VERDES:</b> 5.312 m <sup>2</sup> s<br><b>EQUIPAMENTO:</b> 3.960 m <sup>2</sup> s<br><b>APROVEITAMENTO:</b> 10% |  |

Polígono 2. Onde di:

|  |   |  |
|--|---|--|
| <b>AREA DE REPARTO AR.1</b><br><b>SISTEMA:COMPENSACIÓN</b>   |   | <b>PERI IV-01 SAN ROQUE A</b><br><b>POLÍGONO P-2</b> |
| <b>SITUACIÓN:</b>  | <b>N:</b> Hortelana<br><b>S:</b> Couto de San Honorato,<br><b>L:</b> Travesía de Couto Piñeiro,<br><b>O:</b> Rúa Ribadavia.   |  |
| <b>SUPERFICIES E APROVEITAMENTO:</b><br><b>SUPERFICIE TOTAL:</b> 13.026,80 m <sup>2</sup> s<br><b>APROVEITAMENTO LUCRATIVO:</b><br><b>EDIFICABILIDADE RESIDENCIAL:</b><br>- 18.821m <sup>2</sup> cR (C <sub>g</sub> =1)<br><b>APROVEITAMENTO TIPO:</b><br>- 1,541 m <sup>2</sup> c utc /m <sup>2</sup> s                   | <b>CESIÓNS ( m<sup>2</sup>)</b><br><b>VIARIO/APARCAMENTOS:</b> 4.002 m <sup>2</sup> s<br><b>ESPAZOS LIBRES:</b> 492 m <sup>2</sup> s<br><b>ZONAS VERDES:</b> 2.835 m <sup>2</sup> s<br><br><b>APROVEITAMENTO:</b> 10% |  |
| <b>OBSERVACIÓNS:</b><br>Ordenación detallada en planos do PERI.<br>Baixo a zona verde preverase un aparcamento de titularidade e uso público, cun mínimo de 250 prazas.<br>Consta aprobación da Xunta de Compensación de 14.05.07. O 10% de aproveitamento municipal aplicarase para necesidades de realoxos neste ámbito. |   |  |



Debe decir:

|  |   |   |
|--|---|---|
| AREA DE REPARTO AR.1<br>SISTEMA:COMPENSACIÓN   |   | PERI IV-01 SAN ROQUE A<br>POLÍGONO P-2  |
| SITUACIÓN:   | N: Hortelana<br>S: Couto de San Honorato,<br>L: Travesía de Couto Piñeiro,<br>O: Rúa Ribadavia. |   |
| SUPERFICIES E APROVEITAMENTO:<br>SUPERFICIE TOTAL: 13.026,80 m2s<br>APROVEITAMENTO LUCRATIVO:<br>EDIFICABILIDADE RESIDENCIAL:<br>- 3.764,20 m2cR ( $C_p=0,3283$ )<br>- 15.057,00 m2cR ( $C_L=1,1681$ )<br>APROVEITAMENTO TIPO:<br>- 1,541 m2c utc /m2s   |   | CESIÓN ( m2)<br>VIARIO/APARCAMENTOS:4.002 m2s<br>ESPACIOS LIBRES:492 m2s<br>ZONAS VERDES:2.835 m2s<br><br>APROVEITAMENTO: 10% |
| OBSERVACIÓNS:<br>Ordenación detallada en planos do PERI.<br>Baixo a zona verde preverase un aparcadoiro de titularidade e uso público, cun mínimo de 250 prazas.<br><i>Consta aprobación da Xunta de Compensación de 14.05.07. O 10% de aproveitamento municipal aplicarase para necesidades de realoxos neste ámbito.</i> |   |   |

Sobre o indicado no apartado 3.E da alegación, en relación coa correcta aplicación do art. 47 da LOUGA, debemos lembrar que a ficha de características da APR A-4-07 establece (en consonancia co Art. 47 da LOUGA) que, como mínimo, o 20% da edificabilidade residencial do SUNC será para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública.

O PXOM fixa, no apartado 3 da ficha desta APR («condicións de equidistribución»), un uso global residencial ó 100%. Os usos pormenorizados (constituídos polo nivel máis desagregado de actividade ou situación da mesma) recollidos no PXOM son: clase vivenda e clase residencia.

Deste xeito, os usos comerciais ou terciarios que se sitúen neste ámbito estarán dentro dos usos compatibles e complementarios (art. 5.1.11 NN.UU. PXOM) como aqueles que poden coexistir co uso principal ou característico sen perder ningún deles as características e efectos que lles son propios. O que se deberá traducir na aplicación do 20% da edificabilidade residencial ó 100% en vivenda protexida.

Por último, as posibles diferencias de medición dos ámbitos están contempladas no PXOM no art. 9.17.5 (para o SUNC) e 11.1.7 (para o solo urbanizable), referíndose, nos dous casos, a diferencias superficiais observadas durante a fase de planeamento de desenvolvemento. Sen embargo, o Plan Xeral fai excepción dos ámbitos e sectores con ordenación detallada, como é o caso do «PERI IV-01 S. ROQUE-A», nos que, segundo o art. 1.0.10 das NN.UU. do PXOM, os parámetros dos aproveitamentos e cesións prevalecen sobre os que puidesen xurdir por diferencias coa realidade taquimétrica.

Polo tanto, resulta irrelevante aquí a diferenza de medición alegada que –en todo caso- debería ser tida en conta no instrumento de equidistribución do Polígono, no que deberá xustificarse o cumprimento do aproveitamento tipo coas superficies reais, tanto do ámbito completo como das superficies susceptibles de aproveitamento, coas precisións indicadas nos apdos. 9.17.4, 9.17.5, 11.1.6. e 11.1.7. da memoria xustificativa do PXOM.

PROPOSTA: Proponse estimar parcialmente esta alegación no sentido de recoller expresamente os coeficientes de subponderación e a edificabilidade máxima permitida polo Plan, recolléndose xa no documento para aprobación definitiva as correccións puntuais derivadas desta estimación parcial, plasmadas na páx. 13 da Memoria informativa e xustificativa e na páx. 16 e 18 do Anexo 1 da Modificación da normativa.

### **ALEGACIÓN Nº 3:**

Nº DOC.: 100037156. Data RE: 16.03.2010

ALEGANTE: D. Arturo Ramírez González (Raminosa S.L.).

CONTIDO: Idéntico á alegación nº 2 anterior.

INFORME: Dánse aquí por reproducidos integramente os argumentos aducidos a respecto da anterior alegación nº 2.

PROPOSTA: Estimación parcial nos mesmos termos que a alegación Nº 2.

### ALEGACIÓN Nº 4 [tipo]:

Nº DOCUMENTOS.: 100022869; 100022870; 100022871; 100022873; 100022875; 100022879; 100022883; 100022885; 100022887; 100022888; 100022890; 100022891; 100022893; 100022894; 100022896; 100022898; 100022899; 100022901; 100022905 de data RE: 15.02.2010.

ALEGANTES: Concepción Estévez Alejos; Jorge Serafín Rodríguez Lima; Aurora Comesaña Rodríguez; Clara Guerra Diéguez; Aurelia Rodríguez Lima; Consuelo Rodríguez Álvarez; José Manuel Fernández Rodríguez; Jorge Rodríguez Lima e Manuel Rodríguez Lima; Dolores Vázquez Rodríguez; Ángel Rolo Figueroa; Amelia Varela Vázquez; María Casal Matos; M<sup>a</sup> del Carmen Vázquez Miguélez; Jorge Enrique García Loureiro; M<sup>a</sup> Antonia Caseiro Guerra; Amando Mosquera Meiriño; M<sup>a</sup> Lourdes Mato Lorenzo; M<sup>a</sup> Flora Varela Montero e Herdeiros de Ricardo Argibay Garrido, respectivamente.

CONTIDO: Solicitan que se inicie a tramitación dun novo plan especial no que se exclúan as fincas que *«objetivamente se corresponden con la clasificación de suelo urbano consolidado, y en su caso se establezca con claridad su aprovechamiento urbanístico patrimonializado»*.

INFORME: A alegación pouco ou nada ten que ver co expediente de modificación puntual do «PERI IV-01 S. ROQUE-A» sometido ó trámite de información pública, xa que non é obxecto da mesma a revisión da categorización do solo urbano comprendido na súa delimitación. Como xa dixemos, este PERI corresponde a un planeamento especial de reforma interior en solo urbano, previsto no PXOU-1993 que no PXOM vixente aparece clasificado, en parte, como SUC e, en parte, como SUNC, incluído na APR A-4-07. A maiores, debemos lembrar que, como se manifestou con

toda claridade na STSX do 22.11.2005:

«...se trata de un ámbito territorial sujeto a una operación de reforma interior y sobre el que el planeamiento urbanístico prevé una ORDENACIÓN SUSTANCIALMENTE DIFERENTE RESPECTO A LA REALIDAD CONCURRENTE, integrando una situación de RENOVACIÓN URBANA que (...) afecta en cuanto al considerado como suelo urbano no consolidado a una amplia superficie, con unas cesiones para zonas verdes y espacios libres de unos 3000 m2 y con las correspondientes y relevantes actuaciones en materia de conexión viaria, datos que son suficientemente reveladores de una transformación que exige actuaciones urbanizadoras que por su extensión, importancia y naturaleza innovativa, exceden de las que puedan entenderse comprendidas incluso en un concepto amplio del suelo urbano consolidado».

PROPOSTA: Desestimar a(s) alegación(s).

5.- Polo demais, esta modificación puntual axústase nas súas determinacións e documentación ó establecido na LOUGA e no RPU, constando debidamente xustificadas as razóns de interese público nas que toda modificación de planeamento urbanístico debe fundamentarse (art. 94.1 LOUGA). Á vista dos informes técnicos emitidos, o seu contido enténdese plenamente conforme coa normativa urbanística aplicable.

6.- En canto ó procedemento a seguir, a tramitación desta modificación puntual do «PERI IV-01 S. ROQUE-A» suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación (art. 93.4 LOUGA). En concreto, será de aplicación o procedemento prescrito no art. 86 da LOUGA, na redacción dada a este precepto pola L.2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUGA. Así, unha vez aprobado inicialmente, realizado o trámite de información pública e informadas as alegacións e toda vez que non se introduciron modificacións que puidesen supoñer cambios substanciais no documento inicialmente aprobado, procedería acordar a súa aprobación definitiva.

7.- Preceptúa o art. 92 da LOUGA (apartados. 2, 3 e 4) que o acordo de aprobación definitiva do planeamento deberá publicarse, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia.

Ademais se, como é o caso, a competencia para a aprobación definitiva lle corresponde ó Concello, aquela será comunicada á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio (CMATI), á vez que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que integran o plan sobre os que recaese o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados pola secretaría, facendo constar dita circunstancia.

Lémbrese que a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor da modificación do PERI quedan condicionadas ó cumprimento do disposto neste Art. 92 da LOUGA e «ó que dispoña para o efecto a lexislación reguladora da administración actuante» (Art. 92.4 LOUGA).

8.- Tal como se indicou antes, esta modificación puntual non está sometida ó procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, hoxe integrado no contido do art. 86.1.g) da LOUGA para o planeamento de desenvolvemento (Disposición derogatoria única L.2/2010), como así se declarou na decisión do 07.07.2009 da Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental-CMATI.

9.- O acordo de aprobación definitiva que se adopte suporá tamén a automática extinción dos efectos suspensivos para o outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e derruba, derivados do acordo de aprobación inicial (arts. 77.2 e 77.3, *in fine*, LOUGA).

10.- A competencia para aprobar definitivamente esta modificación é municipal (art. 89.2 LOUGA), correspondéndolle ó Pleno da Corporación (art. 123.1.i] da LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local (art. 127.1.c] LRBRL) e toma de coñecemento ou ditame polo Consello de Xerencia da XMU (art. 8.m] estatutos XMU)."

Visto o anterior, os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 1 de xullo de 2010, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Seguramente este tema pasaría sen maiores dificultades se a actitude e o comportamento do alcalde fose leal, en primeiro lugar cos seus socios de goberno e en segundo lugar coa Corporación e sen lugar a dúbidas coa propia cidadanía. Sr. alcalde, vostede en privado di unha cousa e en público di todo o contrario. A nós parécenos que un alcalde que se prece de seren o representante de toda a cidadanía, de seren o representante do goberno, non pode dicir unha cousa en privado e outra totalmente distinta en público.

Aquí fixéronse varias propostas. O tema de fondo que se trae hoxe aquí é unha modificación tamén para acadar unha localización para o albergue.

Vostede recibiu ós veciños dese barrio onde está prevista esa localización e os comentarios que eles nos trasladaron foron que vostede non é o responsable desta decisión, que non o situaría nese lugar, que é cousa do tenente de alcalde e dos seus socios de goberno, que vostede como non ten maioría non pode tomar a decisión libremente e en primeiro lugar culpa da decisión que tomou ó BNG e en segundo lugar di que a culpa é do Partido Popular.

Nós non imos consentir isto e así queremos trasladar á cidadanía dunha maneira clara que se vostede sitúa o albergue, vostede tamén ten unha parte de

responsabilidade por esa decisión.

Nós aquí non temos absolutamente nada que lle criticar ó BNG. O BNG tomou unha decisión, decisión que supoño que será consensuada dentro dun goberno, que podía ser esa ou outra, a que fose, pero ten un discurso e considera que esa é a mellor localización.

Vostede non, Sr. Alcalde, vostede mente e mesmo lles di claramente a eses colectivos que se manifesten. Así nolo trasladaron a nós. É importante dicirle á opinión pública que un alcalde lles di ós colectivos que se manifesten, que como el non ten votos suficientes a decisión non é de seu, depende do BNG e neste caso tamén do Partido Popular.

A cidadanía debe saber claramente que o alcalde ten que tomar a decisión e se é valente que diga que esa decisión non é a que el considera. En primeiro lugar dilles iso ós cidadáns pero despois tamén lles di que hai unha posibilidade, que el consegue nuns días a cesión do cárcere para poder situar o albergue.

Ese é o discurso que vostede está a facer Sr. Alcalde, di unha cousa por diante e outra por detrás, dilles unha cousa ós medios e outra ós colectivos; non sei o que lles dirá ós seus socios de goberno porque ata aí non chego, pero si sei o que vostede manifesta nos medios de comunicación e o que lles manifesta a eses colectivos que loxicamente teñen as súas reivindicacións. Isto é o que non pode ser, que un alcalde minta, engane, manipule e tente confundir á opinión pública.

Nós non lle imos votar este asunto. Queremos que o alcalde de Vigo se responsabilice e tome a decisión. Como vostede precisa catorce votos vai ter que votar a favor porque nós non lle imos votar a favor deste expediente. Non se pode baixo ningún concepto dicir unha cousa diante da opinión pública e facer todo o contrario.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Estou completamente de acordo co Sr. Figueroa nunha cuestión: que a cidadanía ten que saber claramente cales son as posturas de cada quen. Por iso vou intervir para lle dicir á cidadanía exactamente o mesmo que lles dixen ós veciños e veciñas do Barrio de Ribadavia, exactamente o mesmo que dixen xa no nome do Bloque Nacionalista Galego noutra comparecencia pública porque os nacionalistas neste e noutros temas dicimos o mesmo cando nos reunimos cos veciños que cando falamos cos medios de comunicación.

Ós veciños de Ribadavia, ós que me quero dirixir ó igual que a toda a cidadanía,

díxenlles claramente que o BNG non goberna buscando única e exclusivamente un puñado de votos. Díxenlles ós veciños que o BNG goberna dende a convicción e dende o traballo tendente a dignificar esta cidade e a dignificar a súa vida, un dos obxectivos máis importantes para o BNG nesta cidade. Coa dignidade humana non se xoga, non se xoga con homes e mulleres que seguen a estar sen teito e que seguen a morrer nas rúas. Diante diso o BNG está disposto a quedar só ou mesmo a perder un número de votos determinado nun barrio desta cidade porque entre outras cousas o BNG tamén quere ser fiel co que se compromete con esta cidade, quere ser fiel tamén co comprometido cos nosos compañeiros da Xunta de Galicia cando gobernaban que se comprometeron con esta cidade en ter un albergue definitivo e deron todos os pasos e está moi preto de aquí. Non temos ningún problema en quedármonos sós.

Sr. Figueroa, nunca dixemos que a mellor situación era o Barrio de Ribadavia, dixemos que nestes momentos é a única posible para que dun xeito urxente se poidan acometer as obras dun albergue nesta cidade. Vaia por diante que o BNG apoiará todas e cada unha das reivindicacións dos veciños do Barrio de Ribadavia porque nos parecen xustas e demandas históricas que teñen que seren acometidas. Pero tamén dicimos claramente cal é o noso posicionamento nestes momentos. Esta cidade ten que ter un albergue, temos que atender a esas persoas que están sen teito por riba de calquera táctica electoralista ou por riba de calquera estratexia electoralista.

Dito isto tamén lles vou dicir dende aquí ós cidadáns e ós veciños de Ribadavia por que temos que construír un albergue no seu barrio. Témosto que construír porque onde se investiron máis de 200.000 euros, porque o edificio que nestes momentos está absolutamente preparado para seren un albergue definitivo nesta cidade, a Xunta de Galicia e o Partido Popular non o quixeron abrir; e o Partido Socialista e o alcalde tampouco querían ese edificio para albergue. Isto é o que teñen que saber os veciños e veciñas do Barrio de Ribadavia: Hai unha solución inmediata e urxente para que non se constrúa o albergue no barrio de Ribadavia: que o Partido Popular autorice abrir A Gota de Leite para albergue e que o Sr. Alcalde deixe de reivindicala para a Policía Local. Esa é unha solución moi clara para que esta cidade teña un albergue definitivo dunha vez por todas e non teñamos que construír o albergue no Barrio de Ribadavia.

Quérollo repetir ós veciños e veciñas do Barrio de Ribadavia: se dentro de quince

días, dentro dun mes ese albergue, La Gota de Leche, está aberto non imos construír o albergue no Barrio de Ribadavia e nesa parcela o BNG comprométese a construír calquera outra dotación que os propios veciños reclamen e demanden. Esa é a solución.

Non se lles pode dicir ós veciños que a culpa é duns ou doutros, que isto é un capricho de Santiago Domínguez. Non é ningún capricho xogar coa vida das persoas que non teñen un teito. Non se lle pode dicir iso á xente. Á xente o que lle hai que dicir é que aquí ó lado hai máis de 200.000 euros investidos para un albergue definitivo para esta cidade que se pode poñer en funcionamento dentro de 15 días.

Por esa negativa tivemos que buscar sitio, tivemos que buscar unha parcela municipal que nos permitise acometer a obra dun xeito urxente. Por moito que se lles queira dicir ós veciños, a Escola de Hostalería non vale, dio a propia normativa vixente. Claro que podemos recuperar o cárcere en catro, cinco ou seis meses, pero todos sabemos o que nesta cidade se tardou en recuperar uns terreos deportivos da ETEA, por poñer un exemplo.

Veciños e veciñas de Ribadavia e de Vigo en xeral, o BNG non vai renunciar a que esta cidade teña un albergue municipal, porque é o noso compromiso electoral e o compromiso con persoas que están a morrer na rúa por non ter un sitio. Veciños de Ribadavia e de Vigo en xeral, se non se quere construír en Ribadavia que se abra inmediatamente o albergue que xa está preparado que non é outro que La Gota de Leche; que a Xunta o autorice.

SR. MARIÑO MENDOZA: En primeiro lugar e para seren claros gustaríame ler o punto que levamos hoxe a aprobación. Denomínase: “Urbanismo. Aprobación definitiva da Modificación puntual do PERI IV-01 San Roque A-APR A-4-07”. Isto é o que aprobamos hoxe. Vou deixalo moi claro porque polo que vexo o Sr. Figueroa está completamente despistado: “Primeiro.- Incorporar a reserva de vivenda protexida que esixe o Plan Xeral: 20% en todo o ámbito”. Isto non lle interesa, falar da vivenda protexida que vostedes seguen defendendo que non debería estar incluída no Plan Xeral non lles interesa. Interésalles falar de calquera outra cousa que non se aproba hoxe. Logo: “Reaxustar o número de vivendas”. Exactamente igual que sucedeu en Navia existe unha normativa pola que non se podía superar un número concreto de vivendas e esa normativa modificouse. “Volver presentar a delimitación da ordenación detallada”, porque había un erro. E o máis importante: “Corrixir o erro material

apreciado na superficie da parcela e a edificabilidade da zona e equipamentos socio-culturais”.

O Sr. Figueroa, que aprobou definitivamente este planeamento, non foi consciente no seu día de que a edificabilidade da parcela dotacional, a que é de todos os cidadáns, estaba mal. Sen embargo a dos promotores privados estaba toda ben; a pública, a que era para uso de todos os cidadáns non debía ter moito interese en revisar a edificabilidade da parcela e polo tanto agora temos que corrixir un erro que provocou o seu goberno porque esta edificabilidade non parecía importante, o importante era que os promotores tivesen a súa; que os cidadáns tivesen a que lles correspondía non parecía importante.

En ningún dos puntos que se aproban hoxe quere entrar vostede e vai votar en contra disto, de que unha parcela pública de todos os cidadáns non teña a edificabilidade que lle corresponde. Fíxoo mal no seu día e vólveo facer mal hoxe.

Pero xa que estamos empeñados en falar de algo sobre o que non vai este punto, falemos sobre o albergue.

Este goberno xamais se opuxo a que o albergue se localice de maneira provisional na Gota de Leche. As obras están realizadas, poderíase abrir mañá mesmo, Sr. Figueroa, e vostedes o único que fan é dicir que non se van pronunciar para que este goberno decida non se sabe moi ben que cousa.

A realidade é que vostede non se pronunciou, non dixo onde quere o albergue. Non apoian o albergue na Gota de Leche, non apoian o albergue tampouco no Barrio de Ribadavia, non apoian o albergue absolutamente en ningún sitio, Sr. Figueroa, e iso é porque a vostedes dálles exactamente igual o albergue, do único do que se preocupan é da crispación porque non dixeron nin unha soa localización que lles pareza positiva nesta cidade, Sr. Figueroa. Fala demasiado de cales son as competencias deste goberno, pero non toma posición, usa todo un xogo de palabras para non dicir se lle parece ben ou mal unha localización.

Apoie con todo este goberno a localización da Gota de Leche, dígnanos por que a Xunta de Galicia leva meses xogando con esa parcela, dicindo que vai facer mil e un proxectos e esa gran instalación que temos no centro da cidade permanece pechada a día de hoxe. As obras están realizadas, poderíase abrir mañá mesmo, Sr. Figueroa, e vostedes miran cara outro lado. Iso é o que lles preocupan a vostedes as persoas que teñen poucos recursos nesta cidade. Hai un rato escoitaba ó Sr. Conde falar dos fogares de beneficencia. La Gota de Leche está aí, podémola abrir mañá, levanten a



man connosco e digan que si, apoien esa proposta se realmente lles importa. Pero lles dá absolutamente igual, esa é a realidade.

Dende este partido apoiamos tamén a Escola de Hostalería e se La Gota de Leche non serve, eu comprométome a que nunha semana estará o proxecto da Escola de Hostalería porque non vin ningún informe que diga que alí non se pode situar. Ningún informe di que o edificio non cumpre. Dende logo hai unha opción na que semella que estamos todos os grupos de acordo que é a da Gota de Leche. Apóiena connosco, móllense dunha vez, digan onde queren o albergue, onde o situarían e cal é a maneira de facelo. Díganlle á Xunta de Galicia que nos dea a subvención o máis axiña posible para o poder construír.

Pero vostedes non queren falar diso, queren falar de política, de crispación, non de persoas necesitadas; iso é o que menos lles preocupa, Sr. Figueroa.

Aínda non nos dixo que é o que opina vostede sobre a proposta do Barrio de Ribadavia e lémbrolle que o que aprobamos hoxe é un erro de seu, do seu mandato porque o único que lle preocupaba era a edificabilidade dos promotores e non a que tiñan as parcelas dos cidadáns.

*Neste intre o concelleiro Sr. Figueroa Vila solicita unha nova intervención indicando que é un asunto moi importante, manifestándolle a Presidencia que o debate rematou.*

A PRESIDENCIA: É un asunto moi importante pero vostede non o solicitou ó comezo, vaino solicitando dependendo de que como lle vai no debate.

Cando se comeza este punto, iníciase coa forma de debate habitual de calquera proposta.

SR. FIGUEROA VILA: O calado foi o goberno, Sr. Alcalde.

A PRESIDENCIA: Intervención do goberno dez minutos que non utilizou, grupos por dez minutos que utilizaron e remata o goberno con cinco minutos.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, só que conste en acta que é un tema demasiado importante como para que o alcalde non o queira debater. Alá vostede. Faranos debatelo fóra deste Pleno.

A PRESIDENCIA: Presente unha moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións núms. 2 e 3 presentadas por D. Arturo Ramírez González, en representación da Xunta de Compensación do Polígono nº 2 da área de reparto 1 e da mercantil “Raminosa, S.L.”, respectivamente, ó acordo de aprobación inicial da «Modificación puntual do plan especial de reforma interior PERI IV-01 S. Roque-A», no sentido de incluír expresamente no documento os coeficientes de subponderación e a edificabilidade máxima permitida polo Plan, desestimando todas as demais alegacións.

Segundo.- Aprobar definitivamente a «Modificación puntual do plan especial de reforma interior PERI IV-01 S. Roque-A», versión V.1. (exp. nº 11804/411), formulada de oficio pola Xerencia Municipal de Urbanismo e redactada polos servizos técnicos da Oficina de Planeamento-Xestión con data outubro de 2009, na que xa se inclúen as correccións derivadas do trámite de información pública do expediente, coas finalidades básicas de incorporar a reserva de vivenda protexida que esixe a ficha do PXOM (20% da edificabilidade residencial), localizar as zonas de vivenda de protección nos polígonos pendentes de desenvolvemento, reaxustar o número de vivendas e as proporcións de usos residenciais e terciarios, reformular a delimitación da ordenación detallada sobre a última cartografía dispoñible e *corrixir o erro relativo á edificabilidade da zona de equipamento sociocultural EQ-2.*

Terceiro.- Publicar no DOG o acordo de aprobación definitiva e no BOP de Pontevedra a normativa do PERI que resulta modificada e as fichas corrixidas dos polígonos 1 e 2.

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

Cuarto.- Notificar, na forma prevista nos arts. 58 e 59 da LRX-PAC (L.30/1992), ós propietarios/titulares catastrais do ámbito e ós alegantes, con indicación de que contra este acordo só caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado desde o día seguinte á súa notificación.

Quinto.- Comunicar este acordo de aprobación definitiva á Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) da Xunta de Galicia, dándolle tamén traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento de planeamento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran, debidamente dilixenciados.

*De conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, neste intre todos os presentes no salón do Pleno, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.*

8.- (158).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOÑENDO SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A MANTER A EDUCACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS NOS CENTROS DE VIGO NOS QUE VEN FUNCIONANDO. DOC. 100096052.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de xullo, número 100096052, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. López Carreira, formula a seguinte moción:

“Segundo a UNESCO “A educación básica é máis que un fin en si mesma. É a base para unha aprendizaxe e un desenvolvemento humano permanente sobre o que os países poidan construír sistematicamente novos niveis e novos tipos de educación e capacitación”. Tamén os adultos deben partir desta formación básica e desta titulación inicial para afrontar os retos da educación permanente. Existen diferentes estudos de institucións internacionais onde se reflicte a necesidade dunha formación básica de polo menos dez anos de duración como base para unha posíbel formación permanente posterior.

A educación de persoas adultas sufriu nos últimos anos importantes cambios máis

aínda existen carencias importantes. Así podemos comprobar como unha persoa adulta de Bélxica, Dinamarca, Alemaña, Austria ou Finlandia ten unha probabilidade cada 3-4 anos de entrar en procesos de formación para adultos; unha persoa de Francia, Luxemburgo ou Gran Bretaña unha oportunidade cada 5-7 anos; unha persoa en Irlanda ou nos Países Baixos unha cada 8-10 anos e no Estado Español, xunto con Portugal, Italia e Grecia, crece ata máis de 15 anos. Esta estatística mostra a necesidade de favorecer aos procesos de entrada na educación permanente de adultos.

En Galicia a Lei 9/1992 de educación e promoción de adultos recolle esta necesidade e establece, como obxectivos a estender, o dereito a este tipo de educación a todos os cidadáns e cidadás de Galicia. Asemade recolle como un obxectivo "promover o coñecemento da nosa realidade e moi especialmente da nosa lingua e cultura".

Para o próximo curso 2010-2011, a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria decidiu eliminar a impartición da EPA en 50 centros públicos en Galicia, tres deles centros emblemáticos da nosa cidade cidade, concretamente o IES Santo Tomé, o IES Ricardo Mella e o IES de Teis. Esta medida, só en Vigo, deixa a máis de 300 persoas fóra dos centros nos que viñan cursando os seus estudos, afectando tamén a máis dunha vintena de profesores e profesoras.

Esta situación só pode entenderse dende a política de recortes ao ensino público que practica o goberno galego actual e que, na cidade de Vigo, se fan sentir especialmente en temas como os comedores escolares, o proxecto Abalar e agora a eliminación da EPA de tres centros públicos.

Ante esta situación, solicitamos ao Pleno do Concello tome o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a manter a educación permanente de adultos en todos os centros de ensino público da cidade de Vigo nos que ven funcionando."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xullo, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. LÓPEZ CARREIRA: A UNESCO establece que a educación básica, máis ca un fin en si mesma, é a base para unha aprendizaxe e un desenvolvemento humano permanente sobre o que os países poidan construír sistematicamente novos niveis e tipos de educación e capacitación. De aí a importancia de que todos e todas poidamos acceder a esta formación básica, independentemente da idade que teñamos. Unha formación que segundo diferentes estudos de diversas institucións internacionais debe abarcar uns dez anos de formación como base para unha posible formación permanente posterior.

Se ben é certo que nos últimos anos a educación de persoas adultas viviu importantes cambios, o camiño por percorrer aínda é longo. Mentres en países como

Bélxica, Dinamarca, Alemaña, Austria ou Finlandia unha persoa adulta ten unha probabilidade cada tres-catro anos de entrar en procesos de formación de adultos, en Francia, Luxemburgo, Gran Bretaña tena cada 5-7 anos; en Irlanda ou nos Países Baixos cada 8-10 anos e no Estado español, xunto con Portugal, Italia e Greza, a cifra crece ata máis de quince anos. Esta estatística mostra a necesidade de favorecer os procesos de entrada na educación permanente de adultos no noso país.

A educación permanente de adultos é unha educación dirixida a posibilitar a consecución da integración e promoción no mundo social e laboral de todas as persoas que o precisen ou o requiran. Así a Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos, recolle o dereito a este tipo de educación de todos e todas os cidadáns de Galicia. Pola contra a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dentro da súa política de recortes ó ensino público, en vez de promocionar este ensino e de facilitar o acceso ó mesmo, decidiu eliminar a EPA en 50 centros públicos de Galicia, tres deles situados en Vigo, deixando fóra só na nosa cidade a máis de 300 alumnos e alumnas e afectando tamén a máis de 20 profesores e profesoras.

Para seren máis exactos, no IES Sto. Tomé afecta a 179 alumnos/as e a 14 profesores/as; no IES de Teis a 35 alumnos/as e a 4 profesores/as e no IE Ricardo Mella a 117 alumnos/as e 5 profesores/as; en total 331 alumnos/as e 23 profesores/as. Alumnado e profesorado que a día de hoxe non sabe que vai ser deles. Ante esta situación solicitamos que o Pleno do Concello tome o seguinte acordo: “Instar á Xunta de Galicia a manter a educación permanente de alumnos en todos os centros de ensino público da cidade de Vigo nos que ven funcionando”.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Verdadeiramente é unha sorpresa máis a actividade que leva a Consellería de Educación con respecto ó tratamento que lle dá ó ensino público. É sorprendente que cada pouco se lles ocorra unha idea para dar “caña” nos centros públicos. Non sei que lle pasa, ten un afán de traballo nese ámbito moi considerable. O concelleiro do BNG, Sr. López Carreira, dicía que Europa ten fixadas unha serie de actuacións cara promover a educación de adultos e dá a casualidade de que xustamente en Galicia facemos todo o contrario. A verdade é que a Consellería está dando moito que falar, moito que facer e dende logo nada positivo en moitos centros educativos.

É esencial que continúe o ensino para adultos porque a vida precisa dun ensino

permanente para todo o mundo, non se pode deixar de estar preparados neste país, en calquera país, para se adaptar á situación real da vida. Sabemos que as novas tecnoloxías, as novas maneiras de coller informacións e os novos traballos precisan máis dun persoal ben preparado que de moitas instalacións ou cousas semellantes. Está ó mesmo nivel a preparación das persoas, non se lles pode pechar o campo ós adultos á hora de prepararse axeitadamente.

Son increíbles as actuacións deste goberno da Xunta de Galicia cara ó ensino e dende logo imperdoables. En Vigo nótase dunha maneira moi forte pola falla de investimentos e sobre todo polo ataque ó que existe de forma clara, como pode ser neste caso o que lles afecta ós anteditos institutos: Sto. Tomé, Teis, Ricardo Mella, etc. Non é posible entender que se lles pechen as posibilidades ós adultos reducindo drasticamente o ensino público para eles.

Quereríalles pedir que por favor reflexionen porque, así como en Europa hai un 15% de persoas adultas que volven ó ensino para se reciclar, formar ou mesmo para o propio desenvolvemento integral da personalidade, en Galicia non chegamos a un 6%.

Non podemos consentir isto, temos que recapacitar, cambiar de actitudes e perdoen pero atreveime a dicir que de funcionamento da Consellería de Educación. É terrible, en todos os ámbitos funciona con moitas dificultades, crea moitos problemas. Non digamos xa a nivel de linguas, de atención ós centros, restauración, infraestruturas, etc.

Por favor, pénseno. Non se lles pode privar ás persoas da formación permanente ó longo da vida.

Coido que con isto completo un pouco a intervención do compañeiro Sr. López Carreira.

SRA. LARRIBA LEIRA: Comezarei por salientar o que tiña previsto dicir ó remate da miña intervención dado que efectivamente, Sra. López Atrio, vostede está a completar a desinformación que de xeito interesado comezou facer o concelleiro Sr. López Carreira.

O que ten que quedar ben claro é que a oferta de EPA en Vigo mantense integramente, na súa totalidade, non vai faltar nin unha soa das prazas que actualmente están ofertadas. O que a Xunta está a ofrecer é unha reorganización que busca principalmente a calidade deste ensino. Non vai perigar nin unha soa das

prazas e iso ten que quedar moi claro. Vostedes están a desinformar de xeito interesado.

O que si é certo é que a súa moción me dá pé para clarear a política educativa da actual Xunta de Galicia en materia de educación permanente de adultos. Poderíase resumir en que o obxectivo é facer máis con menos. A Consellería de Educación está a desenvolver unha reordenación dos ensinos para adultos co fin de facer un uso eficiente dos recursos existentes e poder así ampliar a oferta a novas modalidades que aínda hoxe non se desenvolveron, como son os estudos en réxime semi-presencial.

No Concello de Vigo mantense unha oferta suficiente de ensinos para as persoas adultas no vindeiro curso académico, a totalidade, para que todos os demandantes poidan realizar estes estudos nos centros da súa contorna. Deste xeito ofertaranse tanto ensinos básicos en modalidade presencial e semi-presencial, como educación secundaria para adultos, tanto na modalidade presencial como semi-presencial e bacharelato para alumnos no centro EPA do Berbés. Ademais os IES de Teis e Ricardo Mella impartirán ESA, non se suprime totalmente como vostedes din, mantense nestes dous centros e os institutos de Castelao, Politécnico e Santa Irene impartirán ensinos de ESA e bacharelato para adultos no vindeiro curso escolar. Deste xeito todos os demandantes poderán cursar estes ensinos no mesmo Concello de Vigo sen se ter que desprazar, como algúns grupos están a apuntar desinformando nestes últimos días.

O que se vai conseguir coa relocalización da oferta educativa da EPA en Vigo e o que pretende conseguir a Consellería de Educación é en primeiro lugar a mellora da calidade da oferta nos centros nos que se vai impartir; evitar a duplicidade da oferta en centros que son contiguos, como pode ser o caso do Sta. Irene e do Sto. Tomé de Freixeiro que son centros veciños; entre outras cousas aforrarlle diñeiro ó Concello polos gastos de mantemento que pode supoñer aglutinar a oferta educativa en centros de referencia como é o do Berbés ou o de Sta. Irene, centros que se van potenciar. Como resume salienta que a oferta de EPA mantense en Vigo integramente.

Pero podemos ir aos datos máis concretos que se refiren ós centros nos que vostedes están a dicir que vai desaparecer a oferta. Na EPA do Berbés mantéñense todos os ciclos dos ensinos básicos iniciais, da ESA presencial, a distancia, bacharelato semi-presencial e vanse potenciar os ensinos telemáticos. No IES Castelao mantense a

oferta actual que é a ESA e o bacharelato presenciais. No IES de Teis mantense a ESA presencial e só se suprime o bacharelato presencial por mor de datos cuantitativo que lles vou ofrecer. No IES Politécnico mantense a ESA e o bacharelato presenciais, é dicir, a oferta mantense integramente. No IES Ricardo Mella mantense a ESA presencial e suprímese a ESA a distancia e o bacharelato presencial por datos cuantitativos que lles facilitarei. No IES Sto. Tomé de Freixeiro suprímese a presencial e o bacharelato presencial precisamente por seren contiguo e existiren unha duplicidade co instituto Sta. Irene onde se mantén a oferta tal e como esta actualmente.

En Vigo só se suprimen os ensinos no IES Sto. Tomé de Freixeiro. Dos sete centros onde se imparten estes ensinos en Vigo só se suprimen nun centro, mantéñense basicamente en todos e no caso do Berbés ampliáanse considerablemente. O que vostedes poderían entender que se reduce dun lado, fornécese no centro EPA do Berbés.

Por outra banda a oferta de ensinos que se suprimen na cidade de Vigo débese a varios factores. Por unha banda, por estaren duplicados en centros moi próximos que distan escasos metros un doutro; pola outra, pola escasa participación do alumnado que é moi significativa neses centros nos que se suprimiu e a partir de agora farase fincapé na oferta dirixida ó alumno que quere o ensino semi-presencial e a que se imparte vía telemática de forma centralizada dende Santiago de Compostela pero que conta con alumnos na cidade de Vigo e en toda a comunidade, modalidade esta que está escasamente desenvolvida en Vigo.

Penso que estes son datos suficientes para clarexar esta información manipulada que vostedes están a dar, coido que cunha clara vontade de boicotear e poñer atrancos a canto pequeno paso dea a Xunta de Galicia en relación á xestión do ensino en Galicia.

Sra. López Atrio, efectivamente a Xunta de Galicia ten unha clara vontade de traballo en materia educativa pero esas ocorrencias en poñerlle atrancos son de vostedes porque probablemente treman que esteamos a camiñar na dirección correcta.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Sra. Larriba, por favor, deixen de traballar se van nesta liña. Isto é máis do mesmo.

Realmente é sorprendente, pero sobre todo é preocupante a súa capacidade destrutiva. Son vostedes realmente un perigo, enffían un obxectivo e non paran ata



conseguielo. Neste caso o obxectivo que enfiaron foi a destrución, o arrase do sistema público de ensino. Parece que isto de buscar a igualdade por medio do ensino non é cousa de seu ou polo menos non vai con vostedes. Vostedes queren claramente que haxa centros de primeira, os privados, para os máis privilexiados e que haxa unha rede de centros, creo que xa ata na liña dos hospicios de antes, onde realmente se recolla ós desamparados, neste caso ós fillos dos inmigrantes, dos marxidados e ós fillos e fillas das clases máis desfavorecidas.

Un día escoitei unha cativa, ben cativa por certo, utilizar unha expresión que lles ven vostedes ó pelo e deixo claro que a coloco entre aspas, dende logo non é a miña intención faltar a ninguén e tampouco coido que as verbas dunha cativa poidan ofender, pero esta cativa referíndose a un neno máis cativo ca ela dicía: “este neno razoa na maldade”. Realmente o PP razoa “na maldade” porque neste ano de desgobierno só se dedicaron a tomar medidas continuas e sistemáticas dirixidas á liña de flotación do ensino público. Hoxe non é nada máis ca unha nova medida contra o ensino público e levamos falado xa dunhas cantas nesta Corporación.

Coa supresión da EPA en 50 centros públicos de ensino de Galicia o que vostedes están facendo é eliminando a segunda oportunidade de educación, de formación e coa mesma evidentemente o dereito á promoción laboral e á integración social dun montón de xente que non tivo oportunidade con anterioridade. O que agrava aínda máis a situación é que nin os equipos directivos, nin o profesorado, nin o alumnado se decatan destas supresións polos camiños normais que é por medio da Inspección educativa, decátanse unicamente pola publicación no DOG.

Coido que realmente a vostedes isto do ensino preocúpalles realmente pouco e a solución e as alternativas para estas xentes non lles importa absolutamente nada.

Non me veña con que hai prazas noutros centros de ensino. Voulle poñer un exemplo claro ademais. Val Miñor e IES Cova Terreña: suprímese a educación permanente de adultos e este alumnado non ten a seguridade de se poder matricular cara ó ano que ven. O outro centro que ten educación de adultos, IES Escolas Proval, xa ten lista de agarda na ESO de adultos, díganme vostedes onde os van meter. Vanos cambiar de concello? Posiblemente.

Ademais a Consellería de Educación en todo este proceso sáltase absolutamente todas as canles de negociación. Os representantes sindicais do profesorado non teñen aínda hoxe coñecemento directo do por que destas supresións e vostede sabe perfectamente que é obrigatorio que as supresións de profesorado primeiro vaian ás

Xuntas de Persoal Docente que teñen que contar con toda a información; destas xuntas pasan á Dirección Xeral e desta á Mesa sectorial. Pero como vostedes evidentemente están por riba do ben e do mal, por riba da normativa, da lei, están por riba de todo, sáltanse absolutamente todo. Saltan as canles de negociación e seguen aplicando ese martelo neumático para derrubar todo o que se fixo no goberno anterior, todo o que soe a sistema público e neste caso a sistema público de ensino.

Pero coido que podemos estar moi tranquilos porque non sei moi ben en calidade de que vostede ten a información que non teñen nin os centros, nin os equipos directivos, nin o profesorado, nin o alumnado, nin sequera os representantes do profesorado. Vostede si ten a información.

A súa forma de gobernar e de entender a democracia é realmente curiosa e para rematar voulle poñer un último exemplo que é o Francisco Sánchez en Tui onde se decatan, como non, da supresión da educación de adultos polo DOG. O Sr. Alcalde chamou ó conselleiro e automaticamente reabriuse o ciclo. Sabe vostede a que partido pertence o alcalde de Tui? Coido que si.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. López Carreira, propoñendo se inste á Xunta de Galicia a manter a educación permanente de adultos en todos o centros de ensino nos que ven funcionando, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (159).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DO SISTEMA

GALEGO PÚBLICO DE SERVIZOS SOCIAIS. DOC. 100096266.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo, número 100096266, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Dende que o PP accedeu á Xunta de Galiza marcouse como un obxectivo político o de dismantelar as accións máis significativas desenvolvidas no goberno galego polo BNG. Neste senso situaron o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no centro da diana, xunto con outras iniciativas estruturais implementadas polo nacionalismo no goberno galego. Non responden, as intencións da Xunta, a un mal funcionamento do Consorcio ou a un descontento dos concellos e da cidadanía cos seus servizos, senón a un interese puramente partidista para borrar a pegada nacionalista na Xunta. Tamén responde a un interese do PP de converter os servizos de igualdade e benestar nun negocio, ao través da privatización da súa xestión.

A estratexia que utilizan para suprimir ou privatizar os servizos sociais públicos, o goberno do PP na Xunta acode a unha secuencia repetida en numerosas ocasións: primeiro degradar os servizos e fomentar o seu mal funcionamento, despois, descualificalos socialmente, intentando retirar o apoio social co que contan e, por último, dismantelalos, suprimilos ou privatizalos.

O BNG reivindica a consolidación dun sistema público galego de servizos sociais, tal e como recolle a Lei de Servizos Sociais de Galicia aprobada no ano 2008, que garante os recursos e equipamentos precisos para afrontar as necesidades sociais do conxunto da poboación galega –servizos aos que temos dereito, vivamos onde vivamos–, co obxectivo de favorecer a cohesión social do país, reforzando os vencellos sociais e combatendo os procesos de desestruturación territorial e social, abordando, tanto as situacións de falla de autonomía persoal, como as de pobreza e exclusión social ou nas que existan menores en conflito ou desamparo.

Defendemos a consolidación dos servizos sociais comunitarios (básicos e específicos) como servizos de competencia local que son, dirixidos ao conxunto da poboación dun territorio determinado, baseados no desenvolvemento de accións preventivas, de atención integral a persoas e familias e de incorporación social e laboral. Enmarcados no sistema público galego de servizos sociais, estruturado en rede e coordinado cos outros servizos para o benestar: de saúde, educación, emprego, vivenda, migracións, etc.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a que poña en marcha o desenvolvemento pleno da Lei de servizos sociais de Galicia, en vigor dende o 18 de marzo de 2009, na que se definen os servizos sociais como un sistema público.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia que concrete o citado desenvolvemento nos seguintes aspectos:

- a) Implantación da tarxeta social galega coa posta en marcha do expediente social básico.
- b) Posta en marcha do catálogo de servizos sociais.
- c) Revisión urxente da regulación da renda de integración social de Galicia.
- d) Elaboración da lei galega de inclusión social.
- e) Consolidación da rede de oficinas comarcais de servizos específicos.
- f) Consolidación da xestión pública dos centros de atención xerontolóxica.
- g) Constitución inmediata dos órganos de participación recollidos na lei, concretamente o Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de xullo, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Traemos unha moción que fala en termos xerais dos servizos sociais e a verdade é que, logo de presenciar o que acabamos de presenciar nesta Corporación, unha se pregunta se paga a pena traer aquí algo que fale de servizos sociais.

Levo 34 anos en política, era moi nena cando empecei e nunca sentín vergoña de ser política nin dende logo de militar onde milito, nin de pertencer á organización á que pertenzo. Agora mesmo sigo estando orgullosa da organización á que pertenzo pero case sinto vergoña de pertencer á clase política por unha razón: porque parece que aquí o único que se está a facer e pedir e xogar cos votos. O que se quere son votos e non importa para nada a dignidade das persoas, iso é o que importa menos. Ó Partido Popular e ó Partido Socialista non lles importan as persoas, impórtanlles os votos que poden perder no Barrio de Ribadavia.

Tróuxose corenta mil veces aquí a posibilidade de moreiras de situacións, nestes momentos non hai ningunha máis para o albergue que o Barrio de Ribadavia porque a Xunta de Galicia co consentimento do Sr. Alcalde pechou a única posibilidade que era abrir a Gota de Leite. Esta é a realidade e quedaría mal se non o digo. Repito que non se xoga coa dignidade das persoas, non se deixa á xente tirada na rúa.

Sr. Alcalde, este é un chamamento: faga posible que os veciños de Ribadavia teñan no seu barrio o que teñan que ter e que efectivamente necesitan, pero faga posible tamén a construción do albergue.

Sr. Figueroa, Sres. do Partido Popular, abran inmediatamente a Gota de Leite, sitúese aí o albergue e entón xa non haberá problema coa situación no Barrio de Ribadavia. Se non é na Gota de Leite ou no Barrio de Ribadavia non haberá albergue porque non

é posible ningunha outra situación a non seren que vostedes queiran levalo ó medio do mar ou a un monte de Vigo onde non irán as persoas en exclusión social porque maioritariamente non se moven da zona céntrica.

Falando de servizos sociais, Sres. do Partido Popular dende que vostedes accederon á Xunta de Galicia marcáronse coma único obxectivo político o desmantelamento de todas aquelas accións que fixera o goberno bipartito. Especificamente marcáronse coma únicas accións desmantelar o que montou o BNG porque o BNG sempre apostou por políticas transformadoras e non lle importan os votos. Temos múltiples exemplos dese desmantelamento: as galescolas, as oficinas de igualdade e benestar nos concellos, o concurso eólico, a lei do comercio que a transformaron. Agora temos os CIN que tamén queren desmantelar non dándolles o suficiente diñeiro para que permanezan en pé e sobre todo temos a disolución do Consorcio Galego de Igualdade e do Benestar. Acaban do disolver cos seus votos e mesmo en contra dos seus alcaldes para transformalo en algo que non existe, incumpríndose mesmo a propia Lei de servizos sociais.

A cidadanía ten que saber que este desmantelamento non responde a que os centros non estiveren funcionando ou a que a cidadanía non sega demandando eses medios. Responde a que como Atila están na Xunta desmantelando o que outros que cremos verdadeiramente nos servizos públicos, fomos montando paseniño. Ademais tamén porque a vostedes o único que lles gusta practicar é o máis atroz neoliberalismo e privatizar, non lles importan os servizos públicos.

Vostedes acaban de desmantelar o Consorcio Galego, acaban de integralo na Axencia Galega de Servizos Sociais da que aínda non están aprobados os seus estatutos e en contra dos propios informes emitidos polos técnicos da Xunta de Galicia. Tiveron que acudir a unha auditoría de fóra que lles permitise encadrar nun futuro ao Consorcio na Axencia Galega. Deixaron ós concellos sen recursos e sen representación para atender ós milleiros de persoas que teñen problemas a todos os niveis. Falamos dos servizos básicos que prestan os concellos e dos servizos específicos que ten a Xunta de Galicia.

Dende que vostedes están no poder non foron quen de abrir ningún outro centro de día que non estivese licitado pola Xunta anterior; de facer unha nova escola infantil que non estivese xa licitada e non foron quen de mesmo manter os servizos que se tiñan como os centros “Quérote”, etc. Esta é a política da Xunta do Goberno do PP que están a ter.

Unha das cuestións que está enriba da mesa do presidente da Xunta de Galicia, Sr. Feijóo, é precisamente o desenvolvemento da rede de albergues públicos que iniciou a Xunta anterior e que vostedes non foron quen de concluír. O primeiro exemplo dese desenvolvemento era a Gota de Leite e vostedes o único que fixeron foi pechar o xa feito. Esta é a realidade.

Ó Sr. Conde éncheselle a boca dicindo que este goberno non fai garderías nin centros de día. Cantas fixeron vostedes que non estiveran xa licitadas? Por que o xerente do Consorcio cando esta concelleira lle ofreceu terreos dixo que non necesitaban máis terreos para a construción de centros de día nin de escolas infantís porque o único que ían facer precisamente era rematar os que xa estaban? Efectivamente estamos nun mal momento a nivel de crise pero vostedes tiñan perfectamente previsto o que querían facer porque xa ía no seu programa de privatizacións.

Tiñan xa previsto que o sistema galego do benestar ía ser desmantelado para que primara a privatización e que non ían construír novas instalacións e o primeiro que se lle ocorre ó Sr. Feijóo é achacar á crise o feito de non promocionar ós servizos públicos, non van facer máis centros nin ningún tipo de dotación para servizos sociais.

Moi ben Sres. do PP, non fai falta que nos dean esta noticia nestes momentos. Nós xa sabíamos que estaba previsto que vostedes fixeran isto porque o iniciaron dende o primeiro momento en que tiveron o goberno. Esta é a súa política e isto é o que ten que saber a xente do Partido Popular.

Traemos unha moción e sabemos que nos vai custar moito traballo que vostedes cumbran o que aquí se pide pero dende esta Corporación e dende este Goberno imos seguir demandando isto. Por iso instamos á Corporación a que aprobe o seguinte acordo...

*Deseguido a Sra. Méndez Piñeiro procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.*

SR. LÓPEZ FONT: Coido que estamos na defensa da moción presentada polo BNG sobre a defensa do sistema galego público de servizos sociais. Efectivamente o Grupo Municipal Socialista está a favor desta moción, por suposto que imos votala a favor con todas as argumentacións porque nos sentimos partícipes do que o goberno do Sr. Touriño fixo en materia de servizos sociais e polo tanto esiximos ó actual

gobierno do Sr. Núñez Feijóo que cumpra con esta normativa.

O que non pensei é que estivésemos nunha moción na que volvésemos tratar o tema do albergue e que servise esta moción de segunda volta para facer un chamamento ó alcalde por parte da Sra. Méndez.

Sra. Méndez estou moi orgulloso de pertencer ó Partido Socialista que non xogou nunca coa dignidade das persoas. Vostede levará en política 34 anos, posiblemente os mesmos anos que leve de andaina o BNG pero o Partido Socialista leva máis de 130 anos traballando pola dignidade dos españois e diso non poden presumir todos os partidos políticos.

Nós non nos avergoñamos do que facemos e estamos traballando pola dignidade das persoas. Tanto é así que trouxemos a este país a sanidade gratuíta para todos, avances sociais coma o aborto e coma o divorcio, a Lei de dependencia que recolle a protección dos máis desfavorecidos e trouxemos dende o goberno central todas e cada unha das medidas sociais que se tomaron.

Aproveita vostede esta moción para falar do albergue. Pois saiban os veciños de Ribadavia e todos os veciños de Vigo que os socialistas queremos un albergue para esta cidade e o primeiro que todos teríamos que dicir que é o albergue que nunca construíu nin posibilitou o Partido Popular. Estamos a favor dun albergue pero o que non vale, Sra. Méndez, son intransixencias. O primeiro que ten que facer este goberno é facer fronte ó Partido Popular e o acordo e a posición deste goberno é que se tanto nos preocupan as persoas, se non queremos xogar coa súa dignidade, se están en risco de morrer algúns na rúa, en fronte e moi preto temos un edificio que se pode abrir mañá e o culpable é o Partido Popular. Iso é o que hai que dicir.

O primeiro que hai que dicirlle ó Partido Popular é que se deixe de facer xogos de palabras, de facer propostas que non levan a cabo co edificio da Gota de Leite e que de mañá en quince días esta cidade teña albergue. Nós defendemos o albergue e fíxese se é así que no primeiro ano de goberno puxemos a disposición coma albergue provisional a Escola de Hostalería. Foi decisión deste goberno e dunha concellería á que lle correspondía ese edificio poñer a disposición da cidade un albergue.

Ese é o noso posicionamento e non estamos a xogar absolutamente con ninguén, deixámolo claro dende o primeiro momento. A postura deste goberno é esixirlle ó Partido Popular que é quen está a xogar coa vida dos seres humanos, que se abra a Gota de Leite que é un edificio preparado para poder abrirse e vostede sábeo. Evidentemente ante a insensibilidade do Partido Popular hai outras opcións e vostede

como democrata debe admitir que as poida haber. Nós aínda estamos a esperar ver cales son as argumentacións para que non se poida abrir o albergue no edificio da Escola de Hostalería.

Coido que non se pode acusar coma o fai. Do Partido Popular espero absolutamente todo pero non se pode xogar con argumentacións da parte do BNG. Vostede sabe coma min que este é un goberno que funciona sobre o debate e sobre a discusión permanente e cando saímos á rúa cun pronunciamento, é o pronunciamento deste goberno que é o que dixen anteriormente: edificio da Gota de Leite.

Moita propaganda por parte do Partido Popular de servizos sociais, sobre preocupación polos máis necesitados pero aínda teñen que dar unha explicación a todos os cidadáns de Vigo, a todos os que padecen esa falta de albergue nesta cidade do por que non abren a Gota de Leite. Esta é a prioridade.

Manifesto aquí que o Partido Socialista non xoga nin con as persoas nin con os votos. Basta xa de frases feitas, basta de parecer que algúns somos mercenarios dos votos e outros son moi limpos e puros. Non, Sra. Méndez, como mínimo preocupánnos ós socialistas tanto coma a vostede as persoas sen teito pero queremos a mellor situación, queremos un proxecto que sea consensuado coa zona na que vai e iso é o que dixo o Alcalde ó seu goberno, iso é o que está a dicir o Grupo municipal Socialista.

Non me avergoño de estar en política e non consinto que ninguén diga que se avergoña do meu partido porque repito que o meu partido leva máis de 130 anos defendendo en condicións extremas ós que máis o necesitaban. É o partido que trouxo a mellora das pensións cando non o fixo ningún partido a este país. Por moito que ría o Sr. Conde cando queira comparamos os datos do inxente labor social que fixo o goberno do Sr. Zapatero fronte ó que fixo o goberno do Sr. Aznar, porque ó final todos os logros en materia de política social fixéronse por este goberno.

Eu si me quero referir á moción que está presentada neste punto da orde do día e esiximos ó goberno do Sr. Núñez Feijóo, tal e como se pide no texto de acordo da moción, que atenda ós servizos sociais.

En canto ó albergue, dado que se aproveita calquera ocasión para falar del, coido que queda suficientemente clara a postura do Grupo municipal Socialista co que dixen anteriormente.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndennos os debates do goberno local con respecto a un



tema tan importante coma é o albergue, que coidamos que deben telos en privado e non traer ó Pleno as súas discusións internas senón solucionarlas en privado e logo tomar unha decisión en conxunto.

Tamén nos sorprende que o Sr. Font diga que o primeiro empeño debe ser facer fronte ó Partido Popular. Iso non debe ser o primeiro senón que estou de acordo coa Sra. Méndez Piñeiro de que ten que ser mellorar a calidade de vida das persoas e mellorar a situación de risco de exclusión social na que se atopan. É unha responsabilidade de seu como goberno local e non nosa, por moito que vostede se empeñe en dicilo. Saben moi ben que é de seu, que se teñen que poñer de acordo e dar unha solución a este grave problema que temos na cidade e que está a morrer moita xente nas rúas de Vigo.

Ó Sr. Font que tanto lle preocupan as persoas sen teito, nunca miramos a ningún membro do Grupo Socialista nunha concentración ou nunha manifestación reivindicando o apoio ás persoas que están nesa situación, ás persoas que faleceron e polas que houbo moitas reivindicación e xamais houbo ninguén do Grupo Socialista. O Día contra o SIDA, nunha morea de actos reivindicativos con respecto a calquera tema social nunca se presentaron membros do Grupo Socialista. Vese que o apoio é de palabra pero de obra, a realidade é a que é.

Con respecto á moción que nos traen hoxe sorpréndenos moito porque dentro da propia exposición de motivos fala do Consorcio como se fose a maior representación dun ente público que vai salvar a Galicia de todos os problemas sociais que tiña, íanse crear garderías, centros de día, centros de maiores, pero a realidade do Consorcio é que non era un ente público, Sra. Méndez. Actualmente ten corenta denuncias do seu persoal debido á ilegalidade nos contratos.

Normalmente estas persoas eran contratadas por obra ata rematar un plan determinado, concretamente o plan de familia que remataba no ano 2011. En realidade estaban a facer funcións do plan de inclusión social que remataba no ano 2013. Non só iso senón que ademais entre SEAGA e o Consorcio, soamente dous dos *chiringuitos* creados por Vicepresidencia, colocaron a máis de 4.100 empregados, avisando a Inspección de Traballo que estaban en fraude de lei, 4.100 persoas cun contrato ilegal que estaban constituíndo unha ilegalidade. O BNG fixo oídos xordos a estas recomendacións e contrataron a esa xente, o que trouxo que estes organismos estean no xulgado debido á falta de responsabilidade.

Ademais o consorcio chantaxeaba e extorsionaba a todos aqueles concellos que non

se adherían. A chantaxe era que non terían centros de día, centros de maiores, residencias nin terían dereito a subvencións dentro dos servizos sociais. De feito a Sra. Porro no seu día adheriuse ó Consorcio precisamente para que a cidade de Vigo puidese ter todas estas opcións de servizos sociais incluído o albergue porque senón o recorte ía ser moi importante e negábase toda axuda. Iso é extorsión e chantaxe dentro dos servizos sociais.

Ademais na moción solicítase a modificación da RISGA. Durante os catro anos de goberno bipartito da Xunta as persoas cobraban 278 euros para a súa supervivencia sen ningunha alternativa laboral, de mellora social, nin de superación persoal, sen opcións de futuro. Esta axuda mantiña ó pobre na súa pobreza, non había ningunha opción, sinxelamente era un mero instrumento para canalizar os subsidios.

En maio de 2010 reuniuse a Mesa de diálogo social integrada pola patronal, as centrais UXT e CCOO, onde non está a CIG e por iso non están informados de todos os avances en materia de servizos sociais que se están a realizar. Tamén integrada polas consellerías de Traballo e Economía. Refórmase a RISGA para convertela nunha ferramenta de inclusión, non como mantedora de exclusión que era o que vostedes facían. Obrígase ás persoas que perciben esa axuda a facer cursos de formación, participar nos planes activos de emprego e así se abandona esa política do BNG de pan para o pobre para pasar á procura activa de emprego e formación e incrementar as posibilidades dun futuro mellor.

Tamén me sorprende que dentro da súa moción fala da incorporación dos concellos ás prestacións e todo tipo de actuacións con respecto ós servizos sociais da Xunta de Galicia. Eu presentei unha moción en novembro do ano 2007 na que solicitaba exactamente o mesmo e daquela votárona en contra. Non só iso, senón que a Lei, na disposición adicional segunda, fálase que “O Consorcio Galego de Igualdade e Benestar promoverá a coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos a fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia”, como xa no ano 2007 recomendaba a FGAMP. Vostedes votaron en contra a algo que agora mesmo reivindicán con esta moción. Cando vostedes gobernaban na Xunta de Galicia non apoiaban este tipo de actuación pero agora si que cambiaron, non sabemos moi ben por que, imaxino que para ir en contra do traballo e do labor que si se está a levar a cabo dende a actual Xunta de Galicia.

Comentan na moción que a Lei entrou en vigor o 18 de marzo de 2009, pero na disposición adicional terceira dinos que ten un marco temporal de cumprimento de

obxectivos e obrigas nun prazo máximo de seis anos. Coido que o Sr. Núñez Feijóo leva gobernando soamente un ano e uns meses na Xunta de Galicia. Coido que teñen o prazo de seis anos para levala á practica pero de feito xa se están a facer todo este tipo de iniciativas aínda que efectivamente non estean sobre o papel moitas delas, senón que se está dialogando cos sindicatos e a patronal e reuníndose a través da Mesa de diálogo social.

Tamén nos sorprende que vostedes en dous anos e medio que estiveron gobernando na Xunta de Galicia, concretamente en Vicepresidencia, non foron quen de levar a cabo a Lei de dependencia que se fixo efectiva en xaneiro de 2007 a pesar de todas as promesas.

O Consorcio e CEAGA empregaron a 4.100 persoas desoíndo as recomendacións da Inspección de Traballo e baixo toda ilegalidade, por iso o Consorcio ten que desmantelarse. Extorsionaba ós Concellos e vostedes estaban mantendo ó pobre na súa pobreza con esas políticas de pan para hoxe e fame para mañá sen ningunha esperanza dun futuro mellor.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Só unha resposta por alusións ao Sr. Font. Eu reivindico a coherencia política e o Partido Socialista non a ten cun tema coma o albergue porque o Sr. Alcalde dixo que a Gota de Leite a quería para Policía Local na época da Vicepresidencia e fun testemuña diso coa directora xeral de Servizos Sociais.

Non ten coherencia porque non foron vostedes quen pediron a Escola de Hostalería senón que foi esta concelleira e este grupo municipal quen lles pedimos por favor que nos abran a Escola de Hostalería, onde nin sequera hai duchas, para que polo menos durmiran a cuberto. Este ano foi esta concelleira e o meu grupo político quen fixemos posible a apertura do centro do Berbés para que polo menos se puideran duchar.

Iso é a realidade, iso é coherencia. Vostedes seguiron reivindicando dunha forma provisional a Gota de Leite que non o fixeron como forma definitiva e a Xunta, os señores do Partido Popular, nin sequera como provisional, preferiu que a xente durmisse alí antes de abrir o baixo da Gota de Leite que xa está preparado.

Pero imos á moción. É alucinante a defensa que fixo a Sra. García do que está a facer a Xunta en servizos sociais. Din que o Consorcio non é un ente público e que dende a Vicepresidencia do bipartito chantaxeaban ós alcaldes; é curioso que se meteran todos os do Partido Popular e a primeira en asinar foi a Sra. Porro, podería ter

esperado a ser a última pero non e ten aí unha testemuña, que é o Sr. Figueroa, de que dixo “Por fin se vai facer algo por Vigo e eu vou contribuír”. Dende esa perspectiva sempre llo agradecerei á Sra. Porro porque nese caso ela si que pensou nas persoas, non o Partido Popular. Podo recoñecerlle iso aínda que non lle vou recoñecer que fora ela tamén quen decidiu que na Gota de Leite se fixera un centro de emprendedores.

Vostedes o único que están a facer é desmantelar o feito, non porque sexa ilegal senón porque como di a xente “dóelles”, porque se estaba creando o sistema galego de benestar social público e gratuíto onde podía acceder todo o mundo, onde se ía crear unha tarxeta social coma a tarxeta sanitaria, universal, para que todo o mundo tivese acceso ós servizos sociais, onde se ía crear un Consello Galego do Benestar onde a xente puidera opinar, onde se ía poñer en marcha unha nova RISGA. Todo iso contéplase na Lei de servizos sociais, levan un ano e non a moveron, o único que fixeron foi desmantelar todo aquilo que estaba xa previsto para cumprir co seu programa electoral, para cumprir co que vostedes din porque queren a privatización. Critican ó consorcio porque tiña un persoal que entrou por unha vía legal. Están a facer unha afirmación e falan de chantaxe. O chantaxe é un delito e polo tanto se pode denunciar. Non só iso senón que ademais vostedes non foron quen de desenvolver unha soa acción no primeiro ano da Lei de servizos sociais, desmantelaron canto había, descenderon un posto nos servizos da Lei de dependencia. Isto é a realidade do Partido Popular.

Agora non queren falar directamente cos concellos senón que o que fan é falar cos seus por atrás e a nós nos meten na representación da FEGAMP. Falan de privatización e o que fixeron foi darlle ás empresas privadas os centros de día.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, en defensa do sistema galego público de servizos sociais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (160).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA QUE INVISTA CON URXENCIA OS ORZAMENTOS NECESARIOS PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO COLEXIO ALTAMAR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 19 de xullo, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, formula a seguinte moción:

“A falta de terreos municipais libres no centro urbano é a razón que impide o Concello de Vigo proporcionar á Xunta de Galicia unha parcela na que se poida construír un novo colexio.

Dende a concellería de Educación solicitouse un informe sobre as posibilidades de ampliación das instalacións do CEIP Altamar, sito na rúa Cesáreo González, á vista das múltiples carencias con que contan as actuais dependencias deste centro educativo.

No informe proporcionado pola oficina de Obras e Proxectos Municipais sobre as condicións urbanísticas dise que no Plan Xeral de Ordenación Municipal, a parcela de propiedade municipal de 2.002 m. cadrados, con referencia catastral 2343304NG2724S0001XT se corresponde na súa totalidade cun ámbito delimitado coma equipamento local escolar, sendo de aplicación as determinacións recollidas no capítulo 9.13 de áreas e edificacións dotacionais, e particularmente as definidas na sección 4ª para o uso dotacional educativo.

Tendo en conta as posibilidades da parcela que ocupa o centro actual, máis as ampliacións necesarias en altura e aproveitamento de espazos lindeiros, considérase desde o Concello que é esta parcela adecuada para empregar os 400.000 euros comprometidos, no derrubamento e elaboración do proxecto de construción do novo centro, destinando os recursos económicos necesarios para construílo canto antes.

O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a:

Investir con urxencia os orzamentos necesarios na construción do novo colexio Altamar, na actual parcela do centro educativo.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xullo, ditamina favorablemente.

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: Esta moción trouxérona vostedes unha chea de veces, pero non vexo que hoxe teñan público que os ampare con pancartas pedindo espazos, quizais sexa porque estamos en vacacións ou tamén é posible que non veñan a todos os Plenos.

Coa exposición de motivos desta moción quero clarexar que o Colexio Altamar por fin ten o terreo que necesita. Digo por fin porque non é que antes non estivera, senón que non houbo maneira de conseguir que o delegado territorial da Consellería considerara esta proposta da que aínda non recibimos ningún tipo de resposta nin ningunha información malia o seu envío, pero a ver se por fin deciden facerlle caso.

Repetimos centos de veces que desgraciadamente nos centros da cidade non hai espazos libres para poder facer edificios públicos e moito menos escolas públicas, diso non hai máis ca no monte, pero iso acontece en todas as cidades. Nos tres anos anteriores a nós nos que vostedes estiveron tampouco presentaron unha solución a este problema que existe dende hai moitos anos.

A posibilidade que se presentou cando repetidamente o Sr. Alcalde e máis eu visitamos o centro era que se había desenvolvemento de espazo na zona do Carme iso sería o ideal porque alí podería haber un lugar de 10.000 m<sup>2</sup> que permitiría a construción dun centro público de dúas liñas como mínimo. Non se deu polas circunstancias de que o desenvolvemento da construción quedou parado como todos coñecemos e tivemos que adaptar a situación ó espazo actual.

Fixémoslle como proposta á Consellería que convertera a residencia de estudantes en colexio ó que esta se negou, non porque non fose posible porque se lle ofertaba terreo para facela noutro espazo da cidade e todos sabemos que non é o mesmo que se traslade a estudantes de idades de máis de 18 anos que trasladar nenos pequenos.

A seguir formúlase a posibilidade de desfacer o que está feito, ese apartado como colexio, e construír de novo aí. A resposta pública a través da prensa foi que iso era unha chapuza e nin sequera se molestaron en pescudar en Urbanismo se o era ou non, sinxelamente fixeron unha descualificación. Logo de todo o traballo feito e logo de todas as veces que solicitei falar coas distintas persoas representantes de Educación, co conselleiro, co director xeral, co xefe e coa delegada territorial, todos deron boas palabras, amables no seu comportamento pero totalmente negativos na súa actuación.

Ninguén dá o que non ten e nós non temos outro terreo. O espazo famoso do Museo Liste non é utilizable para un colexio cando se pode facer no espazo actual, cando hai outras opcións moi útiles e non veñan co pretexto de que o colexio estaría mellor alí. En primeiro lugar porque é pequeno, en segundo lugar porque todo o barrio considera que é un servizo que ten dereito a recibir e non é xusto que por cuestión de enfrontamentos de partidos se elimine un espazo.

Non hai máis ca pretextos, teñen o espazo, as condicións e as posibilidades. Farteime de buscar solucións e a mellor que apareceu foi cando a oficina de Obras e Proxectos municipais presentou un informe sobre as condicións urbanísticas do Colexio Altamar situado na rúa Cesáreo González do Concello de Vigo. Este informe está asinado por dous arquitectos da Xerencia de Urbanismo; di que se pode construír aí o centro, dobrar a súa capacidade, reuniría todas as condicións esixidas por lei e ademais este goberno está disposto a que se utilicen os espazos libres, os espazos abertos necesarios para patio escolar durante todo o tempo que estea o alumnado no centro escolar. Ese espazo estase utilizando actualmente pero se ampliaría, mesmo a parte dos frontóns que están pouco utilizados e como comprenderán vostedes diante da necesidade do alumnado, nin se cuestiona sequera que sexa prioritario.

O que hai que considerar son as prioridades. Se eu quero facer unha determinada actuación pero lle dou prioridade a outra de menos importancia, o problema é meu. Aquí o problema está xustamente en marcar a prioridade, cal é a necesidade e a importancia.

Se me van dicir entre outras cousas que o espazo deportivo é moi necesario, direilles que hai unha cantidade de actuacións en espazos deportivos ultimamente que poden cubrir todas as necesidades que se presentan na cidade, así que non hai pretexto para que o Partido Popular non se poña a traballar, a facer o que ten que facer. Non se pode negar un a que unha residencia se converta en colexio porque non dá a gana, non se pode dicir que algo non se fai porque é caro ou o outro porque xustamente o propoñen vostedes. Terán que asumir a responsabilidade e agora téñena vostedes.

Dicían que se ían perder 400.000 euros. Teñen todos os cartos aí para facer o proxecto, derrubar o feito e poñerse mans á obra. Seica non lle chegan eses 400.000 euros pero este ano xa os poden utilizar e gastar, para o ano farán vostedes o colexio integramente. Saben que en Vigo houbo dúas actuacións importantes en épocas anteriores cando se derrubaron colexios e reconstruíronse en 87 días. Non é cuestión

de tempo, non é cuestión de pegas, é cuestión de vontade.

Ademais queredría solicitar á Delegación Territorial da Consellería e á delegada territorial que por favor escoiten a esta concelleira, a este Concello para con convenios facer as obras axeitadas.

Non entendín cando se abstiveron aquí vostedes no tema dos comedores escolares porque é obriga da Consellería facelos, non o é do Concello quen en troques está asumindo cousas necesarias que non lle corresponden.

A Concellería de Educación ten como gasto dos centros educativos desta cidade a cantidade de 5.675.000 euros, iso só en mantemento; en auto xestión 700.000 euros; en gastos de auga, electricidade, gas e todo o demais 500.000 euros ó ano; porteiros-vixilantes, alarmas, seguridade 1.500.000; limpeza 2.600.000 euros; convenios de comedores 470.000 euros para dar as bolsas e para axudar a que funcionen.

Señores do Partido Popular, pediríalles a súa axuda para que a Xunta responda ó que ten que responder facendo as obras que lle corresponden, facendo convenios con nós para o facer ben e sacar bos resultados. Por favor, colaboren con nós, estamos dispostos á colaboración, non temos nada en contra de colaborar, de participar, de axudar, pero non nos digan que non polo non, digan que si ó que hai que facer.

SRA. LARRIBA LEIRA: De verdade que non damos crédito á proposta que traen vostedes hoxe aquí. Algún pai ca outro do Colexio Altamar si que está aquí, se vostede fose máis polo colexio seguramente os coñecería, soaríanlle as súas caras, pero non me estraña que non veñan porque nos tres anos que levamos desta lexislatura este tema tratouse aquí vinte veces.

En primeiro lugar a proposta é ilegal e voulle demostrar por que. En segundo lugar porque na súa proposta interveñen outras institucións importantes como é a Consellería de Traballo e Benestar Social ou como é o Instituto Municipal de Deportes, dos que non sabemos a súa opinión. Vostede ven aquí facer unha proposta e nin sequera consultou previamente coas dúas partes implicadas que son a Consellería de Traballo e Benestar da que depende a residencia xuvenil e a quen lle haberá que dar unha proposta de residencia alternativa. Ou é que vostede propón cargarse a residencia xuvenil e non proporcionar outro espazo?

Por outra banda, sobre o uso do espazo dos frontóns que vostede propón, que di o Instituto Municipal de Deportes? É certo que os frontóns son as instalacións menos



utilizadas desta infraestrutura? Gustaríame coñecer a opinión do Sr. Tenente de alcalde, Sr. Domínguez, que é o responsable desta área de goberno de Deportes, gustaríame escoitar da súa boca que esas instalacións deportivas en pleno centro da cidade son facilmente substituíbles, aínda que neste caso prescindibles porque vostede directamente di que pasarían seren parte do novo colexio que se edificara sobre o novo solar. Pero ademais para o que vostedes propoñen é necesario modificar o Plan Xeral. Por iso digo que non dou crédito que logo de dar voltas a esta perdiz durante tres anos vostedes presenten esta proposta tan pouco seria.

Comezarei por explicar o que queremos dicir cando falamos de inviabilidade técnica e urbanística para facer esa ampliación que vostedes propoñen no mesmo solar.

O informe ó que vostede se referiu prevé que a edificación veña cara á liña de rúa para gañar aí un volume, pero con iso sería imposible o acceso á residencia xuvenil porque a esta se accede por aí. Con esa proposta de adiantar o edificio ata a liña de rúa os residentes terían que voar e entrar por unha fiestra.

Por outra banda o seu informe obvia, esquece, descoñece e ignora a normativa actual, está baseado nun decreto de 2003 que se derogou no 2007. Pero non só é que ignore que ese decreto ó que vostede fai constantemente referencia estea derogado, senón que ademais hai unha normativa de marzo deste ano e polo tanto vixente onde se fixan os requisitos mínimos que os centros que imparten ensinamentos de educación infantil de primeiro e segundo ciclo teñen que observar. Nesta proposta, que é un edificio de nova creación, non se debería escatimar nin un só centímetro do que pon a normativa vixente.

Pero hai outra cousa que o informe que vostede presenta simplifica erroneamente. Os dous volumes que existen conxuntos na parcela da que vostede está a falar e sobre as medidas polas que vostede está a facer a proposta de ampliación, suman unha superficie de 1.799 m<sup>2</sup>, pero eses edificios están unidos de maneira indisoluble porque en orixe concibíronse como unha única unidade, é dicir e para que nos entendan os cidadáns, o Colexio Altamar é como un sándwich, ten dun lado a residencia xuvenil, o colexio está no centro, pero á dereita do colexio hai un salón de actos e a vivenda do director da residencia xuvenil que forma parte dela. Na parcela que vostede propón e nas medidas que vostede propón hai dúas titularidades, a do terreo municipal sobre o que se asenta o edificio e outra pertencente á Consellería de Benestar Social e Traballo da que vostede descoñece cal é a súa opinión con respecto a ceder. Non se dirixiu en ningún momento a esta Consellería para lle solicitar a

cesión desa superficie da parcela. Como digo, no seu informe simplificouse erroneamente esta cuestión e entenden que hai só dous volumes, o da residencia xuvenil e o do colexio e así o cálculo que se fai de superficie é erróneo. Este é un factor máis polo que a residencia non é viable e vou seguir debullando por que nos parece increíble a súa proposta.

A vostedes se lles enche a boca falando do desinterese da Xunta de Galicia no tema educativo en Vigo, pero francamente eu creo que se están referindo á Xunta anterior e non a actual porque dende logo o compromiso da Xunta actual con este colexio é moi claro. Hei lembrarilles que no ano 2008 a conselleira de Educación socialista da Xunta de Galicia foi quen prometeu un novo edificio para o Colexio Altamar. Hei lembrarilles tamén que a primeira proposta que fixo pública a proposta da parcela que está por debaixo do Museo Liste foi o Sr. Alcalde desta cidade. O alcalde D. Abel Caballero comprometeuse coa comunidade educativa dese colexio a que unha solución podía ser esa parcela, nunca foi unha proposta do Partido Popular.

Pero fíxense se lle interesa á Xunta de Galicia a educación pública, aínda que como digo vostedes veñen aquí dármonos leccións de xestión da educación pública, que entende que o centro educativo Altamar está en pleno centro, nunha zona que aínda está crescendo e que polo tanto vai aportar nos anos futuros un maior número de alumnos co que en absoluto se pensa en acurtar liñas, nin moito menos. Prevé que estas liñas poden ir en aumento. De momento contémpanse as dúas liñas de infantil e primaria para o que son necesarios, segundo a normativa vixente que vostede ignora no informe que presenta, 3.103 m<sup>2</sup> de superficie construída. Poderíase ampliar a superficie actualmente existente nun 30% segundo recolle o Plan Xeral, pero nos quedaríamos en 2.338,85 m<sup>2</sup>, é dicir tamaño inferior ó que a normativa actual esixe. Ademais a norma actual prevé uns espazos ó ar libre para patios e como no caso do Colexio Altamar hai unha liña de educación infantil, ten que ter previsto un patio cercado para os máis cativos e por iso as áreas ó ar libre teñen que ser superiores ó que vostede prevé no informe.

Seguimos sen saber a opinión dos responsables do IMD que é moi importante. Fíxese que astuta é a proposta que se presenta na moción que vostede non fala do IMD, evítao nomear e sinxelamente di: “Construción dun novo colexio na actual parcela do centro educativo”, pero na súa exposición de motivos si que nos fala do informe que lle fan os seus técnicos no que se di claramente que para completar a parcela sería necesaria a dotación deses dous frontóns do IMD. Ata onde nós coñecemos dos

usuarios do IMD precisamente son os frontóns as zonas máis usadas. Así que cando vostede me fala de que están pouco utilizados é que non nos estamos a referir ó mesmo centro ou é que vostede tamén fai esta proposta descoñecendo os usos do que vostede pretende que o Sr. Alcalde aprobe que é suprimir o uso dos frontóns. Nin sequera sabe o número de usuarios e afectados que se poderían dar por mor da proposta que vostede presenta aquí.

Creo que toda esta cuestión salienta, e vostede mesma acábao de recoñecer no seu discurso, que o Plan xeral de ordenación municipal non recolle unha previsión para ampliar colexios no centro de Vigo.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Semella que teñen vostedes por norma dicir que non sabemos nada, é unha norma que lles gusta extraordinariamente utilizar. Semella que polas miñas bancadas non sabemos nada, que somos uns absolutos ignorantes.

Sra. Larriba, non lle permito semellante afirmación en cuestión de educación. De ningún xeito. Levo traballando e traballo sobre seguro, nunca con ilegalidades, non fago ningunha proposta ilegal. Confirmei, non cos meus técnicos, senón cos técnicos de Urbanismo do Concello ós que lle pedín que fosen valorar a situación e foron eles, non eu, os que fixeron a valoración.

Como a Xunta de Galicia é unha e está gobernada polo mesmo partido parece absurdo que eu teña que falar coas distintas consellerías. Eu falei coa Consellería de Educación, isto propúxoselle ó propio conselleiro de Educación e se o Partido Popular non é capaz de falar entre si, é o seu problema. Eu estou disposta a falar con quen sexa, estou dispoñible para que me citen cando queiran e como queiran para falar deste tema. Propúxenllo e envieillo por escrito con Rexistro de Saída á Xunta de Galicia, ó delegado e á delegada territorial de Vigo. A todos eles estou aberta e disposta a dialogar pero non me fale a min de ilegalidades nin de ignorancia en Educación porque lle dediquei toda a miña vida, moito máis do que se pode vostede maxinar, non tiven nin tempo libre nin nada e ademais sería incapaz de propoñer unha ilegalidade.

Polo tanto cureime en saúde, acudín ós técnicos e afirmaron que se pode facer, que non hai nada en contra do Plan xeral e se a casa da directora e o pequeno espazo de xardín que non se utilizan se lle poden adxudicar ó colexio, non creo que doa nada. O famoso auditorio común da residencia está no medio do colexio, é un absurdo pero, á parte diso, é que non o utilizan, aínda que agora puxeron unhas cantas baterías para

dicir que van por alí.

Ademais hai que marcar as prioridades, Sra. Larriba, a prioridade non é os estudantes tocando a batería, son os nenos do Colexio Altamar e é a Consellería de Educación a que ten que falar coa Consellería de Traballo, coa de Benestar e todas as demais, non son eu quen teño que percorrer todas as consellerías. Son elas as que teñen que tomar acordos e o Instituto Municipal dos Deportes terá que ver que ten máis prioridade, que xoguen ó frontón unhas cantas persoas ou se o Colexio Altamar ten patio escolar. A Consellería de Educación vai ter todas as condicións precisas, tanto en espazo de construción como en espazo libre. Contestará se quere e se pode, estarei encantada de que conteste, pero aquí hai que ter en conta as prioridades.

Non se lle ocorra volver dicir que eu non estou informada en temas de Educación, dígolle que non absolutamente porque a que non ten información é vostede, nin sequera de Urbanismo que era o mínimo que podía facer. Calquera cambio que se faga alí é absolutamente legal, está permitida a proposta que se lles fai. Agora non busquen outros pretextos porque non os teñen.

Se están os pais aquí eu encantada, non os vexo porque non mo permite a columna e asegúrolle que fun bastantes máis veces ver o colexio ca vostede ou ca ninguén do Partido Popular.

Por que non resolveron o problema cando gobernaron vostedes? Que lles pasou? Temos que resolver nós todo cando vostedes estiveron moitos anos antes ca nós na Xunta de Galicia e tamén estiveron aquí tres anos e medio antes ca nós.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, propoñendo se inste á Xunta de Galicia a investir os orzamentos

necesarios para a construción do novo colexio Altamar, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (161).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Ó ALCALDE DE VIGO A PARTICIPAR NAS XUNTANZAS RELATIVAS Á CREACIÓN DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO ASÍ COMO FACILITAR CANTA INFORMACIÓN SE LLE DEMANDE. DOC. 100096066.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de xullo, número 100096066, o voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“No ano 2005 o goberno autonómico da Xunta de Galicia presentou no Parlamento de Galicia un proxecto de Lei da Área Metropolitana de Vigo que fora consensuado cos demais Grupos Parlamentarios. Trala chegada ó poder na Xunta de Galicia do bipartito PSOE-BNG dito proxecto paralizouse sen atender ás numerosas peticións de tramitación que a entón alcaldesa da cidade, Corina Porro, fixo ó entón presidente da Xunta de Galicia D. Emilio Pérez Touriño.

Coa chegada á Alcaldía de Abel Caballero dita situación, lonxe de solucionarse, enrareceuse aínda máis debido ás diferenzas amosadas entre o alcalde de Vigo e o goberno autonómico.

Tralas eleccións autonómicas de 2009 o novo goberno da Xunta de Galicia retoma o proxecto de lei que quedara redactado en 2005 coa firme determinación de impulsar a creación da Área Metropolitana de Vigo encargando diversos estudos e mantendo reunións cos concellos implicados cara a axilizar o proceso de creación deste novo organismo.

Somos coñecedores de que o Concello de Vigo, a través do seu alcalde, non está a acudir ás reunións convocadas nin facilita as informacións que lle son requiridas dende a Xunta de Galicia como unha mostra máis da súa intención de boicotear o proceso mentres ao mesmo tempo realiza declaracións contraditorias aos medios de comunicación demandando que o proceso de creación da Área Metropolitana remate con rapidez.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar ao alcalde de Vigo a participar activamente en cantas reunións se convoquen cara á creación da Área Metropolitana de Vigo, así como a facilitar canta información se lle demande con este mesmo obxectivo.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xullo, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Presentamos esta moción porque nas últimas semanas as novas que nos chegan a través dos medios de comunicación e tamén informados por algúns dos representantes que estiveron na penúltima xuntanza, sorprendeunos a actitude do alcalde e do equipo de goberno da cidade de Vigo porque non enviou a ningún representante a esa xuntanza que era importante para ultimar detalles sobre a constitución da área metropolitana de Vigo. Por iso nos parece grave que o Alcalde de Vigo obstaculice a través da súa non presenza nestas reunións a posibilidade de constituír e poñer en marcha todo o proceso administrativo da área metropolitana.

En calquera caso non nos sorprende porque a actitude do Sr. Alcalde en todo este proceso é moi significativa. Xa no ano 2007 en plena campaña electoral o Sr. Alcalde de Vigo promovía unha área metropolitana de vinte e oito concellos; no Parlamento de Galicia gobernando o bipartito tamén se rexeitou unha proposta sobre a área metropolitana de catorce concellos presentada polo Partido Popular; máis tarde o propio Sr. Alcalde de Vigo presentaba a lei de capitalidade que non sabemos onde está ese expediente administrativo, supoño que será outra desas grandes mentiras, outro deses grandes enganos á cidadanía.

Máis tarde a Xunta de Galicia do bipartito urxía unha área urbana das Rías Baixas; a finais do ano 2007 o bipartito dicía que a área metropolitana se discutiría no Parlamento antes do remate do ano, o Sr. Méndez Romeu falaba tamén dun consorcio, que xa non dunha área metropolitana; o Sr. Alcalde de Vigo buscaba a unidade de todos os concellos coa área metropolitana de vinte e oito; o Sr. Méndez Romeu logo xa pulaba unha dobre área metropolitana Vigo-Pontevedra, defendía dúas áreas metropolitanas; tamén dicía o Sr. Méndez Romeu que "...A Xunta prevé a creación da área metropolitana dentro dun ano" a principios do ano 2008, e seguía dicindo: "...alcaldes do BNG e Partido Popular só prevén unha área metropolitana formada por catorce concellos"; o Sr. Palmou dicía que o Sr. Méndez Romeu nunca quixo a área metropolitana de Vigo, o PP en Vigo esixía a área metropolitana de catorce; o Sr. Caballero mostrábase convencido de que a Xunta apoiaría a súa área metropolitana de vinte e oito, parecía que si pero ó final non a apoiaron; o Sr. Caballero afirmaba que os Sres. Touriño e Méndez Romeu defenderían a área metropolitana de vinte e oito. Algo importante: "O BNG deixa só ó Sr. Caballero e

négalle o apoio dunha área metropolitana de vinte e oito”, isto aconteceu neste propio Concello cunha moción presentada polo Partido Popular coa que o BNG rexeitaba a área metropolitana de vinte e oito concellos que defendía o Sr. Caballero. “O Sr. Touriño desoe ó Sr. Caballero e anuncia unha área metropolitana Vigo-Pontevedra”. Podería seguir porque temos aquí todas estas afirmacións e toda esta hemeroteca.

En definitiva, mentres gobernou o bipartito na Xunta de Galicia a área metropolitana paralizouse, primeiro porque querían un consorcio, segundo porque querían unha área Vigo-Pontevedra, terceiro porque querían unha área Rías Baixas e cuarto e quinto porque o bipartito non apoiaba ó Sr. Caballero na área de vinte e oito e non o facía por unha única razón: porque o Sr. Méndez Romeu non quería constituír a área metropolitana de Vigo porque quedaría en evidencia que a área metropolitana da Coruña non se puxera en marcha nin se iniciara o procedemento administrativo para tal fin.

O que nos preocupa moito agora é que o Sr. Caballero di que si a área de catorce. Benvido, Sr. Alcalde, ó que moitos vimos defendendo dende os anos 2002-2003 cando houbo un consenso importante de todos os grupos políticos, BNG, Partido Socialista e Partido Popular, comezouse cando era alcalde da cidade o Sr. Pérez Castrillo, logo continuouse coa Sra. Porro e todos estabamos nesa dirección. Vostede, Sr. Alcalde, como sempre, opúxose a aquela idea. Logo presentou unha alternativa que non apoiaron os seus compañeiros de partido e pola contra menosprezaron Vigo e dun xeito especial ó Sr. Méndez Romeu porque a estratexia do Sr. Méndez Romeu era moi clara, dicía que non se podía constituír unha área metropolitana de Vigo se a área metropolitana da Coruña, de onde el é nativo, non se poñía en marcha. Pero con todo isto o único que fixo foi prexudicar a Vigo e á súa área metropolitana.

Vostede agora, Sr. Alcalde, como sempre ten un dobre discurso, di que si á área metropolitana de catorce pero resulta que cando o convocan a unha reunión non asiste nin envía a ningún representante do Concello de Vigo para falar desa área metropolitana.

Para nós a área metropolitana é importante, tamén o é para esta Xunta de Galicia porque quere dar cumprimento ó acordo dos catorce concellos. Todos vostedes saben que houbo varias xuntanzas, unha privada co alcalde, logo outra pública cos catorce concellos e ademais se encargou un estudo de viabilidade porque dende os anos 2005-2006 este tema paralizouse coa chegada ó goberno da Xunta de Galicia do

bipartito e evidentemente necesita un novo estudo que xa está encargado á Universidade de Vigo onde levan traballando nel bastantes meses.

Parécenos coherente e responsable o que nós presentamos hoxe aquí sobre instar ó Sr. Alcalde de Vigo a que dea todas as facilidades para que se poida seguir coa tramitación da área metropolitana e ó mesmo tempo acuda ás reunións e facilite toda a información deste Concello para que se poña en funcionamento o máis axiña posible. Dende o Partido Popular instamos ó Sr. Alcalde de Vigo a que facilite información e a que acuda a todas as reunións ás que lle convoquen para que a tramitación desta área metropolitana sexa o máis áxil e rápida posible polo que pode significar como aumento administrativo que redunde en beneficio de Vigo e de toda a súa área metropolitana.

En calquera caso, coñecemos tamén todas as debilidades do Sr. Alcalde que di unha cousa e fai o contrario ou di o contrario e fai outra cousa.

Sr. Alcalde, xa deu vostede bastantes routadas con este tema, falou dunha área de vinte e oito, falou da lei de capitalidade que algún día presentaremos algunha outra moción para saber en que situación se atopa este proxecto, falou de áreas de dezaoto, logo de catorce, logo faláronlle de consorcios, etc. Parécenos que o que temos que defender todos e a área metropolitana de catorce que está en marcha e pendente dese estudo de viabilidade que acompaña tamén os datos que se lles facilitan ós concellos por parte da Universidade de Vigo.

En calquera caso parécenos que é unha moción oportuna dende o punto de vista positivo para buscar o apoio desta Corporación e dende logo para instar ó alcalde e ó equipo de goberno a que se engadan a todas as presentacións e iniciativas e por suposto, á tramitación non só da Xunta de Galicia, senón dos trece concellos restantes que se engadiron. Faltou o Concello de Vigo e deu plantón dunha maneira clara, supoño que cunha estratexia política premeditada de non acudir nin facilitar información para o procedemento administrativo e técnico que se está levando a cabo.

Pedimos o apoio de toda a Corporación para que se desbloquee esta situación e para que o Sr. Alcalde de Vigo facilite todo o labor e colabore na constitución da área metropolitana.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non utilizarei os dez minutos porque da área metropolitana está todo máis que dito.



Coido que é bo lembrar algunhas cousas porque sempre hai que seguir falando da coherencia política e dos posicionamentos, de onde estabamos e onde estamos porque coido que iso dá unha boa medida da práctica política de cada quen e de cada organización. De haber unha proba especial para medir como se actúa politicamente ben, mellor ou mal, coido que un dos criterios de valoración sempre debe ser a coherencia co que se di nun ou noutro sitio e co que se practica despois á hora da realidade. Unha forza política coma o BNG, que neste caso somos os cinco concelleiros e concelleiras máis o non electo, temos a grande sorte de dicir neste e noutros temas que o BNG está onde estaba dende o propio inicio do tema da área metropolitana, como ben acaba de lembrar o Sr. Figueroa.

Efectivamente cun alcalde nacionalista, o Sr. Pérez Castrillo, iniciouse un proceso de absoluto consenso, claridade e transparencia entre todos os concellos. Pero ademais tamén se inicia un proceso de absoluto diálogo con todos, non só cos alcaldes, Sr. Figueroa. Daquela iníciase un proceso onde dende a Mancomunidade encabezada polo Sr. Pérez Castrillo, iníciase tamén unha conversa cos distintos grupos municipais que conforman as corporacións dos distintos concellos e había unha fluidez absoluta á hora de ir elaborando ese borrador que logo deu lugar a ese consenso.

Non estamos vendo esa mesma actitude pola parte da Xunta nestes momentos porque, Sr. Figueroa, o problema da área metropolitana non é que o Sr. Alcalde vaia ou non as reunións, a nós parécenos ben e queremos que vaia, pero ese non é o problema da área metropolitana. O problema resúmese nunha cuestión moi clara: vontade política para a levar cara adiante e resúmese tamén noutra cuestión para nós importante: que cada forza política diga dunha vez cal é o seu modelo de vertebración do territorio porque aquí temos que dicir que nin o Partido Popular nin o Partido Socialista, ou polo menos nós non o vimos por ningures, teñen claro cal é o seu modelo de vertebración do noso territorio porque a área metropolitana ten moito que ver con como vertebramos posteriormente o territorio.

Efectivamente o Partido Socialista comezou falando dun consorcio de servizos, dunha grande área Vigo-Pontevedra de vinte e oito concellos; mesmo se chegou falar de dúas grandes áreas máis que provinciais, de moitas cousas pero nunca escoitamos con claridade cal é a vertebración do territorio que oferta o Partido Socialista. Pero tampouco a do Partido Popular. Eu xamais lle escoitei dicir nin ó Sr. Figueroa, nin ó Partido Popular que facemos coas deputacións, que facemos coa Deputación de Pontevedra unha vez se poña en marcha a área metropolitana. Iso é moi importante

porque nós non estamos dispostos e xa o dixemos moitas veces a que aquí houbera administracións paralelas máis caras para a cidadanía. É algo moi importante que o Partido Popular tamén ten que definir e que non vemos tampouco en ningún papel: Que facemos coa Deputación unha vez instaurada a área metropolitana? Como imos financiar a área metropolitana? Que competencias vai ter?

Mentres iso non se defina, e o BNG ten definido dende hai moito tempo cal é o papel das provincias, por suposto obsoletas nestes momentos, cal é o papel da comarcalización, porque é fundamental desenvolver dunha vez por todas unha lei de comarcalización en Galicia que o Partido Popular nin sabe, nin se lle escoita, nin se lle ve; é moi importante saber que pasa coas cabezas da comarca que non estean dentro desa área metropolitana. O BNG ten iso definido e esa é a nosa opción de como vertebramos o territorio e iso é fundamental para a futura área metropolitana. Nós estamos de acordo e sempre o estivemos en iniciar os traballos a partir dese borrador.

Por certo, Sr. Figueroa, o primeiro que rompeu o consenso dese borrador foi o Partido Popular cando levou o proxecto de lei de área metropolitana ó Parlamento gobernando o Sr. Fraga e ese borrador non se parecía absolutamente en nada ó consenso que aquí acadáramos os catorce concellos. Por iso o BNG presentou as alegacións a ese borrador e dende ese momento quedou absolutamente nun caixón. Polo tanto, vontade política de poñer en marcha a área metropolitana. Con ese borrador na man consensuado xa polos catorce concellos, que información necesitamos, que estudos? Sr. Figueroa, está absolutamente todo, o único que haberá que actualizar é algún dato dende o ano 2000, por suposto, pero está todo, nese borrador están feitos os estudos económicos e é un borrador consensuado. Que fixeron vostedes nun ano e catro meses?

A min me dá a impresión, e senón demóstrame o contrario, que non hai vontade política para levar adiante a lei de área metropolitana. Non a hai porque vostedes non cren nun modelo de vertebración deste país que pase porque desaparezan institucións nas que vostedes gobernan para as utilizar electoralmente segundo os seus intereses, porque vostedes nunca tiveron un modelo de vertebración deste país, nunca tiveron alternativas para o diálogo necesario e urxente que Galicia ten que ter entre as zonas costeiras e as do interior para vertebrar realmente un país como se ten que vertebrar, como xa se fixo noutros países. Vostedes non teñen nin alternativa nin modelos e polo tanto lle seguen dando voltas e voltas a esta área metropolitana e

agora resulta, Sr. Figueroa, que a culpa de que a área metropolitana non se poña en marcha é de que o alcalde dun dos concellos non vaia unha reunión. Por suposto que nós cremos que ten que ir a esas xuntanzas pero ese non é o problema para que a área metropolitana non estea instaurada nestes momentos.

Repito e remato: vontade política, posicionamentos claros de cada unha das forzas políticas, dicir que modelo de territorio queremos. Posicionamento claro: que imos facer coa Deputación de Pontevedra, como imos financiar a futura área metropolitana, que competencias vai ter, sobre que espazos e servizos vai actuar. Iso é o que queren escoitar os cidadáns e iso, Sr. Figueroa, estaba practicamente todo nese primeiro consenso que vostedes romperon cando presentaron o borrador do proxecto que non se parecía en nada ó consensuado entre os catorce concellos.

A PRESIDENCIA: En todo caso e para ilustrar o debate debo dicir que a este alcalde non se lle convocou a unha soa reunión da área metropolitana. Como alcalde a ningunha.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Figueroa, agradezo que presentara esta moción, agradézollo de verdade sinceramente porque na votación terá vostede a posibilidade de demostrarlles ós cidadáns de Vigo se exerce como concelleiro do Concello de Vigo en defensa desta cidade ou se o único que fai é seguir o mandato, as indicacións do presidente Sr. Núñez Feijóo con fins partidistas.

Caracterízase o Partido Popular pola súa escasa capacidade para solucionar os problemas dos cidadáns. Os anos de goberno da Sra. Porro foron un claro exemplo. Cando vostedes están na oposición agarran un tema político como se fose unha presa, non o soltan, repiten milleiros de veces as mesmas argumentacións e mentiras coa intención de converter nunha verdade o que dixeron anteriormente. Pero iso si, cando chegan ó poder non solucionan aquilo para o que dicían que tiñan solucións inmediatas e tamén lles botan a culpa ós que gobernaron anteriormente. Por medio, evidentemente como fixo o Sr. Núñez Feijóo, prometen a solución a todos os males dun país como Galicia e a proba está no que dixo o Sr. Núñez Feijóo de que en corenta e cinco días “balsamicamente” isto estaría solucionado, dende a economía ata o desemprego pasando por todas as cuestións pendentes.

Un deses temas que agarran vostedes e que non soltan foi o da área metropolitana e, na liña do que acaba de dicir o Sr. Domínguez, dende sempre vostedes tiveron un

nulo interese por facela realidade. Todo o que dixeron sobre a área metropolitana foi mentira, aparencia e utilización. Vostede fixo un relatorio na presentación desta moción sobre o que dixo o Sr. Alcalde de Vigo. Por que non di o que dixo o hoxe presidente da Xunta Sr. Núñez Feijóo? Por que non fai o relato do que prometeu, do que dixo que ía cumprir e o que finalmente fixeron? Como en todos os temas nos que non teñen ningún interese aplican o método que eu chamo “comisión”, é dicir, para non facer nada, para dilatar o tempo, para xustificar o engano ós cidadáns e para botar a culpa ós demais ou polo menos para o intentar porque xa ninguén os cre, propoñen a creación dunha comisión.

Sr. Figueroa, esta moción decidiuse dende o despacho do Sr. Núñez Feijóo, non a decidiron os concelleiros do Partido Popular. Foron vostedes con esta moción tan obedientes como o foron no tema das caixas de aforros, traizón á cidade de Vigo e boa proba foi o tema das caixas. Pero é evidente que o Sr. Núñez Feijóo lles dixo: “Como non queremos área metropolitana antes das eleccións municipais, Sr. Figueroa, encárguese de que o Pleno do Concello de Vigo se centre en se o alcalde de Vigo vai ou non vai a unha reunión”.

A única realidade con respecto ó relatorio do que lle debe importar a vostede e ós vigueses é o que o Sr. Núñez Feijóo o 16 de xaneiro de 2009 asegurou nesta cidade que tramitaría a área metropolitana de Vigo a primeira. A Sra. Porro evidentemente fíxose as fotos de rigor aplaudindo, asinando e apoiando mesmo con que ofrecía a súa sede para as sinaturas da Federación veciñal para un determinado proxecto que vostedes presentaron no Parlamento de Galicia. Coa chegada ó goberno o que fixo o Sr. Núñez Feijóo con respecto á área metropolitana de Vigo foi incumprir a súa promesa, aplicar o método anterior que denominaba como “comisión”, entreter para non facer nada e chamalo a vostede para que como voceiro do Partido Popular presente unha moción.

A estratexia desta moción, a estratexia que ten o goberno de Galicia non nos serve neste Concello.

O Sr. Núñez Feijóo en pouco máis dun ano se cre unha especie de vicerei de Galicia, cre que en Galicia hai un pensamento único e que el é o intérprete dese pensamento. Pois direille que non e, como ben dicía o alcalde hai un momento, o Sr. Alcalde de Vigo non tivo nin unha soa convocatoria para asistir a unha reunión sobre a área metropolitana de Vigo e de tela, se lla cursaron teno vostede moi fácil: comece chamar ós seus asesores a toda présa e que lle baixen o escrito polo que o

convocaron. O único escrito de convocatoria, Sr. Figueroa, é este que teño do 11 de marzo dirixido ós habilitados municipais do Concello de Vigo, non ós políticos.

A resposta do Sr. Alcalde de Vigo cando tivo coñecemento indirecto deste escrito foi a de designar un representante para asistir a esas reunións da área metropolitana e ese representante fun eu. Esa é a vontade política do Sr. Alcalde de Vigo, ese é o pronunciamento cara á Xunta de querer área metropolitana en Vigo. Agora iso si, a Xunta reúnese dúas veces por mor destas enquisas, desta documentación que parece imprescindible para facer un proxecto de lei e a min non se me convoca aínda que a reunión a preside a delegada da Xunta de Galicia que coido que como mínimo é tan política coma min.

O Concello de Vigo, igual ca outros concellos, ten que ir con técnicos, con habilitados ós que respecto pero que non teñen capacidade de decisión política Pero quen subscribe, concelleiro de Xestión Municipal designado polo alcalde de Vigo, non pode asistir. Deixen xa de enganar ós cidadáns.

Sr. Figueroa, o Concello de Vigo diríxeo o alcalde, está representado alí onde o alcalde vai directamente ou onde designa a un dos concelleiros ou a outra persoa. Non vai ser o Sr. Núñez Feijóo quen lle diga ó Sr. Alcalde a quen temos que designar.

O que fai falla é vontade política e son vostedes neste momento os responsables de que haxa ou non área metropolitana en Vigo. O relatorio que fixo é de coherencia política por parte do Sr. Caballero quen propuxo unha área metropolitana de vinte e oito municipios porque son a realidade de Vigo e vostedes non se decatán, é a realidade socio-económica de Vigo e o Partido Socialista apóiaa. Pero tamén o que dixo o Sr. Caballero foi que vostedes teñen maioría absoluta, as urnas dixeron que o Sr. Núñez Feijóo sexa presidente da Xunta de Galicia. Queren unha área de catorce municipios? Presentaron na pasada lexislatura un proxecto? Fágano para que sexa eficaz xa, presénteno como proxecto de lei, digan que si a ese proxecto. O problema en relación con todo o que acaba de dicir vostede é que vostedes non queren área metropolitana en Vigo, que non queren que o Concello de Vigo e evidentemente están pensando no seu alcalde, xogue o papel que lle corresponde de dirección, dáme o mesmo de catorce ou de dezaioito municipios.

Coido que aquí é onde afloran as mentiras do Partido Popular, que esta historia que montou agora de que se o Sr. Alcalde assistiu ou non ás reunións é sinxelamente unha manobra dilatoria para non ir ó importante, para non ser coherentes porque vostedes non son coherentes coa cidade de Vigo porque propoñen cousas que logo non

cumpren. Vostedes teñen o problema de que deron por perdida a Alcaldía desta cidade, teñen o problema de que ó 40% dos que agora están aí vanos xubilar, non van estar aí o ano que ven e como non saben quen vai estar, os trece están preocupados mirando ó do seu carón, empezando por vostede a ver se continua ou non.

Dicíalle ó primeiro que o ten moi fácil. Vostede comeza sacar recortes e recortes de prensa pero eu tamén os teño: "Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero: Váleme o proxecto do Partido Popular". Que máis quere, Sr. Figueroa? Propón algo, dámoslle a razón e entón trata de mergullar no que dixo o conselleiro Sr. Méndez Romeu ou non sei quen. Non, vostede como concelleiro do Partido Popular, ten a responsabilidade de pedir ó seu presidente que haxa un proxecto de lei de área metropolitana. Pero vostede está facendo o contrario porque alí onde está o alcalde de Vigo vostedes senten auténtico medo escénico.

Nós queremos unha área metropolitana na que a deputación quede fóra e que non lle custe nin un euro máis ós cidadáns. Dixémolo por activa e por pasiva. Vostedes están pensando na utilización partidista da Deputación e en cargar ós cidadáns de Vigo de maiores impostos e nós iso non o imos consentir. Díxoo o alcalde, aceptamos o proxecto que teñen vostedes. Gañaron as eleccións, presénteno xa.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. López Font, falou de todo menos da área metropolitana. Iso quere dicir que vostedes si que están preocupados porque saben que hai moitas opcións de que perdan a Alcaldía.

Faloume do Sr. Núñez Feijóo e da Sra. Porro. Coido que deberían amosar un pouco de respecto político cara á Sra. Porro porque foi alcaldesa desta cidade, fixo importantes investimentos sen ter orzamentos e iso quere dicir que ten capacidade de xestión. Seis aparcadoiros que están agora dicindo que son de vostedes deixounos adxudicados a Sra. Porro e iso significan 72 millóns de euros, dúas piscinas climatizadas que vostedes están dicindo que son da súa xestión, a de Barreiro e a da Florida, son xestión da Sra. Porro; o auditorio deixámosllo adxudicado no goberno anterior. Todo isto sen un só euro das arcas municipais.

Igual que as marquesiñas que están vendendo e que boicotearon. Habería que lle dicir agora ó Sr. Calviño se nos vai mostrar eses 4.000 ou 5.000 m<sup>2</sup> na avenida de Madrid que lle deixamos da concesión do guindastre e que quedan en propiedade do Concello, que reverterán no propio Concello ó igual que todas as marquesiñas. Isto é

xestión, como o do saneamento desta cidade onde vostedes non investiron nin un só euro e nós máis de 60 millóns de euros na nosa etapa. Esa é a xestión que está aí sen un só euro municipal porque vostedes non nos aprobaron o orzamento.

Con respecto ás caixas estamos máis orgullosos ca nunca da posición do presidente Sr. Núñez Feijóo e do Partido Popular. Habería que ver o que fixeron vostedes en Castilla-La Mancha e Andalucía onde se quedaron sen caixas, esa foi a magnífica xestión do Partido Socialista en Castilla-La Mancha e Andalucía onde se quedaron sen caixas. Nós temos unha caixa galega forte gracias ó presidente do Partido Popular, galega e ademais moi solvente cousa que vostedes non defendían, defendían todo o contrario.

Ese é o exemplo. Non me estraña que a cidadanía nos dea unha maioría absoluta para gobernar Galicia.

Falan do modelo territorial e sorpréndenos enormemente porque vostedes gobernan na Coruña e en Lugo na Deputación o BNG e o Partido Socialista e alí non din nada. Onde está a súa coherencia política e a súa responsabilidade? Ese é o modelo territorial que vostedes defenden? Onde non gobernan cambiar a deputación e onde si ter dedicacións, asesores e todo o demais? Ese é o modelo territorial do Bloque e do Partido Socialista? É un modelo curioso.

A nós preocúpanos a área metropolitana e mantivemos dende un principio unha área metropolitana de catorce e claro que a apoiamos dende os concellos onde gobernábamos, dende a oposición onde estábamos porque nos parecía que era o coherente e o responsable. Vostedes están dando bandazos porque, onde está a carta de municipalidade, Sr. López Font? Vergoñento, iso é unha promesa electoral. Está agochada nun caixón? Ou foi unha posta en escena para enganar a cidadanía? Onde está a área metropolitana de vinte e oito? Vostedes non teñen criterio, dálles exactamente igual pero aínda por riba a boicotean porque a vostedes lles convocan a unha reunión e non acoden, dan plantón porque non lles interesa a área metropolitana.

Eu fágolles unha afirmación: a Xunta de Galicia constituirá a área metropolitana de Vigo, pero que fixeron vostedes durante os catro anos nos que gobernaron a Xunta de Galicia cando a área metropolitana estaba xa no Parlamento? Ren de ren, única e exclusivamente por intereses partidistas porque o Sr. Méndez Romeu defendía A Coruña, o Sr. Touriño non lle quería dar a área metropolitana a Vigo e vostedes dende Vigo propoñían unha área metropolitana de vinte e oito. Vostedes non teñen criterio,

dálles igual unha cousa que outra, a nós non. Nós temos coherencia, cando defendemos un tema é porque o estudamos e temos apoio técnico e político detrás. O que vai facer o conselleiro de Presidencia, Sr. Rueda, coa área metropolitana será constituír a área metropolitana de Vigo, dotaraa da correspondente suficiencia económica e de competencias axeitadas para que funcione e Vigo a lidere. Como o alcalde de Vigo pode dicir que ten que estar á marxe da área metropolitana?

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. Figueroa. Logo rematará vostede con tres minutos.

SR. LÓPEZ FONT: Comprobei que lle importa moi pouco, Sr. Figueroa, o tema da área metropolitana porque insiste nas mesmas argumentacións e entrou ó trapo sobre algo que eu lle dixen en relación coa Sra. Porro, sobre que normalmente se distinguía pola pouca capacidade para solucionar os problemas da cidade.

Falou de saneamento e eu amósolle a foto deste entubado romano, mire o que hai na rúa Colón desta cidade, é este o saneamento que deixou a Sra. Porro? É o saneamento que vostede dixo ó remate do mandato que estaba todo realizado en materia de saneamento nesta cidade? É esta a situación? Esta enorme fochanca que hai na rúa Colón? Por isto di da Sra. Porro que xestiona ben? Está vostede de broma. Ademais maxino que falando de xestión fálame da mesma señora que está imputada por prevaricación no Porto de Vigo.

En Galicia hai dous imputados: o conselleiro de Medio Ambiente e a presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo. Esta é a realidade.

Eu non sei doutras caixas de aforros, o que si sei é que a cidade de Vigo ten hoxe unha caixa propia e mantense Caixavigo gracias ó Sr. Alcalde e gracias ós socialistas. Se Vigo mantén unha caixa que non se absorbeu por outra caixa é consecuencia da decisión política do alcalde e dos socialistas.

Voulle falar moi rapidamente da área metropolitana. Os políticos non fomos convocados a ningunha reunión. Vostedes o que teñen que facer é tramitar o proxecto de lei que presentaron no Parlamento na anterior lexislatura e que comprometeron no seu programa electoral. Léolle o programa electoral do Sr. Núñez Feijóo 009: “Pularemos a creación das áreas metropolitanas como estratexia de integración territorial. Nunha primeira fase constituiremos a área metropolitana de Vigo”. Isto é o que teñen que cumprir, Sr. Figueroa, é o que vostede lle ten que pedir



ó presidente da Xunta de Galicia. O que pasa é que revisando agora o programa electoral de vostedes, a páxina web na que inserían este programa se chamaba “recargandogalicia.com”, debe de ser recargando de parados a esta comunidade, a este país, debe ser recargando de corrupción a este país, Sr. Figueroa, porque corrupción é a autovía da Costa da Morte que lla adxudican a unha empresa...

A PRESIDENCIA: Sr. López Font, isto non ven a conto.

SR. LÓPEZ FONT: Si ven a conto, Sr. Alcalde, porque do único que recargou o Sr. Núñez Feijóo a Galicia... Decía antes a Sra. Larriba que a residencia Altamar era un sándwich e o presidente Sr. Núñez Feijóo é un gran *soufflé*, en moi pouco tempo unha cousa moi aparente, ía solucionar absolutamente todo e tal e como se meteu a culleriña por unha das partes do *soufflé* desvanecese como se fose un castelo de naipes.

A nós preocúpanos a área metropolitana, que non lle custe un só euro ós cidadáns. Nós, que somos uns demócratas, aceptamos que se vostedes gañaron as eleccións, se teñen un proxecto de catorce municipios, o leven por coherencia política como a que nós temos.

Como estou seguro de que vostede vai defender Vigo seguro que acepta o texto alternativo que como Grupo municipal Socialista lle propoñemos: “O Pleno do Concello de Vigo insta ó presidente da Xunta de Galicia a aprobar no próximo Consello de Goberno o proxecto de lei de creación da área metropolitana de Vigo, de acordo co texto apoiado polo Partido Popular na pasada lexislatura e de acordo co contido do seu programa electoral de 2009”.

Maxino que se chama coherencia a que vostedes aquí voten o mesmo que propuxeron no Parlamento no 2009 e o que levaron no seu programa electoral.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. López Font, era moi fácil contestarlle ás súas calumnias e acusacións, sobre todo con vostede, pero non o vou facer. A resposta vai ser que a Sra. Porro vai xubilar ós que están aí, esa vai ser a resposta clara e contundente como fan os demócratas. Sigán vostedes insultando, calumniando, difamando e dicindo mentiras, sobre todo vostede que é quen menos exemplo pode dar de xestión e de transparencia. Pero vou obviar iso e falarei da área metropolitana, a resposta daralla a Sra. Porro nas eleccións, nas urnas, como lla deu hai tres anos e medio

cando sacou 25.000 votos máis ca vostedes, ca os socialistas. Esa é a democracia.

Nós si que queremos a área metropolitana para a cidade de Vigo e queremos que o alcalde e o goberno da cidade de Vigo participen nas reunións porque o alcalde e a cidade de Vigo teñen que liderar a área metropolitana e non poden estar á marxe das propostas que faga a Xunta de Galicia nin os demais concellos.

O que pasa é que vostedes perderon o norte, dálles exactamente igual, non lles preocupa a área metropolitana, preocúpalles o enfrontamento coa Xunta de Galicia e co Sr. Núñez Feijóo e iso é porque a Sra. Porro vai ser alcaldesa de Vigo e o Sr. Núñez Feijóo cada día ten máis crédito, máis aval, máis cidadáns que o apoian; cada día a cidadanía galega e os vigueses e viguesas apóiano maioritariamente. Iso é o que vostedes non soportan, que o Sr. Núñez Feijóo teña un perfil dun líder sólido apoiado pola cidadanía. Iso é o que lles preocupa a vostedes que non son quen de gañar nunca unhas eleccións por si sós, teñen que pactar, non gañarán nin en Vigo, nin en Galicia, nin nas sete grandes cidades, nin na maior parte dos concellos de Galicia. Ese é o problema que teñen vostedes.

Nós imos cumprir o noso compromiso de constituír a área metropolitana da área de Vigo liderada por Vigo e onde os concellos evidentemente tamén teñan a súa participación. Por iso a Universidade agora está corrixindo o estudo de viabilidade económico e técnico porque dende os anos 2002-2003, cando se conformou ese proxecto, evidentemente cambiaron moito as cousas, a realidade económica é outra totalmente distinta.

Polo tanto, para chegar a esa aprobación hai que ter todos os estudos e non dicir que si porque si como os parvos, aquí parece que dicimos que si porque si, o Concello de Vigo di que si, o alcalde de Vigo di que si porque si. Non, Sr. López Font, hai que ter criterio e coherencia e demóstrase claramente que o alcalde de Vigo nin ten criterio, nin coherencia, nin responsabilidade.

Nós imos apoiar a nosa proposta porque nos parece que é o correcto.

Emenda de substitución formulada por escrito de data 26.07.10 polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, durante o curso do debate:

O Pleno do Concello de Vigo insta ó presidente da Xunta de Galicia a aprobar, no próximo Consello de Goberno, o proxecto de lei de creación da área metropolitana de Vigo, de acordo co texto apoiado polo Partido Popular na pasada lexislatura e de acordo co contido do seu programa electoral de 2009.

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

VOTACIÓN DA EMENDA DE SUBSTITUCIÓN FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO SOCIALISTA, SR. LÓPEZ FONT: Con dezaoito votos en contra dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e nove votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a menda formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Figueroa Vila, instando ó alcalde de Vigo a participar nas xuntanzas relativas á creación da área metropolitana de Vigo, así como facilitar tanta información se lle demande, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do Sr. Domínguez Olveira do Grupo municipal do BNG:

Queremos explicar que o Bloque Nacionalista Galego non pode aceptar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Socialista fundamentalmente porque nós

non imos apoiar a idea electoral do Partido Popular sobre o que ese grupo pensa sobre a área metropolitana e polas mesmas argumentacións que lles daba antes e que son as mesmas polas que rexeitamos tamén a propia moción do Partido Popular. O Partido Popular non se definiu no seu modelo de vertebración do territorio, no seu programa electoral non fala absolutamente para nada da eliminación da Deputación de Pontevedra ou de como xestionar unha área metropolitana. Non imos apoiar polo tanto un programa electoral do Partido Popular tal e como se formula na emenda que presentaron os nosos compañeiros de goberno do Partido Socialista.

12.- (162).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á ALCALDÍA ACTUACIÓNS DE MELLORA E MANTEMENTO NOS PARQUES DE A GUÍA E A RIOUXA. DOC. 100096068.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de xullo, número 100096068, o concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“Teis é un dos barrios máis importantes e poboados de Vigo con aproximadamente 30.000 habitantes e unha superficie de 5,80 quilómetros cadrados. Entre os seus maiores atractivos destacan o monte de A Guía e o parque de A Riouxa, sen dúbida dous das principais áreas de lecer da cidade, que actualmente presentan un estado que deixa moito que desexar.

Veciños do barrio, cansados de que durante tres anos o alcalde, lles prometera e non cumprira actuacións para a súa recuperación, presentaron hai uns días polo rexistro do Concello un informe esixindo a mellora destes dous lugares tan emblemáticos para o barrio de Teis e para Vigo.

O que se pide non son “actuacións millonarias” senón mais ben relacionadas cos pequenos detalles (aseos, sendeiros, algún parque infantil, etc.) e sobre todo un certo mantemento, xa que hai zonas que presentan un estado de abandono debido á falta de limpeza e ó crecemento incontrolado da vexetación, que impiden gozar desde os seus miradoiros, das fermosas vistas da Ría de Vigo e da Ponte de Rande.

Por iso o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ó Alcalde de Vigo a que poña en marcha de maneira urxente, actuacións de mellora e mantemento nos parques de A Guía e A Riouxa no barrio de Teis”.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de xullo, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: Teis é un dos barrios máis importantes e poboados de Vigo con aproximadamente 30.000 habitantes e unha superficie de 5,8 km<sup>2</sup>. Entre os seus mellores atractivos destacan o monte da Guía e o parque da Riouxa, sen dúbida dúas das principais áreas de lecer da cidade que actualmente presentan un estado que deixa moito que desexar. Veciños do barrio, cansos de que durante tres anos o alcalde lles prometera e non cumprira actuacións para a súa recuperación, presentaron hai uns días polo Rexistro do Concello un informe esixindo a mellora destes dous lugares tan emblemáticos para o barrio de Teis e para Vigo.

O que se pide non son actuacións millonarias, senón máis ben relacionadas cos pequenos detalles: aseos, sendeiros, algún parque infantil e sobre todo un certo mantemento xa que hai zonas que presentan un estado de abandono debido á falta de limpeza e ó crecemento incontrolado da vexetación que impide gozar dende os seus miradoiros das fermosas vistas da Ría de Vigo e da ponte de Rande.

Da Guía en concreto o que piden, ademais do mantemento e limpeza, é a substitución de vexetación foránea, eucaliptos e acacias, por autóctona; ampliación da carballeira, única no casco urbano; colocación de aseos, instalación dun parque infantil e saudable, creación de sendeiros para rotas.

No caso do parque da Riouxa, ademais de máis mantemento, manifestan que o persoal existente é insuficiente, aumentar o parque infantil, reparación da pista polideportiva, colocación de aseos, colocación dun parque saudable para maiores, rematar o muro do perímetro pendente dende hai anos, etc.

Por iso este grupo político faise eco da reivindicación dos veciños e veciñas de Teis e proponlle ó Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo: “Instar ó alcalde de Vigo a que poña en marcha de maneira urxente actuacións de mellora e mantemento nos parques da Guía e a Riouxa no barrio de Teis”.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: É certo que a asociación veciñal de Teis fixo unha solicitude por Rexistro e ademais polos medios de comunicación para que se soubera das súas reivindicacións.

Téñolles que dicir ós veciños e veciñas de Teis, ós señores do Partido Popular e ó Sr. Fidalgo que a maior garantía para as reivindicacións dos veciños e veciñas de Teis é o

alcalde, D. Abel Caballero. Posiblemente hai algúns que ó mellor non se deron unha volta ultimamente por Teis e por iso falan desas demandas de hai tempo que están sen cumprir. De entrada cinguireime ós parques da Guía e da Riouxá.

No parque da Guía concretamente executáronse obras de axardinamento na rotonda, na capela e tamén nas vías de acceso por valor de máis de 10.000 euros. Iso neste mandato. Instaláronse tamén pulsadores e bebedoiros para os que soben alí. En canto ás especies arbóreas das que dicía que hai que substituír, xa se está facendo polo litoral e ademais de común acordo cos técnicos municipais e os de costas. Pódolle dicir que se substituíu o 50%, pero o que non é posible é talar de forma indiscriminada as árbores que están no contorno do miradoiro da Guía porque non se pode facer así, hai que facelo de forma selectiva substituíndoos por castiñeiros, bidueiros e carballos. Iso é o que estamos a facer e xa levamos o 50% feito. Non sei se vostedes e os propios veciños e veciñas están a dicírmonos que tallemos todos os piñeiros e eucaliptos que hai e que agardemos a que medren outras especies de árbores.

En canto ó parque da Riouxá houbo un investimento de máis de 39.000 euros. Acondicionouse e axeitouuse o camiño principal de acceso, arranxouse tamén o parque infantil e os xogos.

Se vostedes, señores do Partido Popular, fixeran un seguimento da Xunta de Goberno Local e da Mesa de Contratación saberían que concretamente para o parque da Riouxá están a licitarse 61.500 euros para poñer dende un circuío bio-saudable que contén un corredor aéreo, banco de abdominais, bicicleta elíptica e estática, etc., e así todos os elementos. Está en Contratación para o facer xa. Inclúese tamén a instalación de farois solares autónomos, acondicionamento ambiental das zonas máis transitadas, sebes na marxe dereita, plantación de zonas con flores, plantación de árbores como salgueiros, arranxo e plantación de céspede, instalación dun parque infantil con pavimento de caucho e acondicionamento e seguridade para os rapaces, con substitución do elemento balancín e con peche de madeira.

Ademais de actuar neste parque da Riouxá e no da Guía onde reitero ese acondicionamento ambiental e ademais tamén toda esa limpeza que se está a facer, nós imos un pouco máis aló do que reclaman os veciños e máis vostedes, señores do Partido Popular, porque tamén imos atender ao parque do Barrio das Flores. O expediente tamén está en Contratación cun investimento de 29.000 euros. Non o piden nin vostedes, nin os veciños pero o alcalde atende iso.

En Teis o alcalde, D. Abel Caballero, comprometeuse en campaña cos veciños e veciñas de que un barrio historicamente abandonado ía ser atendido de gañaren as eleccións, de gobernaren el, de seren alcalde. Fíxese se se atendeu. Voulles sinalar algunhas das cousas feitas, non lles vou amosar as que están en Contratación e que en meses estarán rematadas.

En alumado en Teis gastáronse 164.000 euros, en asfaltados 206.000 euros en arranxo de fochancas 64.000 euros, en lavadoiros e fontes 22.000 euros, en humanización do Mercado de Teis que todos poden usar 283.000 euros, no muro de Espiñeiro 400.000 euros, a humanización de Sanjurjo Badía na primeira fase 1.000.000 euros, 724.000 euros na segunda fase de Sanjurjo Badía con axudas de fondos europeos, o paseo da Guía 1.400.000 euros e o parque infantil “Carlos Gardel”, parque infantil “Grupo San Pablo” e parque infantil “Mestres Goldar”. Isto faino o alcalde de Vigo quen ademais foi capaz de conseguir 5.000.000 de euros de fondos europeos, do espazo económico ampliado, para poder investir tamén en Teis. Hai algunhas cousas que xa están feitas que ó mellor a vostede non lle coincidiu pasar por alí: aseos e duchas na praia da Manquiña e tamén na da Lagoa. Iso é Teis. Este ano os veciños xa poden usar aseos e duchas que non tiñan.

Son tres as reivindicacións históricas do barrio de Teis, a primeira é o paseo da Guía, o famoso corta lumes. Todos prometíanlles ós veciños que se arranxaría o corta lumes pero nunca se fixo. Tivo que chegar este alcalde, D. Abel Caballero, para conseguir a primeira reivindicación. Móstrolle a foto que teño de como nos deixaron vostedes de limpo o paseo da Guía, todo o lixo que se ve na foto nolo deixaron vostedes, señores do Partido Popular. Tamén teño as fotos de como está agora o paseo da Guía, móstrollas para que o poidan usar e facerse unhas fotos para que vexan o precioso que quedou con este goberno municipal e con este alcalde, está sen o lixo que nos deixaron, pódese ver que xa se fixeron as tallas de eucaliptos substituídos por novas especies autóctonas.

Outra das reivindicacións dos veciños e veciñas de Teis era a apertura da ETEA e agora xa está aberta para todos e todas e hoxe poden transitar por alí.

O muro da praia da Punta era outra reivindicación, era o muro da vergoña para estes veciños e veciñas, esa era outra demanda histórica. Tivo que chegar o alcalde, D. Abel Caballero, e xa se derrubou parte dese muro e esta semana derrubarase todo o que queda. Ademais permítome repetir aquí o compromiso do alcalde diante dos medios de comunicación de que tamén o valado se vai recuar ata o perímetro dos

edificios para que a Praza de Armas e todo aquel espazo o poidan usar os veciños e veciñas de Teis. Ademais dentro da ETEA recuperáronse para os cidadáns os espazos deportivos: o pavillón, a piscina, o campo de fútbol que xa se licitou en Mesa de Contratación cando algunhas voces dicían que os que había non eran cartos suficientes pero, señores do Partido Popular, Sr. Fidalgo, dá a casualidade que se presentaron vinte e nove empresas para esta licitación e algunha con 130.000 euros en melloras. Fíxense se dá ou non o presuposto para esa outra demanda histórica. Todas estas demandas históricas solventáronse en tres anos.

Eu teño un recado para vostedes: este alcalde tamén vai arranxar a avenida de Galicia ata o número 120. Iso correspóndelle á Xunta. Invítoos a que lle digan á Xunta que arranxe o resto da avenida de Galicia. Dígolles máis, que lle digan á Autoridade Portuaria que elimine o vertedoiro, o lugar de despezamento ilegal que ten alí vertendo libremente á ría. Doulle tamén outro recado para a Xunta e en concreto para a conselleira de Sanidade: que limpe a broza dos terreos que ten no contorno do centro de saúde de Teis porque nós imos arranxar aquilo, polo menos que meta alí unha rozadora e limpe.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Rodríguez, vostedes prometen e falan moito pero a realidade non a van cambiar as súas palabras, a realidade está na foto que teño aquí do miradoiro que se ve dende a Guía, a dos aseos que hai alí, a do antigo “chiringuito”, a dos sendeiros...; isto é a realidade do parque da Guía.

O importante é o que se fai e non o que se di. Os veciños de Teis, que non son sospeitosos de seren do Partido Popular porque o presidente da Asociación veciñal é un membro destacado do Partido Socialista e o secretario un membro destacado do Bloque Nacionalista Galego, os poñen verdes polas zonas verdes tanto da Guía como da Riouxa porque non lles fan caso. Hai ata trece escritos sobre a Guía e A Riouxa que presentaron por Rexistro. O primeiro o 2 de xullo de 2007 dirixido á Sra. Abelairas felicitándoa por tomaren posesión como concelleira de Servizos Xerais e tamén solicitando unha reunión con ela para intercambiar opinións e explicarlle as necesidades do barrio.

O segundo escrito data do 15 de novembro de 2007, o terceiro do 30 de xuño de 2008, o cuarto é do 18 de xullo de 2008, o quinto do 24 de xullo de 2008, un sexto escrito (porque non os escoitan) do 22 de decembro de 2008, o sétimo do 10 de febreiro de 2009, o oitavo do 25 de marzo de 2009, o noveno do 8 de maio de 2009,



o décimo do 3 de setembro de 2009, o undécimo do 2 de outubro de 2009, o duodécimo o 19 de outubro de 2009 e o décimo terceiro hai dúas semanas, o 8 de xullo de 2010 co que presentan este *dossier* que teño eu aquí coas súas reivindicacións, todos en relación cos parques da Riouxa e da Guía.

Pero os veciños de Teis están acostumados como o resto da cidade a que non os escoiten nin lles fagan caso porque, acaso está arranxado o problema dos afectados do AVE en Teis? Non temos ningunha información ó respecto.

Vostedes os socialistas, que tanto falaban do diálogo e do talante, teñen que escoitar á xente e escoitar o que piden porque si falan do plan Teis, fan unha macro-reunión alí no centro cívico, primeiro "*buzonean*" todas as rúas do barrio cunha carta do Sr. Alcalde que tanto criticou á Sra. Porro e o único que fixeron no barrio de Teis foi en Sanjurjo Badía e na zona do mercado, iso si, pero non quedou como o Barrio de Salamanca como vostede di e os parques da Riouxa e da Guía non son Central Park, nin o Retiro, é o parque da Guía e os veciños de Teis queren que sega a ser o seu parque da Guía e que non estea abandonado como agora.

Faime gracia que fale da ETEA que estivo abandonada durante os catro anos do goberno bipartito na Xunta porque non fixeron nada. Vostedes tardaron un ano e medio en facer esa senda na praia da Punta que van vender agora e vanse sacar a foto co pico que é o que lles gusta e outra foto que xa lles adianto que seguro que haberá coa area que vai traer de non sei onde, pero nada de nada, porque as instalacións deportivas da ETEA xa ían estar rematadas o verán do ano pasado e si que están licitadas e hai vinte e nove empresas que intentan que se lles adxudique porque estamos en momentos de crise económica.

Xa deixo para despois o plan Teis. Como nos deron cabazos no URBAN e quedan 13 millóns de euros (o diñeiro levouno A Coruña e Santiago) á presa e correndo fan un mal parche que é o plan Teis que ían ser 13, logo 9, logo 5 millóns pero como xa estamos a ver agora van ser 2,5 porque a fábrica de conservas Garavilla na que ían 900.000 euros agora parece que van 400.000 euros. Así seguirán as rebaixas.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Fala vostede moito do que nós non facemos pero quen fixo o paseo da Guía, quen tirou o muro da ETEA e quen a abriu para os veciños foi o alcalde D. Abel Caballero. Iso é incuestionable e non o pode dudar ninguén.

Sempre meten vostedes algunha perla como a dos afectados polo AVE de Teis, pois que saiban que están asesorados para resolver o seu problema.

Di que non escoitamos ós veciños pero este alcalde ademais de iren polos barrios, de estaren polas rúas cos veciños e iren por todas as parroquias, en Teis que é o que hoxe nos ocupa estivo presente cando se estaban desenvolvendo as obras e tamén cando se inauguraron. Estivo nun salón de actos aberto a todo o mundo con máis de catrocentos veciños e veciñas de Teis. Nin a súa candidata, nin vostedes xamais se atreveron a iren ningún sitio así e seguro que menos a Teis porque vostedes non fixeron nunca nada nese barrio. Alí o alcalde escoitou coma os veciños e veciñas lle recoñecían o feito en Teis porque había máis de corenta anos que non se facía ningunha obra alí e, saben señores do Partido Popular por que lle pedían arranxar máis cousas? Porque teñen a garantía de que el llas fai e cumpre e por iso llo piden a el. Vostedes teñen que ir coller un papel do Rexistro enviado por unha asociación veciñal por veren se se anotan algún tanto. Esa é a realidade.

Nós licitamos as obras, non amoblamos despachos como fixo a candidata do PP no Areal que amoblou un despacho por máis dun millón de euros, en lámpadas por valor de 6.000 euros cada unha sen licitar, “ó che debo”, sen haber partida; así é como fan vostedes. Nós facemos todos os trámites, todo vai por onde ten que ir.

O barrio e a parroquia de Teis é onde máis investimos: 12 millóns de euros. Vostedes 0 euros. Repítolles que pidan que a Xunta cumpra con esas tres pequenas cousas: o que queda da avenida de Galicia, que arranxe o contorno do centro de saúde onde teñen unha selva e que a súa candidata arranxe o lugar de despezamento ilegal que ten en Ríos. Iso é o que teñen que facer.

Estou orgulloso de criarme no barrio de Arnela en Teis, moi orgulloso. Daquela as xentes eran traballadoras da Ribeira, da Coia, mariñeiros, traballadores do Naval, de Yarza, despois de Ascón, hoxe de Metalchips, de Vulcano e eu aprendín todos os seus valores, valores do traballo, da solidariedade, o valor da amizade, pero tamén o valor da reivindicación, alí tamén aprendín que hai que reivindicar para conseguir as cousas. Tiveron sorte, eu síntome moi orgulloso de que as veciñas e os veciños de Teis, barrio do que eu me considero parte, tiveran un alcalde como D. Abel Caballero que lles cumprira e colmara todos os seus anhelos. Dicíanme varios homes e mulleres de alí que D. Abel Caballero é o mellor alcalde de Teis, en defintiva, o mellor alcalde de Vigo. Iso non o poden negar vostedes.

Queren desvalorizar o plan Teis e din que se minorou o URBAN. No URBAN pasou como en calquera proxecto, pídese unha cantidade de millóns; por exemplo A Coruña no seu URBAN foron sete millóns de euros, o noso foron cinco pero conseguidos para

esta cidade. Que poden ofrecer vostedes como goberno da Xunta aquí en Vigo? Que están a facer aquí? Só pedir, poñernos deberes ós demais. Iso é o que saben facer vostedes.

Reitero que non só cumprimos cos parques da Guía e da Riouxa senón que este alcalde foi quen de recuperar Teis para os cidadáns, foi quen de recuperar todos eses espazos que son unha marabilla non só para os cidadáns de Teis, senón para os de todo Vigo. Invítoos a que vaian velos e usalos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Rodríguez, léolle unha nova: “Solbes destina 32 millóns a rexenerar as cidades do norte e marxina a Vigo. Vigo non recibirá nin un só euro do Plan URBAN”. Non nos deron nada do Plan Urban porque esta convocatoria, ó contrario das dúas anteriores, fíxoa vostede ó seu xeito. En troques de encargarlle a técnicos municipais encargoulle a unha empresa privada, por certo dun colega ou ex-colega de seu da Unión Xeral de Traballadores, ó contrario doutras veces non se acudiu a Madrid para coñecer o criterio que se seguía, ó contrario doutras veces non se invitou ós técnicos do Ministerio a que miraran a realidade do barrio de Teis que non está de todo ben. Logo pasou que non nos deron o Plan URBAN, levárono para Santiago, Lugo e A Coruña. Logo fixeron un mal parche, esa convocatoria noruega coa que fan estes folletos que están moi ben e a realidade é que o único que hai é Sanjurjo Badía e o mercado de Teis que é o proxecto que deixara a Sra. Porro e que vostedes continuaron.

Por certo, arranxen as tapas dos sumidoiros da rúa Sanjurjo Badía porque fan moito ruído. Hai algúns “privilexiados” que viven fronte dalgunhas seladas por un anel de caucho pero outros non teñen esa sorte.

Para que imos falar da ETEA que a tiveron pechada catro anos e logo abriron. Nós temos un proxecto realista.

Por favor, adxudiquen o túnel de Julián Estévez que tamén é competencia do alcalde e a Xunta de Galicia fará o resto. Fixo bastantes investimentos no que leva de lexislatura: o investimento na depuradora de Vigo, o hospital e o diñeiro consignado para a cidade da xustiza. Todo iso cuadriplica todo o investimento que o bipartito fixo en Vigo.

A Sra. Porro e o Partido Popular contestaranlles a vostedes nas urnas o ano que ven.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da

Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Fidalgo Iglesias, instando á Alcaldía actuacións urxentes de mellora e mantemento dos parques de A Guía e a Riouxá en Teis, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (163).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO QUE O TELÉFONO DE EMERXENCIAS 092 SEXA ATENDIDO NOVAMENTE POR AXENTES DA POLICÍA LOCAL. DOC. 100096069.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de xullo, número 100096069, o concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“A Policía Local de Vigo é dende sempre un dos servizos municipais mellor considerados entre os veciños e veciñas da cidade pola súa dilixencia e bo facer, un servizo ó que os veciños están acostumados a recorrer en caso de emerxencia, necesidade ou perigo.

Como parte deste servizo todos os cidadáns coñecen a posibilidade de contactar telefonicamente coa Policía Local a través do número de emerxencias 092, un dos teléfonos de emerxencia que máis tempo leva en funcionamento e que polo tanto mais arraigo ten entre os cidadáns.

Nos últimos tempos este servizo de emerxencia en Vigo está a ser atendido por unha operadora automática “*Está usted en contacto con la Policía Local de Vigo, para servicio policial marque 1, para servicio de grúa marque 2*”, o que supón unha seria despersonalización, ademais dunha dilación, nun servizo de emerxencia do que os cidadáns esperan que un axente da autoridade lle ofrezca resposta inmediata para a solución do seu problema.

Unha mostraxe dos distintos servizos telefónicos de emerxencia, 080 (Bombeiros), 091 (Policía Nacional), 112 (Emerxencias de Galicia), 062 (Garda Civil) demóstranos que todos eles son atendidos por operadores que ofrecen resposta inmediata ao requirimento cidadán, mesmo un servizo municipal de información non considerado de emerxencia como é o 010 ofrece tamén resposta a través dunha operadora e non dunha locución automática que non aporta ningún beneficio aos cidadáns que recorren á axuda da Policía Local de Vigo.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

Que o Goberno Municipal dea as instrucións precisas á Xefatura da Policía Local de Vigo para que o teléfono de emerxencias 092 sexa atendido novamente por axentes da mesma eliminando a central automática que está funcionando na actualidade.”

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión de data 22 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Quen de nós en calquera momento puntual non tivo a necesidade de marcar os tres díxitos do 092? Coido que calquera dos que nos sentamos aquí nalgunha ocasión tivemos que acudir a ese servizo de emerxencia que presta a Policía Local de maneira tan satisfactoria, cunha grande eficiencia, cunha gran calidade e sobre todo o que se require destes teléfonos de emerxencia é que sexan personalizados para a persoa que chama nun momento de angustia.

Facendo un pequeno relatorio e cinguíndome ó espírito da moción teño que dicir que os teléfonos de tres díxitos empezaron co 091 da Policía Nacional. Coas novas tecnoloxías e xa na democracia ampliáronse a servizos que tiñan como prioridade salvar vidas ou protexer ós cidadáns. Así xurdiron teléfonos como o 112 que a nivel europeo é un grande logro en todas as fronteiras da Unión Europea porque atende nos cinco idiomas da Unión e logo xurdiron tamén teléfonos de tres díxitos como o 080 de Bombeiros, o 062 da Garda Civil e o 065 de emerxencias de sanidade.

Nos últimos tempos o 092 leva eficazmente este servizo que se atende por unha operadora automática que di textualmente: “Está vostede en contacto coa Policía Local de Vigo. Por servizo policial marque 1, por servizo de guindastre marque 2”.

Volvendo ó comezo da miña intervención, ó servizo de emerxencias. Calquera servizo de emerxencias ten que ser un servizo personalizado que dea confianza, que tranquilice á persoa que se atopa nun momento de angustia.

Fágome en voz alta a seguinte reflexión que lles traslado a vostedes: Se o tempo que aforramos en marcar os tres díxitos logo o perdemos en marcar o 1 ou o 2, marquem directamente o número da central de teléfono porque, para que queremos un servizo se o final nos vai ter en agarda?

Segunda reflexión. Se o que se pretende é descargar as chamadas imprescindibles establezamos un sistema derivado a outro número para non marear ó cidadán, que discrimine as chamadas e descargue o servizo.

Sr. alcalde, dígame que sensación ten vostede por unha perda de tarxeta nun

caixeiro, etc., a min pasoume en varias ocasións e o que lle din é: "...para persoal marque o 1, para compras marque o 2, para comercial marque o 3". Pregúntolle ó Sr. Alcalde e a todos os concelleiros e concelleiras que estamos aquí se temos realmente a sensación nese momento de que nos está atendendo alguén. Dáse unha total sensación de impersonalidade e de frialdade. Se falamos de relacións comerciais ó final pódese agardar pero estamos a falar aquí dun servizo que significa o primeiro contacto do cidadán cun policía que é un funcionario que tenta dar cobertura a esa chamada. Ese funcionario é un policía local que atende magnificamente e sempre o fixo de xeito eficiente e eficaz, que pode prestar ese servizo ben de uniforme na rúa, ben atendendo o 092. Creo que estes son logros que significan que a nosa cidade, o noso concello e os nosos cidadáns chegaron á calidade, a un estado de benestar que todos debemos preservar ó máximo.

Fago tamén outra reflexión diante de vostedes: Por exemplo, un chama a un teléfono de tres díxitos do Concello como é o 010 e non lle aparece ou non lle contesta ningunha central de teléfonos automática.

Non entendo o por que dun sistema que pode atender perfectamente ós cidadáns, neste caso un sistema que é un logro moi importante en canto a medios de comunicación entre os cidadáns e as nosas forzas e corpos de seguridade, neste caso a Policía Local, que debemos coidar ó máximo e fortalecer, non o restrinxir senón ampliar na medida das nosas posibilidades.

En consecuencia reitero que o goberno municipal dea as instrucións precisas á Xefatura da Policía Local de Vigo para que o teléfono de emerxencia 092 sexa atendido novamente por axentes da mesma, eliminando a central de teléfonos automática que está funcionando na actualidade.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Antes de nada, Sr. Coello, gustaríame preguntarlle se sabe vostede o teléfono da Policía Local, o de Atención ó Cidadán, non o de emerxencia; sábeo vostede?

É para clarexar o que vou dicir a continuación porque o Sr. Coello sabe perfectamente que a cantidade de servizos que presta e de chamadas que recibe a Policía Local é enorme e que é moi difícil en principio porque a maior parte da xente non sabe o número de Atención ó Cidadán da Policía Local, vostede deberíao saber porque tamén foi responsable deste tema pero me parece que pola súa lentitude non o debe saber. Por desgracia, para calquera chamada a maioría dos cidadáns non

utiliza o 986-810101, senón que utiliza o 092 que por definición estaría en efecto encaixado para atender as emerxencias.

A gran diferenza que hai co resto dos corpos de seguridade, Garda Civil e Policía Nacional, é que estes e moitos dos que vostede nomeou coma o 112, non teñen outro teléfono. A Policía Nacional ten o 091 porque ademais a maior parte das chamadas que recibe teñen que ver con iso, pero vostede sabe perfectamente que a Policía Local é multidisciplinar, ten que facer de todo e ten que atender moreas de chamadas, a gran maioría delas por sorte para esta cidade que como vostede sabe é unha cidade segura, non teñen que ver con emerxencias. Isto é o primeiro que quería dicir en plan construtivo.

Quero expresar novamente o meu asombro porque na explicación e na propia resolución vostede está a falar de que "...nos últimos tempos este servizo de emerxencia está a ser atendido..." Ou na propia resolución-acordo que nos propón votar fala de que "...sexa atendido novamente por axentes da mesma eliminando a central de teléfonos automática que está funcionando na actualidade". O meu asombro é total e absoluto porque, sabe cando empezou funcionar a central de teléfonos automática e esa atención a través dela cunha lenda que logo lerei? Empezou o 9 de maio de 2007. Non sei se estaríamos xa en campaña electoral, dende logo moi preto dela.

O 9 de maio do 2007 preséntase esta central de teléfonos como un grande avance, entre outras cousas os titulares son tremendos, aínda que non se chegou realizar na vida: "Nova central de teléfonos do 092: permítelle ó cidadán conversar coas patrullas..." Esta foi a presentación pero nunca se fixo e tal e como está aquí a central de teléfonos é absolutamente non operativa pero se vendeu así.

Véndese precisamente a poucos días da campaña electoral sen que estivese recibida a tal central de teléfonos porque tiña moitos problemas e ningún técnico quería asinar. Evidentemente por razóns políticas preséntase como grande avance antes da campaña electoral. Direille que nos seguiu dando tantos problemas que non demos de alta totalmente a recepción da central de teléfonos e non pagamos o que faltaba ata decembro de 2008. Fíxese vostede se tiña problemas cando vostede a presentou sen estar recibida.

Léolle o que facía esa central de teléfonos porque parte do avance é ese, que todas as chamadas se canalizan a través do ordenador e quen chamaba ó 092 ou ó 986810101 recibía esta chamada que está nos xornais dese 9 de maio de 2007 e

dende entón funcionou ata que a cambiamos polas razóns que logo lle direi. Dicía o seguinte: “Benvido á central de teléfonos da Policía Local. Esta conversa será gravada, pulse 1 se quere informar dun incidente, pulse 2 para pedir información”. Cando vostede era concelleiro de Seguridade vendeu isto como grande avance.

En efecto a central de teléfonos ten avances moi positivos e eu paso a salientar que evidentemente ten vantaxes. Vostede sabe que non hai un gran número de operadores, temos cinco e dende hai un ano e pico un xefe de Sala, un inspector responsable do servizo que supón unha considerable mellora, pero o que sucedía co 092 en moitas ocasións era que se estaban todos ocupados a chamada soaba e soaba e ó final se cortaba e a xente non tiña nin a seguridade de se se escoitaba ou non. Polo menos agora a persoa sabe que está á agarda se non a atenden de inmediato.

Outro dos beneficios é que con este funcionamento centralizado hai unha maior axilidade na prestación dos servizos por unha razón moi sinxela e explico isto porque é unha das melloras que fixemos hai aproximadamente un ano. A mensaxe que vostede puxo en maio de 2007 modificouse recentemente para tentar conseguir unha mellora importante nesa axilidade na prestación dos servizos porque non sei se vostede sabe que case o 35% das chamadas á central de teléfonos da Policía, ben ó 092 ben ó 986 810101. son requirimentos de guindastre dos cidadáns que teñen algún atranco que ó mellor lles impide saír do seu garaxe. Xa sei que como por iso se paga unha multa vostedes dirán que son un concelleiro de Facenda extraordinario, pero son por requirimentos dos cidadáns para seren atendidos por algo que lles impide o funcionamento na súa vida normal.

Cambiamos o servizo e por certo é máis curto do que vostede poñía, dura xusto nove segundos: “Está vostede en contacto coa Policía Local de Vigo. Para servizo policial marque 1 (que son unha chea de servizos) e para servizo de guindastre marque 2”. O 2 canalizámolo rapidamente ó axente que está na Emisora para que dende esa posición se atendan esas chamadas e se coordinen todos os servizos de guindastre para atender a eses cidadáns.

Comparto con vostede toda a súa parte final da exposición porque coido que tranquilizaría moito máis escoitar á persoa dun policía inmediatamente cando se chama ó 092. Para iso teríamos que conseguir que a xente utilizara o 092 como ten que ser, para unha emerxencia, cousa que é moi difícil pero de todos os xeitos ímolo intentar e faremos cousas. Pero o que temos é que canalizar e facer que toda esa



chea de servizos da Policía sexan o máis efectivos posibles e penso que pode haber solucións.

Unha delas sería publicar un novo número para o servizo do guindastre, esa sería unha das posibilidades e tentarei iren por esa vía e dende logo tamén tentarei que, sen botar atrás o que sería unha marcha atrás no tempo tremenda que é en efecto o que ten de avance a central de teléfonos que vostede inaugurou poucos días antes das eleccións municipais, aínda que agora sen recepción, que realmente funcione mellor ese servizo de emerxencia.

A min me preocupa porque o problema de separar o 092 supón separar de todo ese novo sistema integrado que realmente era un avance importante integrar todas esas comunicacións. Logo se hai tempo explicarei como funciona realmente o tema. Pero a min si que me preocupa esa atención singular e reforzada das chamadas de emerxencia reais e por iso tentarei que atopemos solucións técnicas tamén, porque non é doado polo que de momento sei para que en efecto poida haber esa solución real porque para o primeiro que estamos é para lles achegar beneficios ós cidadáns. Todo o que estamos a facer é xusto o contrario do que vostede di na exposición de motivos. Trataremos de mellorar para que os beneficios para os cidadáns sexan maiores.

SR. COELLO BUFILL: Voulle explicar como funciona o 112 por se o quere aplicar á central telefónica do 092. Teñen un operador permanente que contesta directamente e deriva as chamadas e iso é o que eu lle estou a pedir.

Sr. Calviño, vostede sempre fala do pasado, non sei se é polo seu carácter. Eu respectei todo o que vostede dixo, pero non sei por que fala sempre do pasado.

Evidentemente esa central de teléfonos mercouse con moi pouco diñeiro pero saque vostede o expediente e decatarse de que se decidiu polos informes dos técnicos e por respecto á dignidade das persoas direi que de dous técnicos, un da Policía Local e outro do servizo de Bombeiros. É máis, pódolle dicir que houbo unha pugna con outro departamento desta Casa e eles, polas características técnicas, decidiron a quen lle encomendar ese servizo. Foron exclusivamente Policía Local e Bombeiros os que se negaron de forma rotunda a que outro departamento interviñera na valoración e no informe deses técnicos. Así foi como se contratou á empresa que hoxe mantén ese servizo. Foi unha contratación transparente, diáfana e este concelleiro que evidentemente non ten coñecementos técnicos valorou e supervisou esa concesión.

Pero vostede sempre sementa a dúbida, sempre ensucia, embarra, distorsiona e “emponzoña” a política, é o seu carácter; sempre o ten que facer, en calquera moción que ven co mellor talante, coa mellor boa vontade, vostede sempre ten esa actitude. Pregunto, será a idade agora que xa está xubilado? Non o sei. Será o pasado? Tampouco o sei, Sr. Calviño, pero ten sempre esa virtude de “emponzoñar”, de ensuciar e de embarrar a política. Lémbreme a un xogador da selección holandesa que permanentemente ía parar o partido, non ía ó que é o que se defende nesta moción e loxicamente era un karateka do deporte, non era un deportista dos sans, dos que teñen que xogar ó balón. Vostede lémbreme a esa persoa. Que quere que lle diga, lémbromo en cada unha das intervencións nas que ten.

Repítolle que esa chamada ten que ser atendida por necesidade por un policía de servizo. Se erreí rectifico pero agora estamos a tempo. Contésteme se respondeu a algo do que eu lle formulei. Está ben claro o que dixen: que ese servizo se atenda de xeito persoal.

Vostede é o responsable de que só haxa cinco policíaas atendendo. Nós deixámoslles vinte e seis. Cantas prazas de policía creou vostede? Nin unha, do faceren tería máis para atender esa central de teléfonos pero vostede non creou nin un só posto de policía local. Tamén lle lembro que ían crear cen. Non ve que se sacamos o pasado hai para todos?

Repítolle que busque o expediente e eu xógome a miña honra, como me chamo Antonio Coello que se definiu o contrato cos informes técnicos da Xefatura da Policía Local e da Xefatura de Bombeiros.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Seguirá dicindo que son moi duro e todas esas cousas que vostede di pero, Sr. Coello, como non lle vou falar do pasado se me está a pedir unha cousa dicindo que “nos últimos tempos” e “novamente eliminando a central de teléfonos automática...”, se me está pedindo unha cousa que iniciou vostede? Estame pedindo que cambie algo que está a funcionar dende os últimos tempos cando é xusto dende os seus tempos. Como non llo vou dicir? Que quere que lle diga? Que é un pouco curto ou que non se decatou durante tres anos e medio onde estaba? Así si que sería duro. Como non lle vou lembrar que vostede en efecto presentou isto sen que estivera realmente recibido o equipo porque tiña enormes problemas pero como era campaña electoral o había que presentar? Non lle estou a dicir iso? E estoulle a dicir tamén que durante moito tempo seguiu a dar problemas e

por iso, en efecto coa supervisión da Policía e Bombeiros, non se recibiu ata decembro do ano 2008. Repítollo.

Se fala do pasado non se esqueza que o último ingreso de policía que houbo nesta cidade entre outras cousas votado por min, permitímosllo porque vostedes están a falar permanentemente de tres anos e medio sen orzamento, etc., cando o Grupo socialista tivo a responsabilidade de permitirilles a vostedes aprobar un orzamento co que, por certo, nos defraudaron totalmente porque fixeron algo vergoñento con el, entre outras cousas non sacar as prazas de policía, tema que resolveu este actual goberno que foi quen resolveu e rematou o proceso das prazas de policías. Vostede sabe que hai unhas prazas que van saír e que todo o tempo do proceso desas prazas é o consensuado entre o comité de empresa e o goberno municipal.

Como ve eu podería ser máis duro na miña primeira intervención pero lle digo que son absolutamente sensible ó fondo da súa proposta unha vez deixado claro que o que vostede me pide foi o que vostede mesmo iniciou. Nós mellorámolo substancialmente porque a nova mensaxe realmente si que nos resolve problemas aínda que queda un sen resolver. En efecto, comparto con vostede que o 092 sexa atendido directamente por un policía porque se non discrimináramos as chamadas reais das que non son realmente de emerxencia teríamos colapsado o servizo e non con cinco policías na emisora, senón mesmo con dez. Por iso require un esforzo tamén técnico que estamos dispostos a facer dende o goberno porque en efecto parece que a chamadas a un teléfono de emerxencias é moito máis doado que sexan recibidas por unha voz en directo e non por unha que lea unha mensaxe dun ordenador dese sistema integrado de comunicacións. Por suposto que aí estou absolutamente de acordo e imos facer ese esforzo, esforzo que tamén terá que ser técnico e que ó mellor nos require uns cambio non tan doados, pero tentaremos facelo.

Por iso lle digo que máis ca falar da proposta concreta que vostede di, que nos deixe esa marxe para tratar de atopar solucións como para que tamén o guindastre sexa recibido dun xeito máis directo e que non nos ocupe demasiado tempo na central de teléfonos.

Propoño polo tanto unha emenda á súa proposta con todo o ánimo construtivo e de resolver sobre todo o de emerxencias. A emenda que se lle fará chegar di o seguinte: “Que o goberno municipal estude as posibilidades de mellora do funcionamento da central de comunicacións da Policía Local para asegurar a maior axilidade na

prestación dos servizos e singularmente na atención ás emerxencias”.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, eu tiven dous ou tres meses para cambiar o sistema que ademais revolucionaba todas as comunicacións ata entón. Iso fixémoslo nós sen orzamento. Para cambiar o sistema tiven tres meses, vostede está a ter tres anos e medio. É dicir, se daquela con informes técnicos das correspondentes xefaturas fomos a ese sistema, vostede tardou máis de tres anos en cambialo, en melloralo; eu só tiven dous ou tres meses. Isto é así de obvio e de razoable.

No fondo, Sr. Calviño, vostede sabe que para mellorar a atención ó cidadán ese sistema ten que ser atendido persoalmente. Nós non tivemos tempo para o cambiar pero vostede tivo tres anos e medio. Estoulle dicindo que o cambie aínda que sei que ten problemas co número de policía que prestan o servizo, evidentemente eu non lle quero sacar as cores a ninguén. Dixen que a policía fai cantidade de servizos, tamén os da nacional e así o vín porque me pasou xa varias veces, como por exemplo o día 21, xoves deste mes, ás tres menos cuarto houbo un accidente en Gran Vía, había dúas ambulancias e dous coches patrulla da Policía Nacional. Tamén atende a Policía Nacional outro tipo de servizos.

Non se poña vostede en determinadas posturas que non conducen a nada. Eu estoulle a traer unha moción construtiva porque por exemplo o teléfono de educación vial é o 986 810304. Que pretende ao preguntarme determinadas cuestións?

Sr. Calviño, aquí faise política con maiúscula e ás veces eu teño a sensación que dende un departamento vital para os cidadáns de Vigo faise unha política pequena, cativa e minusvalorando determinadas cousas. Iso é malo para todos.

Emenda formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Calviño Rodríguez, durante o curso do debate:

Que o goberno municipal estude as posibilidades de mellora do funcionamento da central de comunicacións da Policía Local para asegurar a maior axilidade na prestación dos servizos e singularmente na atención das emerxencias.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ, TRANSCRITA ANTERIORMENTE.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a emenda formulada polo concelleiro Sr. Calviño Rodríguez e, xa que logo, que o goberno municipal estude as posibilidades de mellora do funcionamento da central de comunicacións da Policía Local para asegurar a maior axilidade na prestación dos servizos e singularmente na atención das emerxencias.

Explicación de voto do concelleiro Sr. Coello Bufill polo Grupo Popular:

Con emendas coma esta, Sr. Alcalde, faise cidade, facemos todos cidade e eu non teño inconveniente en aceptala.

14.- (164).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PROPOÑENDO SE INSTE Á CONCESIONARIA VITRASA QUE OS USUARIOS DO TRANSPORTE URBANO POIDAN RECARGAR NOVAMENTE AS TARXETAS EN TODAS AS OFICINAS DE CAIXANOVA. DOC. 100096071.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de xullo, número 100096071, o concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“Dende a implantación na nosa cidade das tarxetas de transporte urbano as veciñas e veciños de Vigo, froito dun acordo con Caixanova, podían acudir a calquera oficina desta entidade para facer, ben a través dos caixeiros automáticos ou ben a través da xanela da entidade, as recargas necesarias para o uso da súa tarxeta de transporte.

Dun tempo a esta parte este xeito de facer as recargas das tarxetas de transporte mudou, eliminándose a posibilidade de facelo a través das xanelas de Caixanova, obrigando deste xeito aos usuarios a facelo unicamente a través dos caixeiros de Caixanova coa súa tarxeta financeira ou ben en efectivo a través de 23 máquinas habilitadas en diversas oficinas desta entidade.

A pesar de que esta nova posibilidade poida ser considerada como un avance tecnolóxico que mellora o servizo, o certo é que supón un serio atranco para as persoas, especialmente os maiores, que non están acostumados a interactuar con caixeiros automáticos, o que ocasiona longas ringleiras nos caixeiros ou que se vexan obrigados a acudir a outras persoas para poder facer as necesarias recargas.

Ademais, deste xeito os veciños do rural que non dispoñan dunha tarxeta financeira para efectuar a recarga a través dun caixeiro automático vense obrigados a acudir ao centro da cidade a recargar en efectivo a través das 23 máquinas habilitadas, todas elas en oficinas de Caixanova do centro da cidade e ningunha na zona rural.

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar á concesionaria do transporte urbano, VITRASA, S.A., a habilitar novamente a posibilidade de que os usuarios das tarxetas de transporte urbano poidan facer as recargas a través das xanelas de todas as oficinas de Caixanova da cidade.”

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión de data 22 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. COELLO BUFILL: No día de hoxe recibíuse unha comunicación dun representante da entidade financeira Caixanova na que se nos di que estaban estudando e analizando esta moción. Como dixen antes, en aras a que o que tratamos dende este grupo é facer cidade, decidimos retirar esta moción porque loxicamente Caixanova quere estudar e analizar unha mellora do servizo.

*O relator da moción, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular Sr. Coello Bufill, retira a presente moción da orde do día.*

15.- (165).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO QUE ANTES DO REMATE DO MES SE SETEMBRO SE CONSTITÚA E POÑA EN FUNCIONAMENTO A COMISIÓN DE XUSTIZA. DOC. 100096073.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de xullo, número 100096073, o concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“No Pleno ordinario correspondente ao mes de xuño do pasado ano 2009, acordouse por unanimidade dos membros da Corporación a constitución antes do remate do mes de xullo de dito ano. Naquela moción xa se expuxeron as razóns para a súa constitución. No ano 2001, sendo alcalde D. Lois Pérez, naceu a coñecida como Comisión de Xustiza do Concello de Vigo formada entre os diferentes grupos políticos e os representantes xudiciais da cidade. Nestes intres de incerteza na cidade no que respecta á situación da xustiza, dos órganos xudiciais e dos xulgados da cidade, é a xuízo do Partido Popular máis necesario ca nunca a pronta constitución e posta en marcha da devandita comisión antes do remate do mes de xullo a fin de acadar un

consenso xudicial na cidade.

O certo é que un ano despois non foi creada dita comisión, motivo polo cal en ánimo da participación política dos grupos políticos e cidadáns afectados pola administración de xustiza, é polo que traemos novamente o Pleno esta moción.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que antes do remate do mes de setembro deste ano se proceda á constitución e posta en funcionamento da Comisión de Xustiza do Concello de Vigo composta por todos os partidos políticos da corporación, representantes dos colexios profesionais, a xudicatura e os sindicatos xudiciais.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión de data 19 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Xa é a segunda vez que traemos a este Pleno esta moción polo que entendemos é unha irresponsabilidade por parte do Sr. Alcalde e do goberno municipal.

O alcalde xactábase no mes de febreiro do ano pasado da convocatoria do Consello Municipal de Xustiza tralas eleccións de marzo. Titulaba outro medio de comunicación: “O alcalde acepta agora convocar por primeira vez a Comisión de Xustiza”. Tamén manifestaba: “Caballero anunciou tamén ó xuíz decano de Vigo que unha vez que pasen as eleccións autonómicas convocará un Consello municipal da Xustiza que se reunirá periodicamente e que funcionará como órgano asesor da Alcaldía”.

O certo é que non só pasaron as eleccións autonómicas, senón que tamén pasou un acordo plenario por unanimidade de todos os concelleiros desta Corporación polo que antes do remate do mes de xullo do pasado ano procederíase á constitución e posta en funcionamento da Comisión de Xustiza do Concello de Vigo.

Pasou un ano e o Partido Popular vese na obriga de volver presentar esta moción reclamándoo unha vez máis; esta vez ampliamos o prazo ó mes de setembro, imos darlle o mes de agosto de vacacións ó Sr. Alcalde e que no mes de setembro quede constituída dunha vez esta comisión. Comisión que entendemos que se convocou por primeira vez sendo alcalde o Sr. Pérez Castrillo e que é de fundamental importancia, máxime dado os avatares que están circunscibindo á xustiza na cidade de Vigo e dos que fomos testemuñas esta semana.

Ó alcalde parece que a xustiza nesta cidade nin lle ocupa, nin lle preocupa e polo

tanto cremos que é nesta comisión na que reunidos debemos todos os grupos municipais, tamén os organismos xudiciais, partidos políticos, representantes dos colexios profesionais, a xudicatura e os sindicatos xudiciais, poidamos facer propostas en materia de xustiza nesta cidade e que non nos atopemos con temas de xustiza como os que temos enriba da mesa e que o alcalde non é quen de sacar adiante porque unha vez máis mente á cidadanía e a este Pleno. Xa faremos conta das mocións que se trouxeron a este Pleno e que non se atenderon polo goberno municipal, pero é de enorme gravidade que se adopte por unanimidade neste Pleno a constitución dunha comisión e non se leve a efecto. Estase ninguneando á cidadanía e a nós que neste caso somos os seus representantes.

Dende o Partido Popular non podemos consentir que sexa ninguneada a vontade da cidadanía expresada polos acordos deste Pleno e por iso o denunciemos. Claro que escoitando o que dicía antes o Sr. López Font sobre que as comisións son para perder o tempo, xa se nota en primeiro lugar o pouco interese que ten o Partido Socialista na participación cidadá nos asuntos da cidade; tamén se nota o pouco interese que ten o Partido Socialista porque os acordos que se adoptan neste Pleno se leven a efecto.

Imos facer un esforzo máis, imos tapármolos os ollos novamente e imos ver se é verdade que dando este tempo ata que remate o mes de setembro, o goberno municipal é quen dunha vez por todas de poñer en marcha esta comisión de xustiza.

SR. LÓPEZ FONT: Unha aclaración inicial, Sr. Conde, cando eu dicía que as comisións serven para pouco falaba das que crean vostedes, cando falaba de que se creaban coa intención de dilatar os procesos, falaba das que crean vostedes e das que queren crear con respecto á área metropolitana porque é evidente, e así o deixou claro o seu voceiro Sr. Figueroa que non teñen ningún interese en aprobar un proxecto que vostedes presentaron de área metropolitana. Das que nós creamos e constituímos formalmente co seu regulamento, si cremos nelas e si exercemos con respecto a elas.

Na súa moción mestura moitas cousas, fala dos momentos de incerteza sobre a xustiza na nosa cidade. Son os propiciados por vostedes, polo Partido Popular. Vostede quere constituír a comisión de xustiza ou quere facer un debate sobre a xustiza? Porque o debate sobre a xustiza llo fago rapidamente. En primeiro lugar lémbrolle que gobernan vostedes en Galicia e que todo o que estaba pendente en



relación coa xustiza nesta cidade solucionouno o alcalde, D. Abel Caballero. Vostede falou moito neste Pleno da oficina delegada do Rexistro Mercantil e tamén do Xulgado do Mercantil nesta cidade. Cada vez que eu o escoitaba era unha catástrofe, un incumprimento, xamais se conseguía para a cidade

Dicíao un representante do Partido Popular cando o Sr. Aznar gobernou oito anos, cando o Sr. Rajoy foi ministro e mesmo vicepresidente e non conseguiron absolutamente ningunha dotación xudicial para esta cidade. Dicíao vostede, un membro do Partido Popular; non lle volvín escoitar falar nin da oficina do Rexistro Mercantil, nin do Xulgado do Mercantil. É evidente que é outra parte da súa estratexia porque cando propoñen cousas e as consegue este goberno, neste caso o alcalde, deixan de falar. Sr. Conde, todo o acadado en materia de xustiza nesta cidade, todo o que levaba anos e anos de atraso conseguíuse con este goberno porque vostedes foron absolutamente incapaces de establecer a cooperación institucional co Ministerio de Xustiza e sigo lembrándolle que gobernaron oito anos para que isto fose posible. Xa sei que empezarán a levantarse voces e demais, pero teño que dicir que foi outro dos fracasos da Sra. Porro cando gobernaba porque é así. Ó Sr. Figueroa moléstalle moito que eu fale da Sra. Porro pero o problema é que ela deixou os entubados que lles mostraron anteriormente e tamén deixou a esta cidade sen rexistro e sen xulgado do mercantil.

Estou de acordo con que debe haber un órgano asesor da Alcaldía con relación ós temas da xustiza. En primeiro lugar direille que o alcalde está a cumprir ese cometido de escoitar a todos os interlocutores sen a constitución da comisión e débolle recoñecer porque é certo que esta comisión quedou aprobada o ano pasado por unanimidade. O que pasa é que se quere facer un esforzo máis pola constitución desta comisión. Tendo en conta a dificultade de interlocución que temos con vostedes, a cantidade de voltas que nos deron co Regulamento orgánico deste Pleno e tamén a pouca capacidade de diálogo que vostedes amosan, sería importante que fixera ese esforzo máis que nos prometeu anteriormente e que tamén presentase unha proposta de regulamento para esta comisión.

Coido que axudaría moito e non se trata de traballar máis ou menos nós como goberno ou vostedes como oposición, pero si sería bo que nos dixeran que comisión queren constituír, con que periodicidade e que regulamento, porque entre o presentado o ano pasado por vostede e o presentado este ano hai unha diferenza que é que o ano pasado falaban de comisión e nesta ocasión xa di quen debe formar

parte dela.

Independentemente de se a comisión se constitúe porque lle debo dicir que esta comisión de xustiza efectivamente arranca en outubro do 2009 co concepto de comisión de traballo, porque non existe formalmente a comisión de xustiza e que foi consecuencia espontánea daquela comisión de traballo, e que os problemas da xustiza lles deben preocupar tamén a vostedes. Vostede é o menos indicado para que precisamente agora que debatemos da xustiza omita algo tan importante como é a situación na que se atopa a Cidade da Xustiza. Entendo que o omita porque o seu grupo municipal é o responsable de que a cidade da xustiza leve máis dun ano de atraso.

Vostedes que son tan dados a mirar á cámara, dirixirse ós cidadáns e demais, quero lembrar aquí que o 16 de xaneiro de 2009, cando vostede non soñaba nin por asomo que o Sr. Núñez Feijóo sería presidente da Xunta de Galicia, propuxo aquí unha moción para que se declarara proxecto de supra-municipalidade a Cidade da Xustiza, traducido ó que entenden os cidadáns, que pagase os terreos o goberno do Sr. Touriño. Insisto en que como sabían ou intuían que non ían gobernar a partir do 1 de marzo presentaron aquí unha moción para intentar atacar a quen está máis próximo a presentarse ás eleccións.

Efectivamente aprobamos por unanimidade de toda a Corporación a proposta que fixo vostede e trasladouse ó goberno da Xunta de Galicia e o Sr. Touriño, como presidente da Xunta, aceptou que o seu goberno pagara os terreos, polo tanto estábamos noutra fase da tramitación. Pero con esa pouca coordinación, falta de coherencia e intención de adxudicarlle ós demais os problemas que teñen vostedes, nada máis chegar ó goberno o Sr. Núñez Feijóo comunícalle ó alcalde de Vigo que non asume a moción que presentou o grupo municipal no que vostede está, polo menos polo de agora, e que non ían pagar os terreos.

A partir dese momento en que o presidente da Xunta de Galicia dille ó alcalde de Vigo que non vai ir pola vía do que o Grupo municipal do Partido Popular de Vigo propoñía, é cando este goberno inicia os traballos previos á ocupación dos terreos para a cidade da xustiza. E como normalmente asiste vostede á Xerencia de Urbanismo, sabe perfectamente que o 29 de abril de 2010 se inician alí os traballos para a ocupación deses terreos e iníciáanse os traballos topográficos das parcelas que lle quero lembrar que estamos en torno a 68 propiedades e a 32 edificacións de vivenda.

Encántame que vostedes estean preocupados pola xustiza, tamén lle sinalo que non máis que o alcalde de Vigo; encántame que queiran propoñer un órgano deste teor para que se poida discutir como a comisión de xustiza, pero si lle pregaría que a proposta se documentase máis e propuxese un regulamento porque así queda moi baleiro, como o *soufflé* ese do que lles falaba referido ó Sr. Núñez Feijóo.

Maniféstolle polo tanto a nosa intención de que Alcaldía teña un órgano asesor en materia de xustiza pero deberían matizar un pouco máis a proposta. Vostede que ten moitas gañas de traballar, que lle gustan moito estes temas, debería engadir algo á súa proposta. Non llo vou propoñer, se o acepta vostede voluntariamente e o inclúe eu estarei encantado da incorporación dun regulamento.

Os problemas da xustiza nesta cidade teñen, como os de emprego, un destinatario: o presidente da Xunta de Galicia que goberna hoxe con maioría absoluta, a el correspóndelle dar resposta ós problemas que ten esta cidade. Eu agardo que a dea tanto en xustiza como en emprego e que ese lema que eu saquei antes da súa páxina web de “recargando.com” se faga unha realidade porque, aínda que non ven a conto desta moción, nesta ocasión téñolle que dicir, Sr. Conde, que os parados de Vigo son os parados do Sr. Núñez Feijóo, é el quen ten a competencia en materia de emprego. A ver se por unha vez vostedes se decatan de que áreas lles toca gobernar e deixa o Sr. Núñez Feijóo de facer esa “*tournee*” e eses “*bolos*” por toda España para alimentar as súas aspiracións políticas.

SR. CONDE GIL: Sr. López Font, xa estamos outra volta no mesmo, vostede como goberno sempre quere que a oposición sexa quen lle faga o labor. Xa lle dixen moitas veces que se non son quen vostedes de facer un regulamento, déixenos que o facemos nós.

Logo falou dun órgano asesor de Alcaldía. Están obsesionados coa Alcaldía, non lles chega con encher a cidade de letreiros que sabe Deus o que custan, senón que agora as comisións non son para asesorar ó Concello de Vigo ou a este Pleno, son para asesorar á Alcaldía pero, que é Alcaldía? Son vostedes tan patéticos que na Alameda, onde hai uns letreiros bastante bonitos xa de cando eu era pequeno nos que se pide que se respecten as plantas, firmados polo alcalde e feitos en bronce, puxéronlles vostedes debaixo un “pegote” en vermello de Alcaldía. Son vostedes ridículos, patéticos. Que órgano asesor da Alcaldía? Órgano asesor do Concello de Vigo, a comisión de xustiza ten que estar ó servizo do Concello de Vigo e deste

Pleno, non da Alcaldía, esquézanse xa de Alcaldía que ó único que se dedican é a poñer letreiros, teñen vostedes un complexo, teñen que reafirmar a súa personalidade, a do navegante Caballero poñendo o letreiro de Alcaldía.

Se quere falamos tamén do que lles preocupa a vostedes a xustiza. Teño aquí o acordo marco do goberno de Vigo PSdeG-PSOE/BNG, 2007-2011, cuns principios moi bonitos, cunha serie de accións de goberno e non hai nada en materia de xustiza, a Cidade da Xustiza non aparece por ningures. Son vostedes uns irresponsables e uns mentireiros.

Non vou negar que presentara esa moción á que aludiu vostede antes porque está nos arquivos deste Concello, efectivamente a presentei, pero o que se hai que preguntar é o por que. Presenteina pola irresponsabilidade dun goberno autonómico porque parece que vostedes nunca gobernaron en Galicia, que nin lle ocupaba nin lle preocupaba a Cidade da Xustiza, que lles tomou o pelo ós vigueses e vostedes do goberno municipal seguen a tomarllo. O Sr. Caballero ou Alcaldía que xa non sei como o chamar, agardou a perder as eleccións autonómicas para enviar o acordo plenario á Xunta de Galicia. Iso demostreino por activa e por pasiva. O Sr. Caballero envioume unha carta, que se queren a saco, na que veñen todas as datas de rexistro e vese que agardaron ó 4 de marzo do ano 2009 para remitir dende o Concello de Vigo o acordo plenario á Xunta de Galicia, unha vez que perderon.

Pero non abonda con iso, os que non contaban con perder eran vostedes pero a cidadanía é moi intelixente e o mesmo que lles pasou na Xunta de Galicia vailles pasar o ano que ven nas eleccións municipais: van perder como xa perderon no 2007 pero esta vez dándonos a nós a maioría absoluta. Esa vai ser a diferenza, Sr. López Font.

Por certo, neste acordo marco que teño aquí non se fala en ningunha liña da Cidade da Xustiza, proxecto tan importante e vital para esta cidade. Si que fala do AVE no 2012 como compromiso de goberno, Sr. López Font. Onde está? Tamén fala da carta de municipalidade á que se referiu antes o meu compañeiro o Sr. Figueroa. Presentei sobre ela tres mocións, onde está polo menos o borrador? Na imaxinación do alcalde ou de Alcaldía, igual está nalgún letreiro de Alcaldía, igual utilizan as fotocopias para lle poñer o lema Alcaldía por diante. Non pode vostede mentir.

É máis, logo de presentar a moción da supramunicipalidade á que aludía vostede o alcalde comprometeuse co decano dos xuíces a iniciar o expediente de alleamento e sábeo ben porque se dedica a substituír ó alcalde nas Xerencias de Urbanismo como

presidente, sempre por delegación, non tiveron a valentía política de reformar os Estatutos e incluío a vostede como presidente. Vostede mesmo recoñece que o Concello iniciou ese expediente pero sucede que presentaron uns orzamentos municipais e destinaron cero euros ó alleamento porque non teñen vontade política do facer.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde, rematou o seu tempo. Quérolles facer unha petición ós dous grupos, sobre todo ó proponente. Trabuqueime antes, non vin ó meu compañeiro, Sr. Álvarez, que quería facer unha intervención como grupo. Se non lles importa logo falará o goberno e terá vostede, loxicamente, a súa réplica de tres minutos. Moitas gracias ós dous grupos.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Non creo que supoña ningún problema de orde estrutural no debate poder intervir neste punto pola situación dada.

Xa dixen máis dunha vez que resulta algo desconsolador que cada debate que fagamos, independentemente do seu contido e do seu obxecto, acabemos falando das mesmas cousas. Eu non sei se isto o vai entender moi ben a xente. É unha reflexión que fago porque ó final, falemos do que falemos, acabamos falando de parados, de que se o Sr. Alcalde é máis ou menos demócrata e de moitas outras cousas que non coido que teñan moito que ver co debate e co interese que os cidadáns teñen a respecto de cada unha das cousas.

En concreto na moción que se presenta tivemos a ocasión de debater aquí uns pasos que se deron co goberno do Sr. Pérez Castrillo para poñer en marcha o que daquela era ó noso modo de ver unha situación de abandono e desconsideración, tanto do Estado como da propia Xunta de Galicia, daquela tamén en mans do Partido Popular, a respecto da situación da xustiza en Vigo. Sabemos que tiña que ver en parte pola estrutura orgánica do Poder Xudicial, polo absurdo establecemento desa estrutura provincialista que como tantas veces dixemos a Vigo afectoulle tanto; algúns dixemos xa en moitas ocasións que Vigo é un dos exemplos máis salientables de como non funciona esa estrutura provincialista en Galicia e concretamente en Vigo. Daquela déronse uns pasos moi importantes. Na comisión creada daquela non fixo falta ningún tipo de estrutura formal. Non é necesario porque esta é unha comisión de debate na que se sacan algunhas conclusións, pero non é unha comisión permanente do Concello nin forma parte da estrutura súa orgánica, é unha comisión

que evidentemente asesora ó Concello de Vigo nas decisións que ten que tomar e, por certo, non só ó Concello de Vigo senón, daquela polo menos funcionou e a súas resolucións trasladáronse ó Consello Xeral do Poder Xudicial, ó Ministerio de Xustiza e tamén á Xunta de Galicia-Consellería de Xustiza que coído lembrar que daquela dirixía o Sr. Palmou. Digo isto porque hai que recoñecer que daquela houbo tamén sensibilidade nalgunha das cousas que se formularon.

A idea é que isto polo tanto non é nada complexo, nada complicado, non imos crear unha comisión de xustiza orgánica do Concello de Vigo e polo tanto entendo que non sería necesario un regulamento orgánico, só unhas normas de convivencia e uns acordos que sempre son de carácter deliberativo e consultivo, nunca orgánico e executivo. Para nós isto debe quedar claro porque nestes momentos segue sendo interesante este asunto.

Xa dixemos aquí que se deron moitos pasos, hai cousas importantes que quedan por facer e ó noso modo de entender non é bo facer de novo ese debate a respecto de, por un lado dicir que existe unha responsabilidade moi grande por parte da Xunta de Galicia á hora de poñer en marcha a Cidade da Xustiza, pero por outra banda desentenderse de parte da xestión desa estrutura que debe ser a construción dos edificios e a adquisición dos inmobles. En todo caso tamén parece ser que por parte do Concello se están dando os pasos para que poidamos obter o máis axiña eses terreos.

De todos os xeitos a xustiza en Vigo, como en calquera outra cidade, demanda e esixe outras cuestións, hai outros debates que é necesario facer, hai outras necesidades que é necesario resolver e polo tanto nese sentido coidamos que esa comisión non permanente ou non orgánica do Concello de Vigo, de carácter consultivo e deliberativo, que dende un punto de vista dun bo facer e dun bo uso emanan unhas resolucións que teñen evidentemente un carácter considerativo, que se envíen a outras administracións e que informen do papel da administración local e tamén das outras administracións. Nese sentido sería bo que quizais algún membro da Xunta de Galicia puidera pertencer ou dar explicacións e respostas nesa comisión. En todo caso nós vémolos así, consideramos que segue a ser interesante a constitución desa comisión sen prexuízo, por suposto, do traballo que o Sr. Alcalde poida levar a respecto desa función que lle corresponde pero coidamos que neste momento é interesante manter e constituír.

Polo demais, se todos estamos de acordo nisto, poñámola en marcha e deliberemos

e debatamos alí o que seguramente non era motivo de deliberación e de debate neste Pleno.

SR. LÓPEZ FONT: A verdade é que me teño por persoa xenerosa e non dubidaba de que ó mellor nalgún momento o tivera que felicitar ou facerlle un recoñecemento. Fágollo agora porque menos mal que recoñeceu que é vostede o culpable por presentar a moción da Cidade da Xustiza, asume que a presentou, que está por suposto nos arquivos deste Pleno e que todo o atraso, tendo en conta a última resposta do Sr. Núñez Feijóo, é responsabilidade de vostede e do Grupo municipal do PP do Concello de Vigo.

Sr. Conde, díxenlle en moitas ocasións que para os que cremos profundamente na democracia os gobernos non son xoguetes que lles damos a outro ou que nos quedamos con eles. Iso é o que vostedes opinan e fan coas mocións de censura de tránsfugas declarados polo Congreso dos Deputados en Gondomar, Mos e no Porriño; o que fan vostedes é comprar vontades políticas e entón é verdade que a Alcaldía de determinada vila de Galicia convértese nun xoguete que se pasan duns ós outros. Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista gobernamos esta cidade, Sr. Conde, con ese programa que vostede mostrou e o máis importante dese programa é o que vostede dixo. Parece mentira que caia na contradición porque fixemos moito máis do que cando asinamos previamos porque non está a Cidade da Xustiza pero traballamos por ela; non están 207 rúas e fixémoslas, non está o investimento de cento e pico millóns e investímoslos. Esa é a realidade e polo tanto argumentar o pacto político como se fose algo de incumprimento, non, Sr. Conde, é xusto ó contrario, fixemos o que vostede ten nese papel e fixemos moito máis do que pensábamos facer.

Encántanlle as frases grandilocuentes como a de “un cartel patético” e eleva o ton de voz e adquire carácter teatral, pero o único cartel patético que hai nesta cidade é o que está nas instalacións do Porto de Vigo que colocou a Sra. Porro no anonimato e que di: “Obra paralizada polo Concello de Vigo”, ese é o único cartel patético Sr. Conde, porque o que tiña que poñer debaixo é en primeiro lugar a firma de quen o pon e segundo facer mención á verdade e dicir “Obra paralizada polo Xulgado Núm. 7 Presidenta do Porto imputada”. Ese debería ser o cartel, Sr. Conde. Aquí hai carteis que identifican ó Concello de Vigo, a determinadas concellerías, igual que cando estaban vostedes e nós somos o mellor exercicio de transparencia por moito que

coloquemos “Alcaldía” ou “Tenencia de Alcaldía”. Ós cidadáns non lles molesta, o que lles molesta é o convenio que asinou a Sra. Porro con ING de 500.000 euros que non sabemos onde foron parar; moléstalles que se deran unhas licencias ilegais en Finca do Conde; que a anterior alcaldesa iniciase unha campaña de publicidade cunha clara manipulación en proceso electoral de dous millóns de euros que lla tivo que parar a Xunta Electoral; iso é o que lles molesta.

A estratexia de seu ultimamente, como ben dicía o concelleiro Sr. Álvarez, é dar as costas a esta cidade. Deixen de marear, atendan a esta cidade, dá o mesmo que falemos de emprego, de xustiza; asuman estritamente as súas responsabilidades e tamén en xustiza asuman os problemas que ten esta cidade, recoñezan o que se fixo nesta cidade pola xustiza e o que fixo este goberno.

Por outra banda, Sr. Conde, é lamentable que se lle enche a boca con esas frases grandilocuentes cando di: “non se atreveron a modificar os Estatutos da Xerencia” porque esa modificación de Estatutos da Xerencia entra hoxe en vigor. Asiste Vostede a reunións e reunións, demos conta diso na última reunión do pasado venres e vostede aínda non se decatou. Pois fixemos a modificación dos Estatutos da Xerencia.

SR. CONDE GIL: Sr. López Font, culpable eu? Di que eu son culpable de algo. Culpables son vostedes de tomarlle o pelo á cidadanía, de iniciar un expediente que de momento non vale para nada. Perdoe que lle diga pero o Partido Popular presentou unha emenda ós orzamentos esixindo que fose unha determinada partida para os alleamentos e vostedes dixeron que non.

Vostedes si que son responsables de ter que modificar os orzamentos para incluír 15 millóns de euros para indemnizacións por culpa dos socialistas, son culpables de hipotecar esta cidade con resolucións xudiciais e algún día preguntarei por ese tema porque me preocupa especialmente.

Vou imitar á súa compañeira, Sra. Díaz: Igual debería vir vostedes ás reunións das comisións de xustiza e decatarse un pouco dos procedementos xudiciais xa que lle interesa tanto falar de imputacións e de mocións de censura. Se quere falamos de mocións de censura, falamos de Benidorm, da nai da Sra. Pajín, esa señora que ten tres salarios, que cobra 20.000 euros ó mes mentres hai cinco millóns de parados neste país, se quere tamén falamos diso. Por que non fala vostede de Miraflores ou da UA Nebrija ou das indemnizacións ós taxistas? Eu non teño ningunha



responsabilidade no goberno, non son quen sae na prensa dicindo: “O Concello alleará para a Cidade da Xustiza malia o acordo plenario”. “Caballero ofrece ós afectados da Cidade da Xustiza realoxarse en trinta pisos en Navia”.

O Sr. Caballero é un ditador, xa non lles está dando nin oportunidade ós veciños, xa lles quere impoñer el onde ir. Como van dar trinta pisos en Navia lévaos para alí, non sei como non os levan ós de Rosalía de Castro que fixeron vostedes ilegalmente coa Sra. Ex-presidenta do Parlamento de Galicia ó fronte e un alcalde socialista, ou ó aparcadoiro de Rosalía de Castro tamén ilegal.

Vostede xa dixo antes que as comisións son para perder o tempo. Xa se nota o pouco interese. É dicir, as comisións que crea o Partido Popular son para perder o tempo e, as que non crean vostedes saltándose os acordos plenarios? Non poden facer como na Federación veciñal e impoñer ó candidato que queren e ter unha presidenta co carné do Partido Socialista empregada do Sr. Rodríguez Díaz, iso non o poden facer cos concelleiros porque somos elixidos polo pobo e iso é o que lles gustaría a vostedes que son tan demócratas que se lles enche a boca e de demócratas non teñen nada.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Conde Gil, instando que antes do remate do mes de setembro se constituía e poña en funcionamento a comisión de xustiza, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (166).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á ALCALDÍA A ENTREGA NO PRAZO DE DEZ DÍAS DE TODA A DOCUMENTACIÓN SOLICITADA. DOC. 100096077.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de xullo, número 100096077, o concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte moción:

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

“Entre os dereitos que se recoñecen aos concelleiros e concelleiras atópase o de acceder aos antecedentes, datos, informacións que sexan necesarias para o desenvolvemento da súa función, como o sinala tanto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais como no regulamento orgánico do Concello de Vigo.

A actual Corporación infrinxe de forma reiterada ese dereito ao negar o acceso ao Grupo Municipal do PP a documentación municipal.

Esta violación do dereito dos membros do Pleno é unha mostra da política de ocultación de datos ao máis numeroso Grupo Municipal do Concello, un intento de limitar o labor de control que corresponde ao PP e de impedir o exercicio dos seus dereitos como lexítimos representantes da cidade de Vigo.

Por todo iso, o grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno para que tome o acordo seguinte:

O Alcalde de Vigo entregará aos grupos municipais no prazo de dez días, a contar desde a aprobación desta moción, toda a documentación solicitada polo Grupo Municipal do PP e comprométese a cumprir no futuro as obrigas establecidas sobre este tema na lexislación vixente e no regulamento orgánico do Concello de Vigo”.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión de data 19 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Nesta moción o Grupo municipal do Partido Popular presenta unha iniciativa pola que solicitamos que o alcalde de Vigo entregue á oposición a documentación que se solicitou ó longo destes últimos meses e anos. Presentámola porque o alcalde de forma reiterada se nega a entregar a documentación ou permitir o acceso a aquela documentación que solicita a oposición.

De forma reiterada o alcalde incumpre a normativa que outorga a todos os concelleiros o dereito de acceso a cantos datos, antecedentes e informacións obran en poder dos servizos da Corporación. Ese dereito dos concelleiros está infrinxíndose de forma reiterada e sistemática polo alcalde.

A normativa recoñece este dereito ós concelleiros pola sinxela razón de poder exercer a función de control do goberno municipal que lles corresponde. Cando se impide o exercicio deste dereito o que se quere é impedir e acernar o control que sobre o goberno municipal lles corresponde exercer ós lexítimos representantes dos vigueses. Non é sinxelamente tratar de amolar á oposición (que ó mellor tamén), trátase de facer opaca a actuación deste goberno municipal nos temas que poidan

ser delicados e trátase de crear un apagamento informativo que lle agoche á oposición e á cidade de Vigo aqueles temas que o Sr. Caballero non quere que se coñezan, porque a xestión do Sr. Caballero non é transparente.

Se examinamos a petición de vistas de documentación municipal e a petición de documentación solicitada polo Partido Popular vemos que se trata dunha política de ocultación consciente e programada, deseñada dende a Alcaldía para agochar a xestión e a actuación deste goberno, agochar todo o que non quere que se coñeza. É unha actuación programada, consciente, contra-democrática que o Sr. Caballero deseñou e aplicou porque a xestión do Sr. Caballero non é transparente.

Dende novembro do ano 2008 existen solicitudes de vista de expedientes que o alcalde nega, dende hai 615 días que se solicitaron e nin se contestou. A Lei de bases do réxime local e toda a demais normativa sinala un prazo de cinco días para contestar, o mesmo o ROF que o propio Regulamento orgánico do Concello de Vigo. O Sr. Caballero excedeuse ese prazo en 610 días e por iso dicimos que o goberno do Sr. Caballero non é transparente.

As solicitudes de información ademais non afectan a un, senón a varios departamentos municipais. A Persoal e Emprego: a relación nominal de persoal contratado polo goberno municipal, un tema que semella que é de alto segredo que non se pode facilitar a algúns concelleiros desta Corporación, outros si teñen esa disposición de acceder a esa documentación. En Urbanismo, en Vías e Obras, todo o relacionado co Plan E. En Tráfico, pero tamén en Cultura, Normalización Lingüística, Deportes e ata en Educación negan mesmo dar información sobre o número de alumnos matriculados na Escola de Artes e Oficios, non sei que terá ese tema que nin sequera permiten coñecer o número de alumnos matriculados nesa e noutras escolas municipais porque o goberno do Sr. Caballero non é transparente. Non é que exista un esquecemento, un extravío de solicitude porque algunhas solicitudes fixéronse en varias ocasións.

Os informes técnicos dos sindicatos en relación co Plan E solicitáronse en tres ocasións; a vista e copia da relación de persoal contratado solicitouse en tres ocasións; a documentación de Normalización Lingüística tamén en tres ocasións.

Non é a razón o extravío, nin sequera do esquecemento ou sinxelamente unha falla de dilixencia por parte do goberno municipal. A razón é que o Sr. Caballero non quere que se coñeza o que aparece ou non aparece neses expedientes porque o goberno do Sr. Caballero non é transparente.

Non estamos pedindo algo ó que calquera concelleiro non teña dereito. Todos os concelleiros somos da mesma condición e temos dereito ó acceso a esa información. Por que algúns concelleiros poden acceder e ven esa documentación e outros non se todos os concelleiros somos da mesma condición? Por exemplo a relación alfabética de persoas que están cobrando nómina no Concello. Por que non se lles pode dar acceso a algúns concelleiros a esa información? Por que non se pode acceder a todos estes contratos e á relación de persoal deste Concello?

Sorprendeume antes que a concelleira de Facenda dixese que se pasara toda a información do tema de contratación de persoal, a relación nominal de persoas contratadas. Eu preguntaría que a quen, como e cando a pasaron? Reclamóuselles en tres ocasións e nunca nos contestaron, mesmo contestaron para argumentar a falta de entrega desa documentación de distintas maneiras. Din que a entregaron e non é certo pero o mellor é negar absolutamente todo. Se dicimos que non nos entregaron a documentación, contestan que si.

Como Calderón de la Barca dicía en *“Mañana será otro día”*: *“Mirad, aunque convencidos los veais, negad osado, D. Juan, que lo bien negado nunca será bien creído”*. Polo tanto vostedes negan de forma absoluta porque o ben negado nunca será ben crido. Algo raro debe existir cando nalgúns temas non se facilita esa información.

Desta falta de transparencia non fala só o Partido Popular. O Valedor cualifica de hostile a Urbanismo por ignorar as súas peticións e acúsao de entorpecer a súa xestión, di que a actuación deste departamento prexudica ós cidadáns que non son atendidos nas súas lexítimas reclamacións. Iso dio o Valedor do Cidadán, polo tanto non é só o Partido Popular. Curiosamente Urbanismo é outro dos departamentos que non entrega esa documentación. Tamén organizacións independentes acreditan esta caída na transparencia da xestión municipal durante o goberno do Sr. Caballero.

No ano 2008 Vigo era o quinto concello en transparencia, todo o expediente relacionado con este informe que se elaborou e presentou no ano 2008 iniciouse no ano 2007, mesmo durante o goberno da Sra. Porro. No ano 2010 logo de dous anos de goberno do Sr. Caballero Vigo está no posto trinta e cinco, ten trinta e seis concellos por diante porque hai un empate no posto trinta e cinco, baixaron trinta postos no *ranking* de transparencia. Outros concellos melloran a súa transparencia e o Concello de Vigo non o fai, algúns chegan ata o cen por cen de transparencia. Catro concellos por diante no *ranking* nacional de transparencia, trinta e seis no ano 2010.

En transparencia económico-financeira no ano 2008 eramos os sétimos de España, no ano 2010 no *ranking* de transparencia que elabora esta organización independente caemos no posto trixésimo segundo. Transparencia en contratación de servizos: no ano 2008 eramos o concello co posto dezaseis de España e no ano 2010 o posto trixésimo sexto de España.

Por último, en canto a transparencia en materia de Urbanismo e obras públicas, no ano 2008 eramos o sétimo concello de España, había oito por diante porque estabamos empatados no posto número sete. Pero se pasamos ó ano 2010 e buscamos Vigo xa nin sequera aparece na primeira folla, temos que pasar á segunda folla porque estamos no posto corenta e sete con cincuenta e dous concellos por diante. Do posto catro ó posto corenta e sete en transparencia en materia de Urbanismo e obras públicas e a isto se lle engade o que dicía o Valedor do Cidadán de falla de colaboración, de negativa a colaborar cos cidadáns.

Chegamos á conclusión de que con D. Abel Caballero o Concello de Vigo cae no *ranking* de transparencia.

Non me digan que non é posible subir. Non hai un, hai dezasete concellos que chegan ó 100% de transparencia en materia de Urbanismo en España. O Concello de Vigo cae do posto número catro ó número corenta e sete. Esa é a xestión de dous anos de D. Abel Caballero.

Por que esta falta de transparencia? Cal é o motivo e cal é a razón? Por que o goberno do Sr. Caballero non é transparente? O outro día vimos unha desas razóns. A CIG denunciaba a existencia de empresas subcontratistas que non son de Vigo nas obras do Concello de Vigo, nin sequera son de Galicia. Por iso non facilitan a relación de empresas subcontratistas nas obras do Plan E, pedímla e non nola facilitaron porque se confirmarían as denuncias do Partido Popular que ese obxectivo de creación de emprego ou de fomento da actividade industrial e económica da cidade non se cumpriría co Plan E.

Isto é só a punta do iceberg. Houbo unha denuncia de fóra que confirmou o que facía o Partido Popular e polo tanto nesta moción só pedimos que se entregue ou facilite o acceso á documentación que como concelleiros todos temos dereito de acceso.

SR. LÓPEZ FONT: Fixo vostede, Sr. López-Chaves unha intervención que máis ben parecía unha canción, porque tal e como ía debullando as argumentacións remataba co retrouso “e o goberno do Sr. Caballero non é transparente”.

Esta é unha moción que só podería presentar vostede e ninguén máis, en primeiro lugar porque é unha moción con afirmacións incorrectas e a máis importante e a máis incorrecta é que o Concello de Vigo infrinxe normas. Isto é mentira, é totalmente falso, é tan falso que se vostede soubera que este goberno, o alcalde de Vigo D. Abel Caballero, infrinxira algunha norma, como a vostede lle encantan levar todo a ese terreo, estaría nos xulgados, estaría vostede con demandas xudiciais con todas esas citas históricas que ten e gozaría moito presentando demandas por incumprimento da norma contra o Sr. Caballero e contra os membros deste goberno municipal.

Vostede ten uns dereitos como concelleiro que se lle respectan, Sr. López-Chaves. Outra cuestión moi diferente é o espectáculo que quere vostede montar con relación a estes dereitos e, como ás veces pensa un que cando sae ben a primeira vai saír ben a segunda, iso é o que lle pasa a vostede, que foi o de espectáculo de facer gastar ó goberno da Xunta millóns de pesetas en fotocopias para coleccionar sen ningún obxectivo máis que o de entorpecer a acción administrativa do goberno do Sr. Touriño e das súas consellerías. Agora pretende aquí facer o mesmo nunha marfallada na que fala dos artigos que se deben cumprir, de que non se lle entrega a vostede documentación...

Eu sinxelamente o teño que remitir ós artigos 14, 15 e 16 do RD 2568/1986 e ó artigo 2 do noso Regulamento que transcribe estes artigos e vostede ten o dereito a pedir toda a información dirixíndose ó alcalde que é algo que a vostede lle encanta e dáaselle expresamente e senón por silencio administrativo, coido que no termo de 5 días, enténdese aceptada a súa petición.

Isto demostra, Sr. López-Chaves, que o que vostede pretende aquí é algo moi sinxelo. En primeiro lugar é falar do alcalde, cousa que a vostede lle encanta porque por calquera cuestión que pase na cidade vostede sempre vai falar do alcalde. Pero lamentablemente para vostede e como ben dicía o outro día o ministro de Fomento: "Menos mal que Vigo atopou o seu cabaleiro".

Vostede o que pretende é que se lle entregue directamente a documentación, que o alcalde e os concelleiros perdamos o tempo facilitándolla cando esta se entrega por distintos condutos. Moita da documentación e información que vostede está a solicitar, xa llo dixemos algunha vez pero o que pasa é que ten esa forma de seu de explicar as cousas e omite o que lle interesa, a contratación de persoal está en Xunta de Goberno e todos os procesos que seguiu esta Concellería de Persoal con relación á

contratación de persoal foron mediante concursos públicos, cousa que vostedes non facían cando gobernaban, e os listados están nas Xuntas de Goberno como tamén as listas das puntuacións, está na páxina web a puntuación obtida por cada aspirante. Por moito que o Sr. Martiño negue coa cabeza isto é unha realidade.

Polo tanto, cúmprese toda a normativa e no caso de que vostede coide que non se cumpre, insisto en que debería ir aos tribunais.

O colmo do descaro é en relación con ese retrouso que vostede pronunciaba anteriormente que sempre remataba coa frase: “goberno do Sr. Caballero non transparente”. Vostede leu ben a enquisa? Coido que non a leu ben porque o veredicto desta organización con respecto á transparencia no Concello de Vigo é que incrementamos a transparencia dende o ano 2008 ata hoxe. Vostede dá os datos que quere pero no ano 2008, o primeiro no que nós gobernamos, Vigo tiña unha puntuación de 80 Sr. López-Chaves, e nestes momentos, no ano 2010 obtivemos unha puntuación de 83,8, é dicir, melloramos a transparencia. Que significa que outros concellos avanzaran na súa transparencia? A nós preocúpanos o que nós facemos, preocúpanos como estamos a cumprir cos cidadáns pero é un descaro que vostede debulle un a un os indicadores.

Parécelle pouco que cando a valoración global dos concellos é do 70,2 nós esteamos 14 puntos por riba da transparencia? E isto é motivo para o retrouso da súa canción de “este goberno non é transparente”? Déixese de fixar en concellos como o número vinte e catro, Rubí, que non sei nin a poboación que ten e que é moi posible que pasaran de 0 puntos ós 87,5 que teñen. Esta cidade é o concello número trece en poboación de España, este goberno está adaptando os procedementos administrativos que vostedes non fixeron. Vostede ten que deixar de manexar cifras, mesturar ó Valedor do Cidadán e outras cousas e dicirlle valentemente ós cidadáns que o goberno do Sr. Caballero pasou de 80 puntos no 2008 a 83,8 no 2010 e o Sr. López-Chaves felicita ó alcalde; iso é o que debería facer vostede.

Logo hai outra transparencia, unha transparencia administrativa pola que nós como goberno combatemos durante tres anos e dende logo todo o relacionado con Urbanismo e co incrementamos será achacable ó Sr. Figueroa porque dende que nós chegamos o único que fixemos foi mellorar. Pero á parte dunha transparencia administrativa hai outra política, persoal e de coherencia da que ogallá deran exemplo os membros do Partido Popular. O alcalde de Vigo e máis eu temos colgada na páxina web deste Concello a nosa declaración de ingresos, de patrimonio e de

actividades, coñécena todos os cidadáns e polo tanto hai determinados comentarios sobre a situación tanto del como miña que sobran. Ogallá os candidatos á Alcaldía e outros cargos importantes do Partido Popular sometesen a exposición pública o seu patrimonio. Do mesmo modo que sería bo que algúns lle dixeran á cidadanía cantos postos de traballo teñen porque dicía o Sr. Conde que non sei quen tiña tres postos de traballo e que era un descaro pero non se decataba que na mesma fila na que se atopa tamén hai unha persoa con tres postos de traballo. Polo tanto hai unha transparencia e unha coherencia persoal que conviría que cada quen exercitásemos e niso non nos van dar ningunha lección.

Novamente digo que non hai incumprimento, vostede unha vez presentados os escritos ten ó seu dispor a todos os funcionarios e concelleiros, pero é vostede, Sr. López-Chaves, quen ten que ter sentido común, quen ten que tentar aforrarlle diñeiro a este Concello, quen ten que procurar que só se lle entreguen as copias que precisa. Vostede cre e é quen de lles dicir ós cidadáns que é lóxico que se nesta cidade se humanizaron 207 rúas se lle fagan a vostede fotocopias dos expedientes das 207 humanizacións? Iso non é un malgasto cando vostede que está todos os días no Concello pode ir consultalos?

Convén, Sr. López-Chaves, que toda esta mesma doutrina que vostede predica aquí lla pedira cando vexa ó Sr. Louzán. Cando estea con el dígalle que vostede no Pleno do Concello de Vigo pide transparencia pero fágalle a indicación de que conteste primeiro ás peticións de investimentos do Alcalde de Vigo lexítimas e en defensa desta cidade porque dende que o Sr. Louzán é presidente da Deputación nesta última época, o investimento na cidade de Vigo é cero. Hai moitos escritos, teño aquí unha parte do *dossier* da vergoña da Deputación Provincial de Pontevedra con esta cidade. Os cidadáns de Vigo o que queren é que a Deputación invista nesta cidade o que lle corresponde. Pasa o mesmo coas políticas de emprego que fan vostedes con Vigo e co Porriño, pero claro está que no Porriño fixeron unha moción de censura.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Non sei se gardar un minuto para analizar a intensa intervención do Sr. López Font que estivo coido que xenial, fabuloso, impresionante. Coido que é unha mostra da elocuencia, da convicción, é un premio Nobel, un “hidrofante da elocuencia” e un doutor en “*patafísica*”, dáo todo nesta intervención. Eu tiven dificultade para comprender dúas cousas. A primeira xa hai tempo foi o libro “El mito de la izquierda” do filósofo asturiano D. Gustavo Bueno, o creador do



materialismo filosófico e agora tamén a intervención do Sr. López Font cando fala do tema da transparencia municipal. Tamén dicía Tristan Tzara: “A mentira é éxtase” e dende logo parece que o Sr. López Font está extasiado cada vez que intervén neste Pleno, parece que lle gusta falar e ademais cada vez eleva o ton a máis e como dicía Cicerón “Nunca prestei suficiente atención ás súas posibilidades de oratoria pero en gritar vexo que está forte e adestrado”.

Sr. López Font, non distraia o tema do debate porque esa é unha forma de actuar que se utiliza. Faloume da Deputación, por que non me falou tamén da Xunta? Mágoa que non diga tamén que a Xunta non é transparente. Di André Glucksmann no seu libro “Una rabieta infantil”: “Comparar non é demostrar”. Vostede trata de comparar con outras entidades pero o que ten que demostrar aquí é que son transparentes porque dende logo o que fixeron de maneira reiterada é negar esa documentación.

Dicía vostede que repetía unha música; pois dicía Shakespeare que “O home que non ten música no seu interior non é de fiar” e dende logo a música que vostede ten é o Bolero de Ravel porque repite o mesmo cun ton cada vez máis alto pero sempre dicindo o mesmo.

En canto ó tema das fotocopias, non pedimos só fotocopias, demos a opción de fotocopias e vista, pedimos tamén a vista e non as fotocopias. Por certo, existen tamén os CD para evitaren as fotocopias.

Do diñeiro que di vostede da Xunta equívocase porque o que entregaron á Comisión de Investigación da Cidade da Cultura foi por petición do PSOE e do Bloque que querían encher á Comisión de documentación para tentar agochar o que alí estaba a suceder.

Sobre xudicializar a vida política, niso son vostedes especialistas, dende logo non é o máis axeitado nin o máis correcto, senón cumprir e respectar os dereitos dos concelleiros.

Falou aquí de fotocopia de todos os expedientes de adxudicación de obras. Pero iso non o pedimos; pedimos a relación nominal de contratados que é o que vostede se nega a entregar.

Sobre transparencia. Vostede fixo rolda de prensa no ano 2008 cando coñeceu os resultados, non a fixo nin no 2009, nin tampouco no 2010, por que será? O Xornal de Vigo no ano 2008 di: “Abel Caballero valorou moi positivamente este resultado e propón como obxectivo para o ano que vén ser o Concello número un en transparencia”. Non foi nin o un, nin o dous, nin ou tres, senón que baixou ó posto

trinta e cinco.

Falando mesmo de comparación o normal é mellorar, ir cara arriba, mellorar a transparencia, pero é que en Urbanismo mesmo baixaron respecto do ano 2008, baixaron a valoración de Urbanismo e contratación pública. No ano 2007 a valoración era de 77,8, a valoración do ano 2010 é 76,5. Non só o superan todos os concellos que subiron senón que baixaron e por certo, este ano baixan a valoración global respecto do ano pasado. Non falamos de valores absolutos, falamos do que están a facer outros concellos e vostedes non. Están perdendo postos no ranking de transparencia.

Insisto novamente en que aquí o que estamos a pedir é que entreguen esta documentación. Fomos varios concelleiros de aquí a algún departamento pediren documentación e non nola entregaron.

Vostede di que son moitas copias e nós pedimos a vista, din que o vaiamos ver e fomos. Pero non é cuestión diso, é cuestión de negar a transparencia e negarlle documentación á oposición. Logo aparece o que di a CIG, o que di o Valedor, o que di Transparencia Internacional; non é só o que di o Partido Popular, que este goberno non cumpre o que corresponde como dereitos de todos os concelleiros e que todos somos da mesma condición.

SR. LÓPEZ FONT: Se todos os clásicos que recita vostede tivesen coñecemento de que o fai e en que contexto, algún renunciaría ás súas frases.

Por iren ó concreto porque teño pouco tempo. Non ten ningún escrito de denegación de documentación e nin sequera lembra os escritos que presentou. Agora parece vostede un ánima da caridade dicindo que só pide uns listados. Eu teño un escrito do 21 de abril de 2010 no que pide: "Documentación acreditativa de realización de investimentos e remate das obras que o Concello presentou ó goberno de España, incluíndo a memoria de actuación acreditativa..." Isto non é moita documentación? O que pasa é que vostede aquí trata de disimular.

Sr. López-Chaves, está a dar un dato incorrecto. Hai un indicador que para a transparencia deste Concello valora moito o que fixemos. No ano 2008 a valoración global dos concellos era 52,1, moi baixa cando o Concello de Vigo, co primeiro ano de goberno do Sr. Caballero estaba en 80 e é mentira que baixara o 2010 con respecto ó 2009. No 2009 a valoración global dos concellos foi de 64,0, é dicir, vanse acercando a nós e neste momento, no 2010, é 70. Lémbrolle que a valoración global

deste Concello é de 83,8 e que o que nos ten que preocupar é o que facemos.

Pensei que ía dar outro dato cando falou de que en Urbanismo baixamos 1,4 décimas, pensei que ía dicir que baixábamós 800 puntos porque tal e como o presentaba así o parecía.

En canto a que neste goberno somos expertos en xudicialización, non, en absoluto. Nós somos especialistas en respectar a legalidade. Este goberno cando recorre perante as instancias xudiciais, como polas obras que se están a realizar no Porto de Vigo, é por incumprimento do organismo Autoridade Portuaria de Vigo e polo incumprimento da súa presidenta, Sra. Porro. Debemos ter moita razón cando xudicializamos a vida política porque os tribunais nos dan a razón e isto facémolo porque para nós todos os cidadáns son iguais e para vostedes non, porque cando humanizaron rúas, fixérono en Urzáiz e dúas máis e nós cando actuamos en humanizacións chegamos a todas as zonas da cidade: parroquias, barrios e rúas e actuamos en beneficio de todos os cidadáns. Pero é o mesmo que falemos de humanizacións, de servizos sociais ou de calquera tarefa deste goberno.

Eu coido sinxelamente que vostedes deben exercer de concelleiros da cidade de Vigo e fálolle e falareille da Deputación todas as veces que sexa necesario porque é unha vergoña que vostedes, os que se sentan aí, concelleiros do Concello de Vigo, estean agochando a inmensa agresión que lle está facendo o Sr. Louzán a esta cidade, estean agochando que cando o alcalde de Vigo propuxo humanizacións e investimentos vostedes, en troques de colocarse a favor desta cidade, de colocarse en defensa desta cidade o único que están a facer é agochar ó Sr. Louzán como pasou na moción da área metropolitana.

Polo tanto o ten moi sinxelo, o mesmo que pide neste Pleno pídallo ó Sr. Louzán para que a que se senta á miña dereita, Sra. Abelairas, cando o pida no Pleno da Deputación se lle entregue a documentación. Que teña o presidente da Deputación o respecto institucional que se merece o alcalde de Vigo cando lle propón que proporcionalmente haxa os mesmos investimentos aquí que no resto da provincia. Sería unha vergoña relacionar os agravios comparativos que está cometendo a Deputación Provincial con respecto a esta cidade.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Segue fascinante, Sr. López Font, coido que xa non cito un clásico, vou citar a Jhon Ford na película "*El hombre tranquilo*", como dicía Miquelino Flym, vostede está hoxe homérico na súa intervención, dende logo distraer

todas as intervencións e falar de todo menos do tema, mesmo vostede xulga ós clásicos, atrévese a citar os clásicos, eu sinxelamente os leo, non os xulgo. Deu mostra do que é ou do que non debe ser a actuación en materia política.

Vólvolle insistir que mande a documentación en CD, en *pen driver* ou deixen sinxelamente a vista porque cada vez que a pedimos non nola deixan ver, cada vez que a solicitamos non nos deixan acceder a ela e cada vez que imos un departamento non nola deixan examinar.

Que hai detrás desa documentación da relación nominal? Dixéronnos mesmo que non a poden dar pola protección de datos. Sacamos resolucións da Axencia de Protección de Datos, Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e mesmo resolucións de xustiza de Aragón do dereito dos concelleiros a acceder á relación de documentación do Concello? É un dereito dos concelleiros porque somos todos da mesma condición. Vostede preocúpese da condición de todos os concelleiros porque debería estar preocupado porque existan concelleiros que non accedan á información e á documentación que vostedes teñen.

Insisto en que baixamos respecto ó ano 2009 no que o Concello tiña 85 e agora ten 83 na valoración global. Esta documentación non se veu. Baixamos con respecto ó ano pasado e algúns concellos chegan ó 100% cando D. Abel Caballero dixo que iamos ser os primeiros. Bilbao nos superaba, fixo os deberes e agora está no 100% e non o tiña no ano 2008.

Dende logo vostedes o que están demostrando é esa finalidade de agochar a documentación, non á oposición senón en xeral á cidade de Vigo que veñen logo os sindicatos a denunciar o que o Partido Popular viña denunciando. Logo D. Abel Caballero dicía que eran xenófobos os membros do Partido Popular e agora di que vai revisar os contratos por ver se se cumpre esa normativa.

Xa que vostede nas súas intervencións dixo de todo, mesmo comparou cunha sobremesa ó presidente da Xunta, o alcalde só é un alcalde proteico que di unha cousa un día e outro outra. Proteico ven de Proteo que era un deus da antigüidade grega que se transformaba en calquera cousa. Mesmo fíxese que votou aquí unha moción hai 286 días dicindo que nos ía enviar a documentación da biblioteca pública do Estado e D. Abel Caballero nin sequera cumpre o que el vota. Dita as súas propias normas e nin sequera estas se cumpren.

Polo tanto o que estamos a facer hoxe é dar unha mostra da falta de transparencia do alcalde. Xudicializar a vida política e a vida municipal fixérono vostedes e así este

Concello tivo que pagar 15 millóns por resolucións dos gobernos do Partido Socialista e non falemos daquela época na que se falaba do imposto revolucionario que se pagaba por elevar construcións que cando o Tribunal Superior de Xustiza...

A PRESIDENCIA: Rematou o seu tempo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. López-Chaves Castro, relativa á entrega de documentación solicitada segundo o regulamento orgánico, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (167).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

-----  
S. Ordinaria 26.07.10

Abel Caballero Alvarez

M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.